

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**10074** *Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

Título preliminar. Disposicións xerais

- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Ámbito de aplicación.
- Artigo 3. Emprendedores.

Título I. Apoio á iniciativa emprendedora.

Capítulo I. Educación en emprendemento.

- Artigo 4. O emprendemento no ensino primario e secundario.
- Artigo 5. O emprendemento nas ensinanzas universitarias.
- Artigo 6. Formación do profesorado en materia de emprendemento.

Capítulo II. O emprendedor de responsabilidade limitada.

Artigo 7. Limitación de responsabilidade do emprendedor de responsabilidade limitada.

- Artigo 8. Eficacia da limitación de responsabilidade.
- Artigo 9. Publicidade mercantil do emprendedor de responsabilidade limitada.
- Artigo 10. Publicidade da limitación de responsabilidade no Rexistro da Propiedade.
- Artigo 11. Contas anuais do emprendedor individual.

Capítulo III. A sociedade limitada de formación sucesiva.

Artigo 12. Sociedade limitada de formación sucesiva.

Capítulo IV. Inicio da actividade emprendedora.

- Artigo 13. Puntos de atención ao emprendedor.
- Artigo 14. Inscripción dos emprendedores de responsabilidade limitada.
- Artigo 15. Constitución de sociedades de responsabilidade limitada mediante escritura pública e estatutos tipo.

Artigo 16. Constitución de sociedades de responsabilidade limitada sen estatutos tipo.

Artigo 17. Realización dos trámites asociados ao inicio e exercicio da actividade de empresarios individuais e sociedades.

- Artigo 18. Legalización de libros.
- Artigo 19. Organización dos rexistros.
- Artigo 20. Sectorización universal da actividade dos emprendedores.

Capítulo V. Acordo extraxudicial de pagamentos.

Artigo 21. Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Artigo 22. Servizos dos puntos de atención ao emprendedor con ocasión do cesamento da actividade.

Título II. Apoios fiscais e en materia da seguridade social aos emprendedores.

Artigo 23. Réxime especial do criterio de caixa.

Artigo 24. Réxime especial de devindicación do imposto xeral indirecto canario por criterio de caixa.

Artigo 25. Incentivos fiscais por investimento de beneficios.

Artigo 26. Incentivos fiscais ás actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, ás rendas procedentes de determinados activos intanxibles e á creación de emprego para traballadores con discapacidade.

Artigo 27. Incentivos fiscais para investimentos en empresas de nova ou recente creación e por investimento de beneficios.

Artigo 28. Cotización aplicable aos traballadores incluídos no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos nos casos de pluriactividade con xornada laboral a tempo completo ou a tempo parcial superior ao 50 por cento.

Artigo 29. Reducións á Seguridade Social aplicables aos traballadores por conta propia.

Artigo 30. Reducións e bonificacións de cotas á Seguridade Social para as persoas con discapacidade que se establezan como traballadores por conta propia.

Título III. Apoio ao financiamento dos emprendedores.

Artigo 31. Acordos de refinanciamento.

Artigo 32. Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Artigo 33. Modificación da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

Artigo 34. Cédulas e bonos de internacionalización.

Artigo 35. Capital social mínimo das sociedades de garantía recíproca.

Título IV. Apoio ao crecemento e desenvolvemento de proxectos empresariais.

Capítulo I. Simplificación das cargas administrativas.

Artigo 36. Revisión do clima de negocios a través de melloras regulatorias. Indicadores e intercambio de mellores prácticas.

Artigo 37. Simplificación de cargas administrativas.

Artigo 38. Redución das cargas estatísticas.

Artigo 39. Prevención de riscos laborais nas pemes.

Artigo 40. Libro de visitas electrónico da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 41. Apoderamentos electrónicos.

Capítulo II. Medidas para impulsar a contratación pública con emprendedores.

Artigo 42. Unións de empresarios.

Artigo 43. Elevación de limiares para a existencia de clasificación.

Artigo 44. Garantías para a contratación pública.

Artigo 45. Prohibición de discriminación a favor de contratistas previos nos procedementos de contratación pública.

Artigo 46. Redución do prazo para a devolución ou cancelación das garantías para as pemes.

Artigo 47. Redución do prazo de demora no pagamento para que o contratista poida optar á resolución contractual.

Capítulo III. Simplificación dos requisitos de información económico-financeira.

Artigo 48. Contabilidade de determinadas empresas.

Artigo 49. Formulación de contas anuais abreviadas.

Título V. Internacionalización da economía española.

Sección 1.<sup>a</sup> Fomento da internacionalización.

Capítulo I. Estratexia de fomento da internacionalización.

Artigo 50. Fomento da internacionalización da economía española.

Artigo 51. O Plan estratéxico de internacionalización da economía española.

Capítulo II. Instrumentos e organismos comerciais e de apoio á empresa.

Artigo 52. Instrumentos e organismos comerciais e de apoio á empresa.

Artigo 53. Rede exterior e territorial do Ministerio de Economía e Competitividade.

Artigo 54. ICEX España Exportación e Inversión (ICEX).

Capítulo III. Instrumentos e organismos de apoio financeiro.

Artigo 55. Sistema español de apoio financeiro oficial á internacionalización da empresa.

Artigo 56. Modificación da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, para adaptar o Fondo para Inversión no Exterior (Fie).

Artigo 57. Modificación da Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española, para adaptar o Fondo para a Internacionalización da Empresa (Fiem).

Artigo 58. Convenio de axuste recíproco de xuros (CARI).

Capítulo IV. Outros instrumentos e organismos de apoio á internacionalización.

Artigo 59. Participación española nas institucións financeiras internacionais.

Artigo 60. Xestión dos instrumentos de axuda externa da Unión Europea.

Sección 2.<sup>a</sup> Mobilidade internacional.

Capítulo I. Facilitación de entrada e permanencia.

Artigo 61. Entrada e permanencia en España por razóns de interese económico.

Artigo 62. Requisitos xerais para a estada ou residencia.

Capítulo II. Inversores.

Artigo 63. Visado de residencia para inversores.

Artigo 64. Forma de acreditación do investimento.

Artigo 65. Efectos do visado de residencia para inversores.

Artigo 66. Autorización de residencia para inversores.

Artigo 67. Duración da autorización de residencia para inversores.

Capítulo III. Emprendedores e actividade empresarial.

Artigo 68. Entrada e estada para inicio de actividade empresarial.

Artigo 69. Residencia para emprendedores.

Artigo 70. Definición de actividade emprendedora e empresarial.

Capítulo IV. Profesionais altamente cualificados.

Artigo 71. Profesionais altamente cualificados.

Artigo 72. Formación, investigación, desenvolvemento e innovación.

Capítulo V. Traslado intraempresarial.

Artigo 73. Autorización de residencia por traslado intraempresarial.

Artigo 74. Traslados intraempresariais de grupos de profesionais.

Capítulo VI. Normas xerais do procedemento de concesión de autorizacións.

Artigo 75. Visados de estadía e residencia.

Artigo 76. Procedemento de autorización.

Disposición adicional primeira. Débedas de dereito público do emprendedor de responsabilidade limitada.

Disposición adicional segunda. Integración de portelos únicos nos puntos de atención ao emprendedor.

Disposición adicional terceira. Colaboración con outros sistemas electrónicos para a constitución de sociedades.

Disposición adicional cuarta. Permiso único.

Disposición adicional quinta. Sectores estratéxicos.

Disposición adicional sexta. Residencia en España con períodos de ausencia do territorio español.

Disposición adicional sétima. Mantemento dos requisitos.

Disposición adicional oitava. Custo económico.

Disposición adicional novena. Miniempresa ou empresa de estudantes.

Disposición adicional décima. Aranceis rexistrados e notariais.

Disposición adicional décimo primeira. Achegas con cargo ao Fonprode e outras en execución de programas de cooperación internacional ao desenvolvemento.

Disposición adicional décimo segunda. Adaptación nos estatutos sociais de Cofides.

Disposición adicional décimo terceira. Mantemento electrónico dos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles.

Disposición adicional décimo cuarta. Requisitos de capital aplicables a pequenas e medianas empresas.

Disposición adicional décimo quinta. Réxime de transición para a desaparición de índices ou tipos de xuro de referencia.

Disposición adicional décimo sexta. Actividade desenvolvida en clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro.

Disposición transitoria única. Réxime transitorio en materia concursal.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria.

Disposición derradeira segunda. Modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición derradeira cuarta. Modificación do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.

Disposición derradeira quinta. Modificación da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

Disposición derradeira sexta. Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Disposición derradeira sétima. Modificación da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Disposición derradeira oitava. Modificación da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Disposición derradeira novena. Título competencial.

Disposición derradeira décima. Habilitación normativa.

Disposición derradeira décimo primeira. Seguimento e avaliación.

Disposición derradeira décimo segunda. Modificación de disposicións regulamentarias.

Disposición derradeira décimo terceira. Entrada en vigor.

## PREÁMBULO

### I

España vén atravesando unha grave e longa crise económica con agudas consecuencias sociais. Entre 2008 e 2012 destruíronse case 1,9 millóns de empresas en España, máis do 99,5 por cento delas con menos de 20 asalariados, fronte á creación de 1,7 millóns de empresas a pesar da grave situación do desemprego en España.

Tendo unicamente en conta os mozos empresarios, a situación de España vólvese especialmente dramática durante a crise, polo que o número de empresarios de 15 a 39 anos rexistrou unha caída de máis do 30 por cento desde 2007 a 2012.

Esta situación xustifica por si mesma a necesidade de emprender reformas favorables ao crecemento e á reactivación económica. As reformas non só deben aspirar a impulsar a actividade de maneira conxuntural, senón que tamén deben abordar os problemas estruturais do ámbito empresarial en España para fortalecer o tecido empresarial de forma duradeira.

Por isto, faise imprescindible proceder a unha análise sobre as características do noso tecido empresarial que resulte da identificación dos seus principais problemas.

En primeiro lugar, un dos graves problemas da economía e sociedade española é a alta taxa de desemprego xuvenil que, para o caso dos menores de 25 anos, duplica a media da UE-27.

As causas disto hai que buscalas, ademais de nalgunhas deficiencias que viñeron caracterizando o noso modelo de relacións laborais, na ausencia dunha maior iniciativa emprendedora entre os máis novos que tería levado, ante a falta de oportunidades de traballo por conta allea, a uns maiores niveis de autoemprego capaces, pola súa vez, de xerar máis emprego.

Para inverter esta situación, cómpre un cambio de mentalidade en que a sociedade valore máis a actividade emprendedora e a asunción de riscos. A pedra angular para que este cambio teña lugar é, sen dúbida, o sistema educativo.

En segundo lugar, o ámbito normativo e institucional en que se desenvolven as actividades empresariais resulta de esencial importancia para impulsar ganancias de produtividade e aforrar recursos que actualmente se dedican ao cumprimento do marco xurídico.

Durante os últimos anos abordáronse reformas que reflicten unha mellora do posicionamento de España dentro dos indicadores internacionais máis relevantes sobre a facilidade de facer negocios. Non obstante, a posición relativa de España neste ámbito continúa sendo insuficiente en moitos aspectos.

En efecto, o acceso ás actividades económicas e o seu exercicio están sometidos ao cumprimento dun complexo marco xurídico formado por normativa mercantil, sectorial e local, dispersa en normativa europea, leis e regulamentos nacionais, autonómicos e locais.

O cumprimento do marco xurídico vixente exige frecuentemente non só a contratación de servizos de asesoramento, senón tamén a dedicación de recursos humanos a este fin, o que resulta especialmente gravoso para as empresas de menor dimensión. Ademais, os réximes de autorización e os requisitos de obrigado cumprimento para os operadores supoñen en moitas ocasións verdadeiras barreiras de entrada en determinados mercados.

Por outra banda, cómpre mellorar a eficacia das políticas de apoio institucional ao emprendemento, que abranguen todas aquelas iniciativas públicas que ofrecen servizos de asistencia, información, asesoramento e fomento da cultura emprendedora ou impulsan a prestación destes servizos con carácter privado a través de esquemas de colaboración ou da concesión de axudas ou financiamento.

En terceiro lugar, as dificultades para acceder ao financiamento son un dos maiores problemas a que se enfrontan estruturalmente as empresas. Por isto resulta esencial impulsar canles de financiamento, tanto bancarias como non bancarias, que contribúan a suavizar os efectos sobre as empresas da restrición no crédito.

En cuarto lugar, existe marxe para mellorar o ámbito da investigación, o desenvolvemento e a innovación, así como na utilización das tecnoloxías da información e comunicacións, esenciais para o crecemento e a competitividade dun país. O esforzo en investigación e desenvolvemento do sector privado en España é inferior ao dos países da nosa contorna, e nun contexto de restrición orzamentaria como o actual resulta esencial a creación dun marco adecuado que favoreza o investimento privado neste ámbito.

En quinto lugar, os mercados internacionais son unha fonte esencial de crecemento nun contexto de globalización caracterizado por unha integración dos mercados cada vez maior.

A crise económica puxo de manifesto o mellor comportamento das empresas internacionalizadas e a importancia da internacionalización como factor de crecemento e diversificación do risco. As empresas internacionalizadas experimentan ganancias de produtividade, melloras na xestión, mellor capacidade de acceso ao financiamento e son, en definitiva, as que teñen maior capacidade para crecer e crear emprego. A internacionalización revélase máis que nunca como un motor clave do crecemento económico a longo prazo da economía española pola súa relación coa competitividade e os incrementos de produtividade.

Ademais, os fluxos internacionais están cambiando a velocidade moito maior do que a nosa Administración estivo disposta a adaptarse nos últimos anos. As empresas teñen que desenvolver políticas e prácticas específicas para apoiar a súa expansión noutros países e a Administración española debe axustar os seus procesos para apoiar estes movementos a escala global. Neste sentido, o número de profesionais e directivos que ten España coas capacidades necesarias para xestionar a internacionalización empresarial é, nalgúns supostos, insuficiente e resulta necesario que profesionais estranxeiros en ámbitos moi específicos veñan formar españois ou formarse eles en España.

Tradicionalmente, a política de inmigración enfocouse unicamente cara á situación do mercado laboral. Agora corresponde ampliar a perspectiva e ter en conta non só a situación concreta do mercado laboral interno, senón tamén a contribución ao crecemento económico do país. A política de inmigración é cada vez en maior medida un elemento de competitividade. A admisión, nos países da nosa contorna, de profesionais cualificados é unha realidade internacional que, a nivel global, se calcula que representa un 30 por cento da emigración económica internacional.

Fronte a esta realidade, a maior parte dos países da OCDE están implantando novos marcos normativos que son, sen dúbida, un elemento de competitividade. A OCDE identificou como un factor básico para favorecer o emprendemento o contorno institucional e regulatorio do Estado de acollida. Por isto, os países máis avanzados dispoñen xa de sistemas especialmente deseñados para atraer investimento e talento, caracterizados por procedementos áxiles e canles especializadas.

## II

O título preliminar –«Disposicións xerais»– establece o obxecto, ámbito de aplicación e a definición de emprendedor. O concepto de emprendedor defínese de forma ampla como aquela persoa, independentemente da súa condición de persoa física ou xurídica, que vai desenvolver ou está a desenvolver unha actividade económica produtiva. Así, preténdese que as medidas da lei poidan beneficiar todas as empresas, con independencia do seu tamaño e da etapa do ciclo empresarial en que se encontren. Isto sen prexuízo de que determinadas disposicións da lei acouten o ámbito dalgunhas medidas a certos emprendedores, fundamentalmente en función do seu tamaño ou do estadio en que se encontren.

O título I –«Apoio á iniciativa emprendedora»– contén unha serie de medidas en diversos ámbitos para incentivar a cultura emprendedora e facilitar o inicio de actividades empresariais.

No capítulo I –«Educación en emprendemento»– incorpóranse medidas para que os mozos adquiren, a través do sistema educativo, as competencias e habilidades requiridas para emprender.

A idea do emprendedor e da cultura empresarial como elementos indispensables para o desenvolvemento económico e social de España introduciuse de forma expresa nalgunhas etapas educativas, pero considérase necesario subliñar e ampliar este elemento incorporándoo como obxectivo específico en todas as etapas da educación básica, así como na formación profesional e no bacharelato. Consecuentemente, encoméndaselles ás administracións educativas a revisión e adecuación dos currículos das ensinanzas regradas a estes novos obxectivos.

Para fomentar a cultura do emprendemento resulta necesario prestar especial atención ás ensinanzas universitarias, de modo que as universidades leven a cabo tarefas de información e asesoramento para que os estudantes se inicien no emprendemento.

Para efectos de promover a través do sistema educativo a cultura do emprendemento, é esencial que o profesorado reúna as competencias e habilidades necesarias para cumprir de forma eficaz tal obxectivo. Para tal efecto, establécense medidas que inciden tanto sobre a formación inicial como sobre a formación permanente do profesorado, sempre en colaboración coas comunidades autónomas.

Ademais, as medidas que esta lei introduce no ámbito educativo deben completarse coas da Lei orgánica para a mellora da calidade educativa, que prevé a estimulación do espírito emprendedor a través da posibilidade de elección das traxectorias educativas máis adecuadas e da creación das condicións para que todos os alumnos poidan adquirir e expresar os seus talentos.

No capítulo II –«O emprendedor de responsabilidade limitada»– créase unha nova figura, o emprendedor de responsabilidade limitada, grazas á cal as persoas físicas poderán evitar que a responsabilidade derivada das súas débedas empresariais afecte a súa vivenda habitual baixo determinadas condicións.

O empresario é libre de constituírse en emprendedor de responsabilidade limitada, pero se o fai deberá cumprir as obrigas establecidas no novo marco xurídico.

A creación desta figura vai acompañada das oportunas garantías para os acredores e para a seguridade xurídica no tráfico mercantil. Neste sentido, a operatividade da limitación de responsabilidade queda condicionada á inscrición e publicidade a través do Rexistro Mercantil e do Rexistro da Propiedade.

Conforme a disposición adicional primeira desta lei, exceptúanse da limitación de responsabilidade as débedas de dereito público. Os procedementos de execución destas débedas serán os establecidos na súa normativa especial, coas especialidades previstas na citada disposición adicional primeira.

O capítulo III –«Sociedade limitada de formación sucesiva»– prevé a creación dunha nova figura de sociedade, a sociedade limitada de formación sucesiva (SLFS), sen capital mínimo, cuxo réxime será idéntico ao das sociedades de responsabilidade limitada, excepto certas obrigas específicas tendentes a garantir unha adecuada protección de terceiros. Esta figura inspírase nas reformas adoptadas por outros países da nosa contorna (Alemaña, Bélxica) e o seu obxectivo é abaratar o custo inicial de constituír unha sociedade. Para garantir unha adecuada protección de terceiros, prevese un réxime especial para este subtipo societario mentres que a sociedade non alcance voluntariamente o capital social mínimo para a constitución dunha sociedade de responsabilidade limitada.

Estas sociedades estarán sometidas a límites e obrigas para reforzar os seus recursos propios e para impulsar que estas empresas medren a través do autofinanciamento (investimento dos resultados da actividade empresarial). En particular, endurecese o deber de dotación de reserva legal (sempre se deberá dotar por un vinte por cento do beneficio) e prohibese a distribución de dividendos ata que o patrimonio neto alcance o capital mínimo requirido para as sociedades de responsabilidade limitada. Así mesmo, límitase a retribución anual dos socios e administradores, que non poderá exceder o vinte por cento do beneficio do patrimonio neto. Ademais, en caso de liquidación, os socios e

administradores das sociedades limitadas de formación sucesiva responderán solidariamente do desembolso do capital mínimo requirido para as sociedades de responsabilidade limitada, se o patrimonio é insuficiente para atender o pagamento das obrigas.

O capítulo IV –«Inicio da actividade emprendedora»– introduce medidas para axilizar o inicio da actividade dos emprendedores.

Por unha banda, créanse os puntos de atención ao emprendedor, que serán portelos únicos electrónicos ou presenciais a través dos cales se poderán realizar todos e cada un dos trámites para o inicio, exercicio e cesamento da actividade empresarial. Garántese a existencia de, polo menos, un punto de atención ao emprendedor electrónico no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, que prestará a totalidade dos servizos previstos nesta lei. Este punto nace da integración dos múltiples portelos que hoxe existen de asistencia no inicio da actividade a nivel estatal. Por outro lado, os emprendedores poderán constituírse de forma áxil, tanto como empresarios de responsabilidade limitada como en forma societaria, a través de sistemas telemáticos.

O capítulo V –«Acordo extraxudicial de pagamentos»– prevé un mecanismo de negociación extraxudicial de débedas de empresarios, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, similar aos existentes nos países próximos. Na situación económica actual, son necesarios tanto cambios na cultura empresarial como normativos, co obxecto de garantir que o fracaso non cause un empobrecemento e unha frustración tales que inhiban o empresario de comezar un novo proxecto e pase a ser un medio para aprender e progresar.

O procedemento, como aconsellan todos os estudos de dereito comparado, é moi flexible e substánciase, extraxudicialmente, en brevísimos prazos ante funcionarios idóneos pola súa experiencia e cualificación, como son o rexistrador mercantil ou o notario, aínda que, como ocorre cos acordos de refinanciamento, se limitarán a designar un profesional idóneo e independente que impulse a avinza e a asegurar que se cumpran os requisitos de publicación e publicidade rexistral necesarios para levar a bo termo os fins perseguidos co acordo.

É responsabilidade do negociador impulsar os trámites dun procedemento moi sinxelo en que, polo menos, se discipline minimamente a convocatoria de todos os acredores do debedor común, aos cales se incentiva a asistencia á reunión. Na reunión, á vista dunha proposta avanzada polo negociador, discútese o plan de pagamentos ou o eventual acordo de cesión de bens en pagamento de débedas. Por outra parte, a lei é xenerosa no recoñecemento das posibilidades de negociación de débedas, de maneira que se poden pactar quitacións de ata o vinte e cinco por cento dos créditos e esperas de ata tres anos.

O procedemento fracasa cando non se alcanza un acordo ou cando o negociador constata o incumprimento. Nestes casos, o procedemento serve de tránsito ao concurso coas especialidades adecuadas.

A reforma inclúe unha regulación suficiente da exoneración de débedas residuais nos casos de liquidación do patrimonio do debedor que, declarado en concurso, directo ou consecutivo, non tiver sido declarado culpable da insolvencia, e sempre que quede un limiar mínimo do pasivo satisfeito.

O título II –«Apoios fiscais e en materia de seguridade social aos emprendedores»– contén diversas medidas fiscais e en materia de seguridade social de apoio ao emprendedor.

Para paliar os problemas de liquidez e de acceso ao crédito das empresas créase, no ámbito do imposto sobre o valor engadido, un réxime especial do criterio de caixa.

A posibilidade de adoptar este réxime especial encóntrase contida no artigo 167 bis da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido, precepto que resulta de aplicación desde o pasado 1 de xaneiro de 2013.

A nova regulación comunitaria permítelles aos Estados membros establecer un réxime optativo, que se coñece como criterio de caixa dobre, para os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións non supere os 2.000.000 de euros, réxime conforme o cal os



suxeitos pasivos do imposto poden optar por un sistema que atrasa a devindicación e a conseguinte declaración e ingreso do IVE repercutido na maioría das súas operacións comerciais ata o momento do cobramento, total ou parcial, aos seus clientes, coa data límite do 31 de decembro do ano inmediato posterior a aquel en que se efectuasen as operacións.

Non obstante, para evitar situacións que poidan incentivar o atraso no cumprimento das súas propias obrigas comerciais, a normativa comunitaria establece que os suxeitos pasivos verán retardada igualmente a dedución do IVE soportado nas súas adquisicións ata o momento en que efectúen o pagamento destas aos seus provedores, e co mesmo límite do 31 de decembro do ano inmediato posterior a aquel en que se efectuasen as operacións.

O novo réxime especial optativo para o suxeito pasivo determinará a súa aplicación para todas as súas operacións, con algunhas excepcións como as operacións intracomunitarias e as sometidas a outros réximes especiais do imposto.

Por último, prevese, así mesmo, a devindicación das cotas repercutidas e a dedución das cotas soportadas respecto das operacións ás cales fose de aplicación o réxime especial, que aínda estean pendentes de devindicación ou dedución nos supostos de concurso de acredores e de modificación de base impositiva por créditos incobrables.

En relación co imposto sobre sociedades, establécese, en primeiro lugar, co obxecto de fomentar a capitalización empresarial e o investimento en activos novos do inmovilizado material ou investimentos inmobiliarios, afectos a actividades económicas, unha nova dedución por investimento de beneficios para aquelas entidades que teñan a condición de empresas de reducida dimensión, vinculada á creación dunha reserva mercantil de carácter indispoñible. Esta medida supón unha tributación reducida para aquela parte dos beneficios empresariais que se destine ao investimento, respecto dos que sexan obxecto de distribución, por canto os primeiros quedarán sometidos, con carácter xeral, a un tipo de gravames do quince por cento.

Adicionalmente, tendo en conta a necesidade de mellorar a aplicación práctica dos incentivos fiscais vinculados ás actividades de investigación e desenvolvemento, establécese a opción de proceder á súa aplicación sen quedar sometida esta dedución a ningún límite na cota íntegra do imposto sobre sociedades e, se for o caso, proceder ao seu aboamento, cun límite máximo conxunto de 3 millóns de euros anuais, aínda que cunha taxa de desconto respecto ao importe inicialmente previsto da dedución. Esta posibilidade require un mantemento continuado na realización destas actividades de investigación e desenvolvemento e do nivel de cadro de persoal empresarial, co obxecto de resultar dispoñible para aquelas entidades que son auténticas precursoras deste tipo de actividades no noso país.

Así mesmo, modifícase o réxime fiscal aplicable ás rendas procedentes de determinados activos intanxibles, en coherencia co existente en países da nosa contorna. Neste sentido, preténdese que o incentivo recaia sobre a renda neta derivada do activo cedido e non sobre os ingresos procedentes deste, para evitar posibles supostos de desimposición non desexados pola norma. Amplíase, por outra parte, a aplicación do réxime fiscal, para os activos que se xeren na entidade cedente de forma substancial e para os supostos de transmisión dos activos intanxibles. Por último, para proporcionar seguridade xurídica na aplicación deste incentivo, poderanse solicitar á Administración tributaria acordos previos que versen sobre a cualificación dos activos como válidos para efectos deste réxime fiscal, así como a valoración dos ingresos e gastos relacionados coa súa cesión, ou ben exclusivamente sobre a valoración dos referidos ingresos e gastos.

Co obxecto de favorecer a captación por empresas, de nova ou recente creación, de fondos propios procedentes de contribuíntes que, ademais do capital financeiro, acheguen os seus coñecementos empresariais ou profesionais adecuados para o desenvolvemento da sociedade na cal invisten, investidor de proximidade ou «business angel», ou daqueles que só estean interesados en achegar capital, capital semente, establécese un novo incentivo fiscal no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Terase dereito a unha dedución na cota estatal do IRPF con ocasión do investimento realizado na empresa de nova ou recente creación. No posterior desinvestimento, que se terá que producir nun prazo entre tres e doce anos, declárase exenta a ganancia patrimonial que, de ser o caso, se obteña, sempre e cando se reinvista noutra entidade de nova ou recente creación.

Como consecuencia do anterior, suprímese o réxime fiscal establecido para investimentos en empresas de nova ou recente creación polo Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa, aínda que, seguindo o principio de seguridade xurídica, se incorpora un réxime transitorio para os investimentos efectuados con anterioridade.

Adicionalmente, introdúcese as modificacións necesarias para a aplicación da nova dedución por investimento de beneficios aos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Por último, para non penalizar excesivamente os traballadores que coticen no réxime xeral e que están obrigados a cotizar noutro réxime a tempo completo cando realizan unha actividade económica alternativa, redúcense as cotas da Seguridade Social de forma que aliviará a actual penalización e se incentivará a pluriactividade, estimulando novas altas no réxime especial de traballadores autónomos. Isto facilitaría o control das actividades non declaradas e que supoñen unha grave competencia desleal cara aos autónomos que si as declaran.

O título III –«Apoio ao financiamento dos emprendedores»– prevé medidas para apoiar o financiamento dos emprendedores.

Modifícase a Lei concursal na materia preconcursal dos acordos de refinanciamento cun dobre propósito: dunha parte, para regular dunha maneira máis completa e á par máis flexible o procedemento rexistral de designación dos expertos, de maneira que se poida solicitar do rexistrador o seu nomeamento e seguir o procedemento sen necesidade de que o acordo estea concluído ou o plan de viabilidade pechado; doutra parte, para incluír unha regra máis flexible e máis clara do cómputo da maioría do pasivo que subscribe o acordo e que constitúe o requisito legal mínimo para a súa potestativa homologación xudicial.

Adicionalmente, o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, introduciu un novo instrumento financeiro que emitirán as entidades de crédito coñecido como «cédulas de internacionalización». Trátase dun activo garantido por préstamos concedidos pola entidade que están destinados á internacionalización de empresas.

Coas modificacións que agora se levan a cabo, perséguense dous obxectivos. Por unha banda, perfeccionar o marco regulatorio das cédulas de internacionalización, engadindo máis claridade aos activos que serven como cobertura. Por outra banda, crear un novo instrumento, os «bonos de internacionalización», coa finalidade de engadir maior flexibilidade á emisión de títulos que teñan como cobertura préstamos vinculados á internacionalización.

O título IV –«Apoio ao crecemento e desenvolvemento dos proxectos empresariais»– dedícase a medidas para fomentar o crecemento empresarial.

O capítulo I –«Simplificación de cargas administrativas»– prevé diversas medidas de redución de cargas administrativas. En primeiro lugar, revisarase o clima de negocios a través da mellora da regulación das actividades económicas. Por outro lado, establécese que, para reducir as cargas administrativas a que se enfrontan os emprendedores, as administracións públicas deberanse asegurar de eliminar polo menos unha carga por cada unha que introduzan e sempre a custo equivalente.

En terceiro lugar, garántese que os empresarios non deban contestar máis dunha enquisa para o Instituto Nacional de Estatística durante o primeiro ano de actividade, se teñen menos de cincuenta traballadores. Así mesmo, de acordo coa Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, evitando na medida do posible a reiterada consulta

aos emprendedores cando están iniciando a súa andaina empresarial, os servizos estatais de estatística terán acceso aos datos que consten en fontes administrativas das administracións públicas para a elaboración de estatísticas para fins estatais.

En cuarto lugar, ampliáanse os supostos en que as pemes poderán asumir directamente a prevención de riscos laborais, en caso de empresarios cun único centro de traballo e ata vinte e cinco traballadores.

En quinto lugar, elimínase a obriga de que as empresas teñan, en cada centro de traballo, un libro de visitas á disposición dos funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social. No seu lugar, será a Inspección de Traballo a que se encargue de manter esa información a partir do libro electrónico de visitas que desenvolva a autoridade central da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

O capítulo II –«Medidas para impulsar a contratación pública con emprendedores»– establece medidas para eliminar obstáculos ao acceso dos emprendedores á contratación pública, de forma que esta poida actuar como unha auténtica panca á expansión e consolidación de empresas.

En primeiro lugar, para poñer en contacto pequenos emprendedores que se dediquen a unha mesma actividade, prevese a posibilidade de que os empresarios se poidan dar de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado. O obxectivo destas medidas é fomentar a creación de unións de empresarios co fin de que en conxunto alcancen as condicións que se lles exigen nos pregos de contratación.

En segundo lugar, elévanse os limiares para a exigencia da clasificación nos contratos de obras e de servizos, que vén sendo unha pexa para moitas empresas, especialmente para aquelas de menor tamaño ou de nova creación, xa que non logran cumprir con todos os requisitos exixidos para obteren a correspondente clasificación.

En particular, nos contratos de obras o limiar elévase en 150.000 euros, de forma que pasa de 350.000 euros a 500.000 euros, e 80.000 euros para os contratos de servizos, que pasan de 120.000 a 200.000 euros.

En terceiro lugar, prevese que a garantía nos contratos de obra se poida constituír mediante retención no prezo e acúrtanse os prazos para a devolución de garantías, que pasa de doce meses a seis meses en caso de que a empresa adxudicataria sexa unha pequena e mediana empresa.

En cuarto lugar, inclúese na lei a prohibición de discriminar a favor de contratistas previos nos procedementos de contratación pública e decláranse nulos de pleno dereito os actos e as disposicións que outorguen estas vantaxes.

Ademais, para reducir as cargas administrativas que teñen que soportar as empresas nos procedementos de contratación administrativa, prevese que os licitadores poidan achegar unha declaración responsable na cal indiquen que cumpren as condicións legalmente establecidas para contratar coa Administración. Así, só o licitador a favor do cal recaia a proposta de adxudicación deberá presentar toda a documentación que acredite que cumpre as mencionadas condicións.

Por último, co fin de loitar contra a morosidade, redúcese de 8 a 6 meses o prazo de demora para solicitar a resolución do contrato en caso de que a empresa adxudicataria sexa unha peme, e inclúese un novo artigo para permitir un maior control por parte das administracións públicas dos pagamentos que os contratistas adxudicatarios deben facer aos subcontratistas.

No capítulo III –«Simplificación dos requisitos de información económico- financeira»– flexibilízanse as exigencias de contabilidade das empresas de menor dimensión, en cumprimento do principio de proporcionalidade.

Cabe destacar, neste capítulo, a elevación dos limiares para a formulación do balance abreviado, para aproximalos aos da directiva comunitaria, de forma que máis empresas poidan optar por formular tamén a memoria abreviada e estean exentas de elaborar o estado de fluxos de efectivo.

O título V –«Internacionalización da economía española»– componse de dúas seccións.

A sección 1.<sup>a</sup> –«Fomento da internacionalización»– reforza o marco institucional de fomento á internacionalización, así como algúns dos principais instrumentos financeiros de apoio a esta.

O capítulo I –«Estratexia de fomento da internacionalización»– introduce un proceso transparente de definición conxunta entre o sector público e privado dunha estratexia española de internacionalización, que se plasmará no Plan estratéxico de internacionalización da economía española, cunha periodicidade definida e dirixido polo Ministerio de Economía e Competitividade.

O capítulo II –«Instrumentos e organismos comerciais e de apoio á empresa»– diríxese ao fortalecemento do Servizo Exterior do Estado e dos organismos de apoio á internacionalización, potenciando, por unha banda, a actuación da Rede exterior e territorial do Ministerio de Economía e Competitividade, composta polas oficinas económicas e comerciais de España no exterior integradas nas misións diplomáticas ou as representacións permanentes, e as direccións territoriais e provinciais de economía e comercio e reforzando, por outro lado, o papel de ICEX España Exportación e Inversións como organismo de impulso da internacionalización e competitividade das empresas españolas en todas as súas fases do proceso de internacionalización.

O capítulo III –«Instrumentos e organismos de apoio financeiro»– afronta a dificultade de acceso ao crédito das empresas españolas. Para isto, sistematízanse os organismos financeiros da acción do Goberno en materia de internacionalización da economía española e as empresas (o Instituto de Crédito Oficial, a Compañía Española de Financiación del Desarrollo e a Compañía Española de Seguro de Crédito a la Exportación, S.A.), así como os instrumentos de apoio financeiro, o que require o reforzo dos instrumentos dispoñibles polos distintos actores do sector público no ámbito da internacionalización, en especial aqueles en mans do Instituto de Crédito Oficial (ICO), a Compañía Española de Financiación del Desarrollo Cofides, S.A. (Cofides), o Fondo para a Internacionalización da Empresa (Fiem) e a Compañía Española de Seguro de Crédito a la Exportación, S.A. (CESCE).

Adicionalmente, refórzanse algúns destes instrumentos de apoio financeiro (o Fondo para Inversións no Exterior, Fiex; o Fondo para a Internacionalización da Empresa, Fiem; e o Convenio de axuste recíproco de xuros), mediante a incorporación de diferentes modificacións dirixidas a mellorar a súa xestión, eliminar determinadas restricións e ampliar o seu ámbito de actuación.

No capítulo IV –«Outros instrumentos e organismos de apoio á internacionalización»– desenvólvense os mecanismos necesarios para fomentar que as empresas españolas teñan un maior acceso aos proxectos abertos a concurso polas institucións financeiras internacionais noutros países.

A sección 2.<sup>a</sup> –«Mobilidade internacional»– regula determinados supostos nos cales, por razóns de interese económico, se facilita e axiliza a concesión de visados e autorizacións de residencia, co obxecto de atraer investimento e talento a España. A medida diríxese aos investidores, emprendedores, traballadores que efectúen movementos intraempresariais, profesionais altamente cualificados e investigadores, así como aos cónxuxes e fillos maiores, a través dun procedemento áxil e rápido ante unha única autoridade, e por un prazo variable en función dos distintos casos previstos. Estas autorizacións de residencia terán validez en todo o territorio nacional.

No que se refire ás disposicións adicionais, a primeira establece o réxime aplicable ás débedas de dereito público dos emprendedores de responsabilidade limitada. Para o cobramento destas débedas poderase embargar a vivenda habitual, segundo o procedemento especial de embargamento previsto na súa normativa específica.

Prevese, a través do resto das disposicións adicionais, a integración dos portelos únicos existentes a nivel estatal no Punto de Atención ao Emprendedor, a colaboración con outros sistemas electrónicos con ocasión da constitución de sociedades utilizando o documento único electrónico e unha serie de disposicións para a aplicación da sección 2.<sup>a</sup> do título V, entre as cales destacan a tramitación das autorizacións a través do procedemento único de solicitude dun permiso único e a non aplicación do criterio

da situación nacional de emprego para as autorizacións reguladas. Así mesmo, recoñécese a «miniempresa» ou empresa de estudantes como ferramenta pedagóxica a través da cal se poderán realizar transaccións económicas e monetarias, emitir facturas e abrir contas bancarias. Estas empresas durarían un ano, prorrogable a dous, transcorridos os cales se liquidarían. Os estudantes poderían, a través delas, realizar transaccións reais, sen necesidade de embarcarse no risco que supón crear unha empresa real. Por último, régúlase o réxime de transición para a completa desaparición de determinados índices ou tipos de referencia privados de carácter oficial pola Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, de transparencia e protección do cliente bancario.

A disposición derogatoria derroga expresamente a Lei 11/1983, do 16 de agosto, de medidas financeiras de estímulo á exportación; o artigo 13 bis da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro; o artigo 9.2 da Orde ITC/138/2009, do 28 de xaneiro de 2009, pola que se regulan diversos aspectos relacionados coa concesión de apoio oficial ao crédito á exportación mediante convenios de axuste recíproco de xuros; as alíneas a) a f), ambas as dúas incluídas, do número un do artigo 5; as alíneas a) e b) do número dous e o número tres do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego; e, por último, con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2013, queda derogado o número 3 da disposición adicional décima do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

En canto ao contido das disposicións derradeiras, especifícase o título competencial polo que se modifica cada norma e prevese, a través da modificación do Estatuto do traballador autónomo, unha medida adicional destinada a facilitar unha segunda oportunidade aos autónomos afectados por un procedemento administrativo de execución de débedas, consistente na ampliación, dun a dous anos, do prazo que debe mediar entre a notificación da primeira dilixencia de embargamento e a realización material da poxa, o concurso ou calquera outro medio administrativo de alleamento, cando afecte a residencia habitual dun autónomo.

Así mesmo, modifícase a Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, para ampliar, de 300 a 500 metros cadrados, o limiar de superficie máxima dos establecementos que estarán exentos de licenza municipal, así como para ampliar, a corenta e tres actividades adicionais, o anexo da citada lei, que contén a lista de actividades exentas de solicitar unha licenza municipal.

Por último, habilítase o Goberno para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da lei e prevese a súa entrada en vigor, que, en xeral, se produce o día seguinte ao da súa publicación, salvo para o capítulo V do título I, relativo ao acordo extraxudicial de pagamentos, as medidas tributarias e o artigo 35, relativo á cifra mínima do capital social das sociedades de garantía recíproca, para os cales se establecen distintas datas para a súa entrada en vigor.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto apoiar o emprendedor e a actividade empresarial, favorecer o seu desenvolvemento, crecemento e internacionalización e fomentar a cultura emprendedora e un ambiente favorable á actividade económica, tanto nos momentos iniciais a comezar a actividade, como no seu posterior desenvolvemento, crecemento e internacionalización.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei é de aplicación a todas as actividades económicas e de fomento da internacionalización realizadas polos emprendedores no territorio español.

Artigo 3. *Emprendedores.*

Considéranse emprendedores aquelas persoas, independentemente da súa condición de persoa física ou xurídica, que desenvolvan unha actividade económica empresarial ou profesional, nos termos establecidos nesta lei.

## TÍTULO I

### Apoio á iniciativa emprendedora

#### CAPÍTULO I

#### Educación en emprendemento

Artigo 4. *O emprendemento no ensino primario e secundario.*

1. Os currículos de educación primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional incorporarán obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación da formación orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, á adquisición de competencias para a creación e o desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial.

2. As administracións educativas fomentarán as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Artigo 5. *O emprendemento nas ensinanzas universitarias.*

1. Promoveranse as iniciativas de emprendemento universitario para achegar os mozos universitarios ao mundo empresarial.

2. As universidades fomentarán a iniciación de proxectos empresariais, facilitarán información e axuda aos estudantes e tamén promoverán encontros con emprendedores.

Artigo 6. *Formación do profesorado en materia de emprendemento.*

1. O persoal docente que imparte as ensinanzas que integran o sistema educativo deberá adquirir as competencias e habilidades relativas ao emprendemento, á iniciativa empresarial, á igualdade de oportunidades no ámbito empresarial, e á creación e desenvolvemento de empresas, a través da formación inicial ou da formación permanente do profesorado.

2. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, en colaboración coas comunidades autónomas, promoverá que os programas de formación permanente do profesorado inclúan contidos referidos ao emprendemento, á iniciativa empresarial e á creación e desenvolvemento de empresas.

## CAPÍTULO II

**O emprendedor de responsabilidade limitada***Artigo 7. Limitación de responsabilidade do emprendedor de responsabilidade limitada.*

O emprendedor persoa física, calquera que sexa a súa actividade, poderá limitar a súa responsabilidade polas débedas que deriven do exercicio desta actividade empresarial ou profesional mediante a asunción da condición de «emprendedor de responsabilidade limitada», unha vez cumpridos os requisitos e nos termos establecidos neste capítulo.

*Artigo 8. Eficacia da limitación de responsabilidade.*

1. Por excepción do que dispoñen o artigo 1.911 do Código civil e o artigo 6 do Código de comercio, o emprendedor de responsabilidade limitada poderá obter que a súa responsabilidade e a acción do acreedor, que teña orixe nas débedas empresariais ou profesionais, non alcance o ben non suxeito de acordo co número 2 deste artigo e sempre que esta non vinculación se publique na forma establecida nesta lei.

2. Poderase beneficiar da limitación de responsabilidade a vivenda habitual do debedor sempre que o seu valor non supere os 300.000 euros, valorada conforme o disposto na base imponible do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados no momento da inscrición no Rexistro Mercantil.

No caso de vivendas situadas en poboación de máis de 1.000.000 de habitantes aplicarase un coeficiente do 1,5 ao valor do parágrafo anterior.

3. Na inscrición do emprendedor no rexistro mercantil correspondente ao seu domicilio indicarse o ben inmovible, propio ou común, que se pretende que non teña que quedar obrigado polas resultas do xiro empresarial ou profesional por cumprir co número 2 deste artigo.

4. Non se poderá beneficiar da limitación de responsabilidade o debedor que actuase con fraude ou negligencia grave no cumprimento das súas obrigas con terceiros, sempre que así conste acreditado por sentenza firme ou en concurso declarado culpable.

*Artigo 9. Publicidade mercantil do emprendedor de responsabilidade limitada.*

1. A condición de emprendedor de responsabilidade limitada adquirirse mediante a súa constancia na folla aberta a este no rexistro mercantil correspondente ao seu domicilio. Ademais das circunstancias ordinarias, a inscrición conterá unha indicación do activo non afecto conforme os números 1 e 2 do artigo 8 desta lei e practicarase na forma e cos requisitos previstos para a inscrición do empresario individual. Será título para inmatricular o emprendedor de responsabilidade limitada a acta notarial que presentará obrigatoriamente o notario de maneira telemática no mesmo día ou no seguinte hábil ao da súa autorización no Rexistro Mercantil ou a instancia subscrita coa sinatura electrónica recoñecida do empresario e remitida telematicamente ao dito rexistro.

2. O emprendedor inscrito deberá facer constar en toda a súa documentación, con expresión dos datos rexistrados, a súa condición de «emprendedor de responsabilidade limitada» ou mediante a adición ao seu nome, apelidos e datos de identificación fiscal das siglas «ERL».

3. Salvo que os acredores prestaren o seu consentimento expresamente, subsistirá a responsabilidade universal do debedor polas débedas contraídas con anterioridade á súa inmatriculación no Rexistro Mercantil como emprendedor individual de responsabilidade limitada.

4. O Colexio de Rexistradores, baixo a supervisión do Ministerio de Xustiza, manterá un portal público de libre acceso en que se divulgarán sen custo para o usuario os datos relativos aos emprendedores de responsabilidade limitada inmatriculados.

Artigo 10. *Publicidade da limitación de responsabilidade no Rexistro da Propiedade.*

1. Para a súa opoñibilidade a terceiros, a non suxeición da vivenda habitual ás resultas do tráfico empresarial ou profesional deberase inscribir no Rexistro da Propiedade, na folia aberta ao ben.

2. Inmatriculado o emprendedor de responsabilidade limitada, o rexistrador mercantil expedirá certificación e remitiraa telematicamente ao rexistrador da propiedade de forma inmediata, sempre dentro do mesmo día hábil, para a súa constancia no asento de inscrición da vivenda habitual daquel emprendedor.

3. Practicada a inscrición a que se refire o primeiro punto deste artigo, o rexistrador denegará a anotación preventiva do embargamento trabado sobre o ben non suxeito a menos que do mandamento resulte que se aseguran débedas non empresariais ou profesionais ou se trate de débedas empresariais ou profesionais contraídas con anterioridade á inscrición de limitación de responsabilidade, ou de obrigas tributarias ou coa Seguridade Social.

4. No caso de alleamento a un terceiro dos bens non suxeitos, extinguirase respecto destes a non vinculación ás resultas do tráfico e a non afección poderase trasladar aos bens subrogados por nova declaración de alta do interesado.

Artigo 11. *Contas anuais do emprendedor individual.*

1. O emprendedor de responsabilidade limitada deberá formular e, se é o caso, someter a auditoría as contas anuais correspondentes á súa actividade empresarial ou profesional de conformidade co previsto para as sociedades unipersoais de responsabilidade limitada.

2. O emprendedor de responsabilidade limitada deberá depositar as súas contas anuais no Rexistro Mercantil.

3. Transcorridos sete meses desde o peche do exercicio social sen que se depositasen as contas anuais no Rexistro Mercantil, o emprendedor perderá o beneficio da limitación de responsabilidade en relación coas débedas contraídas con posterioridade á fin dese prazo. Recuperará o beneficio no momento da presentación.

4. Non obstante o anterior, aqueles empresarios e profesionais que opten pola figura do emprendedor de responsabilidade limitada e que tributen polo réxime de estimación obxectiva poderán dar cumprimento ás obrigas contables e de depósito de contas previstas neste artigo mediante o cumprimento dos deberes formais establecidos no seu réxime fiscal e mediante o depósito dun modelo estandarizado de dobre propósito, fiscal e mercantil, nos termos que se desenvolvan regulamentariamente.

### CAPÍTULO III

#### **A sociedade limitada de formación sucesiva**

Artigo 12. *Sociedade limitada de formación sucesiva.*

O texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 4, que queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 4. *Capital social mínimo.*

1. O capital da sociedade de responsabilidade limitada non poderá ser inferior a tres mil euros e expresarse precisamente nesa moeda.

2. Non obstante o establecido no punto anterior, poderán constituírse sociedades de responsabilidade limitada cunha cifra de capital social inferior ao mínimo legal nos termos previstos no artigo seguinte.



3. O capital social da sociedade anónima non poderá ser inferior a sesenta mil euros e expresarse precisamente nesa moeda.»

Dous. Engádesse un novo artigo 4 bis coa redacción seguinte:

«Artigo 4 bis. *Sociedades en réxime de formación sucesiva.*

1. Mentres non se alcance a cifra de capital social mínimo fixada no número un do artigo 4, a sociedade de responsabilidade limitada estará suxeita ao réxime de formación sucesiva, de acordo coas seguintes regras:

a) Deberase destinar á reserva legal unha cifra polo menos igual ao 20 por cento do beneficio do exercicio sen límite de contía.

b) Unha vez cubertas as atencións legais ou estatutarias, só se poderán repartir dividendos aos socios se o valor do patrimonio neto non é ou, como consecuencia da repartición, non resulta inferior ao 60 por cento do capital legal mínimo.

c) A suma anual das retribucións satisfeitas aos socios e administradores polo desempeño de tales cargos durante eses exercicios non poderá exceder o 20 por cento do patrimonio neto do correspondente exercicio, sen prexuízo da retribución que lles poida corresponder como traballador por conta allea da sociedade ou a través da prestación de servizos profesionais que a propia sociedade concerte cos ditos socios e administradores.

2. En caso de liquidación, voluntaria ou forzosa, se o patrimonio da sociedade é insuficiente para atender o pagamento das súas obrigas, os socios e os administradores da sociedade responderán solidariamente do desembolso da cifra de capital mínimo establecida na lei.

3. Non será necesario acreditar a realidade das achegas pecuniarias dos socios na constitución de sociedades de responsabilidade limitada de formación sucesiva. Os fundadores e os que adquiren algunha das participacións asumidas na constitución responderán solidariamente fronte á sociedade e fronte aos acredores sociais da realidade destas achegas.»

Tres. Modifícase o artigo 5, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 5. *Prohibición de capital inferior ao mínimo legal.*

1. Non se autorizarán escrituras de constitución de sociedade de capital que teñan unha cifra de capital social inferior ao legalmente establecido, nin escrituras de modificación do capital social que o deixen reducido por debaixo da dita cifra, salvo que sexa consecuencia do cumprimento dunha lei.

2. Para o caso de sociedades de responsabilidade limitada en réxime de formación sucesiva, aplicarase o establecido nos artigos 4 e 4 bis.»

Catro. Redáctase de novo o artigo 23, que queda modificado da seguinte maneira:

«Artigo 23. *Estatutos sociais.*

Nos estatutos que deban rexer o funcionamento das sociedades de capital faranse constar:

- a) A denominación da sociedade.
- b) O obxecto social, determinando as actividades que o integran.
- c) O domicilio social.

d) O capital social, as participacións ou as accións en que se divida, o seu valor nominal e a súa numeración correlativa. No caso das sociedades de responsabilidade limitada en réxime de formación sucesiva, mentres a cifra de capital sexa inferior ao mínimo fixado no artigo 4, os estatutos conterán unha

expresa declaración de suxeición da sociedade ao dito réxime. Os rexistradores mercantís farán constar, de oficio, esta circunstancia nas notas de despacho de calquera documento inscribible relativo á sociedade, así como nas certificacións que expidan.

Se a sociedade for de responsabilidade limitada, expresará o número de participacións en que se divida o capital social, o valor nominal destas, a súa numeración correlativa e, se foren desiguais, os dereitos que cada unha lles atribúa aos socios e a contía ou a súa extensión.

Se a sociedade for anónima, expresará as clases de accións e as series, en caso de existiren; a parte do valor nominal pendente de desembolso, así como a forma e o prazo máximo en que satisfacelo; e se as accións están representadas por medio de títulos ou por medio de anotacións en conta. En caso de que se representen por medio de títulos, deberase indicar se as accións son nominativas ou ao portador e se se prevé a emisión de títulos múltiples.

e) A maneira ou maneiras de organizar a administración da sociedade, o número de administradores ou, polo menos, o número máximo e o mínimo, así como o prazo de duración do cargo e o sistema de retribución, se a teñen.

Nas sociedades comanditarias por accións expresarase, ademais, a identidade dos socios colectivos.

f) O xeito de deliberar e adoptar os seus acordos os órganos colexiados da sociedade.»

## CAPÍTULO IV

### Inicio da actividade emprendedora

Artigo 13. *Puntos de atención ao emprendedor.*

1. Os puntos de atención ao emprendedor (PAE) serán oficinas pertencentes a organismos públicos e privados, incluídas as notarías, así como puntos virtuais de información e tramitación telemática de solicitudes.

2. Os puntos de atención ao emprendedor encargaranse de facilitar a creación de novas empresas, o inicio efectivo da súa actividade e o seu desenvolvemento, a través da prestación de servizos de información, tramitación de documentación, asesoramento, formación e apoio ao financiamento empresarial.

3. Os puntos de atención ao emprendedor utilizarán o sistema de tramitación telemática do Centro de Información e Rede de Creación de Empresa (CIRCE), cuxa sede electrónica está situada no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Neles deberase iniciar a tramitación do documento único electrónico (DUE) regulado na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

4. Todos os trámites necesarios para a constitución de sociedades, o inicio efectivo dunha actividade económica e o seu exercicio por emprendedores poderán realizarse a través do Punto de Atención ao Emprendedor electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

5. O Punto de Atención ao Emprendedor do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo incluirá, en todo caso:

a) Toda a información e os formularios necesarios para o acceso á actividade e ao seu exercicio.

b) A posibilidade de presentar toda a documentación e solicitudes necesarias.

c) A posibilidade de coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teña a condición de interesado e, se é o caso, recibir a correspondente notificación dos actos de trámite preceptivos e a súa resolución polo órgano administrativo competente.

d) Toda a información sobre as axudas, subvencións e outros tipos de apoio financeiro dispoñibles para a actividade económica de que se trate no Estado, comunidades autónomas e entidades locais.

e) O resto de funcionalidades que lle atribúan esta lei e o resto do ordenamento xurídico.

6. Os puntos de atención ao emprendedor, presenciais ou electrónicos, poderán prestar todos ou algún dos servizos mencionados no punto anterior, de acordo co establecido na disposición adicional terceira do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.

#### Artigo 14. *Inscripción dos emprendedores de responsabilidade limitada.*

1. Os trámites necesarios para a inscrición rexistral do emprendedor de responsabilidade limitada poderanse realizar mediante o sistema de tramitación telemática do Centro de Información e Rede de Creación de Empresa (CIRCE) e o documento único electrónico (DUE) regulado na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e a súa normativa de desenvolvemento.

2. En caso de que o emprendedor opte pola inscrición utilizando o sistema mencionado no punto anterior, o procedemento axustarase ás seguintes regras:

a) No Punto de Atención ao Emprendedor cubrirase toda a información do DUE e proporcionarase a documentación necesaria para efectuar a inscrición no Rexistro Mercantil, así como no Rexistro da Propiedade.

b) O Punto de Atención ao Emprendedor enviará inmediatamente o DUE, xunto coa documentación correspondente, ao Rexistro Mercantil, e solicitará a inscrición do empresario de responsabilidade limitada. O Rexistro Mercantil contará con 6 horas hábiles para practicar a inscrición e remitir telematicamente ao sistema de tramitación do CIRCE a certificación da inscrición practicada, que será remitida por este á autoridade tributaria competente.

c) Recibida a certificación da inscrición, o rexistrador mercantil solicitará, respecto dos bens inembargables por débedas profesionais e empresariais, a inscrición desta circunstancia no Rexistro da Propiedade presentando a certificación expedida polo rexistrador mercantil.

d) O rexistrador da propiedade practicará a inscrición no prazo de 6 horas hábiles desde a recepción da solicitude, e informará inmediatamente da inscrición practicada ao sistema de tramitación telemática do CIRCE, que o trasladará á autoridade tributaria competente.

e) En todo momento, o emprendedor poderá coñecer, a través do punto de atención ao emprendedor en que iniciase a tramitación, o estado desta.

#### Artigo 15. *Constitución de sociedades de responsabilidade limitada mediante escritura pública e estatutos tipo.*

1. Os fundadores dunha sociedade de responsabilidade limitada poderán optar pola constitución da sociedade mediante escritura pública con estatutos tipo en formato estandarizado, cuxo contido se desenvolverá regulamentariamente.

2. Utilizarase neste caso:

a) O documento único electrónico (DUE) regulado na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

b) O sistema de tramitación telemática do Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE).

c) Os modelos simplificados dos estatutos-tipo no formato estandarizado, cuxo contido se desenvolverá regulamentariamente.

3. Nos puntos de atención ao emprendedor e de maneira simultánea:

a) Cubrirase o documento único electrónico e iniciárase a tramitación telemática enviándose a cada organismo interviniente, por vía electrónica, a parte do DUE que lle corresponda para realizar o trámite da súa competencia.

b) Solicitárase a reserva da denominación ao Rexistro Mercantil Central incluíndo unha de ata cinco denominacións sociais alternativas, de entre as cales o Rexistro Mercantil Central emitirá o correspondente certificado negativo de denominación seguindo a orde proposta polo solicitante, dentro das 6 horas hábiles seguintes á solicitude.

A denominación poderá ser da bolsa de denominacións con reserva prevista na disposición derradeira primeira do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.

c) Concertárase inmediatamente a data de outorgamento da escritura de constitución mediante unha comunicación en tempo real coa axenda electrónica notarial e obteranse os datos da notaría e a data e a hora do outorgamento. A data e hora do outorgamento en ningún caso será superior a 12 horas hábiles desde que se inicia a tramitación telemática conforme a alínea a).

4. O notario:

a) Na data determinada na alínea c) do número 3, autorizará a escritura de constitución coa achega do documento xustificativo de desembolso do capital social.

Non obstante o anterior, non será necesario acreditar a realidade das achegas pecuniarias se os fundadores manifestan na escritura que responderán solidariamente fronte á sociedade e fronte aos acredores sociais da realidade destas.

b) Enviará de forma inmediata, a través do sistema de tramitación telemática do CIRCE, copia da escritura á Administración tributaria solicitando a asignación provisional dun número de identificación fiscal.

c) Remitirá copia autorizada da escritura de constitución ao rexistro mercantil do domicilio social a través do sistema de tramitación telemática do CIRCE.

d) Entregaralles aos outorgantes, se o solicitan, unha copia simple electrónica da escritura, sen custo adicional. Esta copia estará dispoñible no Punto de Atención ao Emprendedor.

5. O rexistrador mercantil, unha vez recibida do CIRCE copia electrónica da escritura de constitución xunto co NIF provisional asignado e a acreditación da exención do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, na súa modalidade de operacións societarias, realizado:

a) Procederá á cualificación e inscrición dentro do prazo das 6 horas hábiles seguintes á recepción telemática da escritura; entenderanse por horas hábiles, para estes efectos, as que queden comprendidas dentro do horario de apertura fixado para os rexistros.

b) Remitirá ao Centro de Información e Rede de Creación de Empresas, o mesmo día da inscrición, certificación da inscrición practicada.

c) Solicitará o número de identificación fiscal definitivo á Administración tributaria a través do CIRCE.

O sistema de tramitación telemática do CIRCE dará traslado inmediato aos fundadores que así o soliciten e ao notario autorizante da escritura de constitución, da certificación electrónica ou en soporte papel a que se refire o punto anterior, sen custo adicional.

Esta certificación será necesaria para acreditar a correcta inscrición no Rexistro das Sociedades, así como a inscrición do nomeamento dos administradores designados na escritura.

Así mesmo, o interesado poderá solicitar en calquera momento, unha vez inscrita a sociedade, certificación actualizada do contido da folla rexistral daquela que será

expedida polo rexistrador baixo a súa sinatura electrónica e provista dun código de validación, de conformidade co previsto para as certificacións con información continuada.

6. A autoridade tributaria competente notificará telematicamente ao sistema de tramitación telemática do CIRCE o carácter definitivo do número de identificación fiscal. Este último trasladarao de inmediato aos fundadores.

7. Os fundadores poderán atribuír ao notario autorizante a facultade de emendar electronicamente os defectos advertidos polo rexistrador na súa cualificación, sempre que aquel se axuste á cualificación e á vontade manifestada polas partes.

8. Desde o Punto de Atención ao Emprendedor procederase a realizar os trámites relativos ao inicio de actividade mediante o envío da información contida no DUE á autoridade tributaria, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, ás administracións locais e autonómicas para levar a cabo as comunicacións, rexistros e solicitudes de autorizacións e licenzas necesarias para a posta en marcha da empresa.

#### Artigo 16. *Constitución de sociedades de responsabilidade limitada sen estatutos tipo.*

Cando os fundadores opten pola constitución dunha sociedade de responsabilidade limitada sen estatutos tipo, aplicarase o disposto no artigo 15 desta lei coas seguintes particularidades:

1. Os fundadores poderán optar por solicitar, a través dos puntos de atención ao emprendedor, a reserva de denominación e concertar a data de outorgamento da escritura de constitución.

2. O notario procederá conforme o previsto no número 4 do artigo 15.

3. O rexistrador mercantil, unha vez recibida copia electrónica da escritura de constitución, inscribirá a sociedade inicialmente no Rexistro Mercantil no prazo de 6 horas hábiles, indicando exclusivamente os datos relativos á denominación, domicilio e obxecto social, ademais do capital social e o órgano de administración seleccionado.

Desde esta inmatriculación, a sociedade rexerese polo disposto na Lei de sociedades de capital.

4. A escritura de constitución inscribirase de forma definitiva nos termos do seu outorgamento dentro do prazo de cualificación ordinario, entendendo que esta segunda inscrición vale como modificación de estatutos. Se a inscrición definitiva se practica estando vixente o asento de presentación, os efectos retrotraeranse a esta data.

5. Unha vez practicada a inscrición definitiva, o rexistrador mercantil notificará telematicamente á autoridade tributaria competente a inscrición da sociedade e solicitará o número de identificación fiscal definitivo.

6. Para acreditar a correcta inscrición, inicial ou definitiva, no Rexistro das Sociedades, así como a inscrición do nomeamento dos administradores designados na escritura, abondará a certificación electrónica ou en soporte papel que, por solicitude do interesado, expida, sen custo adicional, o rexistrador mercantil o mesmo día da inscrición inicial ou definitiva.

7. Cando os fundadores opten pola constitución dunha sociedade de responsabilidade limitada sen estatutos tipo, a tramitación da constitución poderase realizar utilizando o documento único electrónico e o sistema de tramitación telemática do CIRCE.

#### Artigo 17. *Realización dos trámites asociados ao inicio e exercicio da actividade de empresarios individuais e sociedades.*

1. Os trámites necesarios para a alta e o inicio da actividade dos empresarios individuais e das sociedades mercantís poderanse realizar mediante o documento único electrónico regulado na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, e a súa normativa de desenvolvemento.

2. O procedemento axustarase ás seguintes regras:

a) Desde o Punto de Atención ao Emprendedor recolleranse no documento único electrónico (DUE) todos os datos necesarios para tramitar a alta no réxime da Seguridade

Social que corresponda, a declaración censual de inicio de actividade e, se for o caso, a comunicación de apertura do centro de traballo, que se remitirán polo sistema de tramitación telemática do CIRCE ás autoridades competentes.

b) Simultaneamente ao envío das solicitudes de alta, o sistema de tramitación telemática do CIRCE remitiralle á comunidade autónoma a comunicación de inicio de actividade, a declaración responsable ou a solicitude de autorización ou licenza, en caso de ser exixido algún destes trámites pola comunidade autónoma onde o empresario se vaia establecer.

c) Simultaneamente ao envío da comunicación de inicio da actividade ou a declaración responsable á comunidade autónoma, ou concedida a autorización ou licenza pola comunidade autónoma, o sistema de tramitación telemática do CIRCE remitirá por vía telemática, ao concello onde o empresario se vaia establecer, a comunicación de inicio de actividade, a declaración responsable da empresa ou a solicitude de licenza, segundo os casos, de conformidade coas previsións dos artigos 70 bis número 4, 84 bis e 84 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e demais lexislación aplicable.

d) Enviada a comunicación de inicio de actividade ou a declaración responsable ao concello, ou concedida a autorización ou licenza municipal, o Punto de Atención ao Emprendedor comunicará de inmediato ao empresario a finalización dos trámites necesarios para o inicio da actividade.

e) Coa solicitude de iniciación dos trámites, o empresario aboará o importe resultante da suma da totalidade das taxas que, se é o caso, exixan as autoridades competentes. O ingreso poderase realizar mediante transferencia bancaria ou tarxeta de crédito ou de débito.

3. Durante o exercicio da actividade, o emprendedor poderá realizar, a través dos puntos de atención ao emprendedor, calquera outro trámite preceptivo asociado ao desenvolvemento da actividade ante as autoridades estatais, autonómicas e locais, incluídas a solicitude de autorizacións e a presentación de comunicacións e declaracións responsables para a apertura de novos establecementos ou instalacións.

Exclúense do disposto no parágrafo anterior as obrigas fiscais e da Seguridade Social, así como os trámites asociados aos procedementos de contratación pública e de solicitude de subvencións e axudas.

#### Artigo 18. *Legalización de libros.*

1. Todos os libros que obrigatoriamente deban levar os empresarios de acordo coas disposicións legais aplicables, incluídos os libros de actas de xuntas e demais órganos colexiados, ou os libros rexistros de socios e de accións nominativas, se legalizarán telematicamente no Rexistro Mercantil despois de formalizalos en soporte electrónico e antes de que transcorran catro meses seguintes á data do peche do exercicio.

2. Os empresarios poderán voluntariamente legalizar libros de detalle de actas ou grupos de actas formados cunha periodicidade inferior á anual cando interese acreditar de maneira fidedigna o feito e a data da súa intervención polo rexistrador.

3. O rexistrador comprobará o cumprimento dos requisitos formais, así como a regular formación sucesiva dos que se leven dentro de cada clase, e certificará electronicamente a súa intervención, na cal se expresará o correspondente código de validación.

#### Artigo 19. *Organización dos rexistros.*

O Rexistro da Propiedade e Mercantil estará aberto ao público para todos os efectos, incluído o de presentación de documentos, de luns a venres desde as nove ás dezasete horas, salvo o mes de agosto e os días 24 e 31 de decembro, en que estará aberto desde as nove ás catorce horas.

Cada rexistro da propiedade estará a cargo dun ou varios rexistradores. O número de rexistradores que estarán a cargo de cada rexistro da propiedade, en réxime de división persoal, determinarase sobre criterios obxectivos, mediante real decreto, por proposta do Ministerio de Xustiza.

Os rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles levaranse en formato electrónico mediante un sistema informático único na forma que regulamentariamente se determine. Este sistema informático deberá permitir que as administracións públicas e os órganos xudiciais, no exercicio das súas competencias e baixo a súa responsabilidade, teñan acceso aos datos que consten nos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles, aínda que, no caso das administracións públicas, respectando as excepcións relativas aos datos especialmente protexidos. Os accesos efectuaranse mediante procedementos electrónicos e cos requisitos e prescricións técnicas que sexan establecidos dentro dos esquemas nacionais de interoperabilidade e de seguridade.

Artigo 20. *Sectorización universal da actividade dos emprendedores.*

1. Nas súas relacións coas administracións públicas no exercicio das súas respectivas competencias, os emprendedores deberán identificar a súa principal actividade por referencia ao código de actividade económica que mellor a describa e coa desagregación que sexa suficiente da Clasificación nacional de actividades económicas. A sectorización de actividade será única para toda a Administración.

2. Para tal efecto, nos documentos inscribíbles e na primeira inscrición de constitución das correspondentes entidades nos rexistros públicos competentes expresaranse os códigos correspondentes ás actividades que corresponden ao respectivo obxecto social de cada entidade inscribíble. Nas contas anuais que se teñan que depositar identificarase cal é a única actividade principal desenvolvida durante o exercicio por referencia ao correspondente código.

3. Os rexistros públicos onde se depositen as contas anuais deberán poñer á disposición de todas as administracións públicas os códigos de actividade vixentes. As dúbidas que se susciten sobre a súa corrección serán resoltas mediante resolución do Instituto Nacional de Estatística ao cal o rexistrador someterá a decisión final.

## CAPÍTULO V

### Acordo extraxudicial de pagamentos

Artigo 21. *Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

A Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 3, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Para solicitar a declaración de concurso están lexitimados o debedor, calquera dos seus acredores e o mediador concursal cando se trate do procedemento regulado no título X desta lei.»

Dous. Modifícanse os números 1, 3 e 4 do artigo 5 bis, que quedan redactados da seguinte maneira:

«1. O debedor poderá poñer en coñecemento do xulgado competente para a declaración do seu concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio nos termos previstos nesta lei.

No caso en que solicite un acordo extraxudicial de pagamento, unha vez que o mediador concursal proposto acepte o cargo, o rexistrador mercantil ou notario ao que se tivese solicitado a designación do mediador concursal deberá comunicar, de

oficio, a apertura das negociacións ao xulgado competente para a declaración de concurso.»

«3. O secretario xudicial, sen máis trámite, procederá a deixar constancia da comunicación presentada polo debedor ou, nos supostos de negociación dun acordo extraxudicial de pagamento, polo notario ou polo rexistrador mercantil.»

«4. Transcorridos tres meses desde a comunicación ao xulgado, o debedor, alcanzase ou non un acordo de refinanciamento, un acordo extraxudicial de pagamentos ou as adhesións necesarias para a admisión a trámite dunha proposta anticipada de convenio, deberá solicitar a declaración de concurso dentro do mes hábil seguinte, a menos que xa a solicitase o mediador concursal ou non se encontre en estado de insolvencia.»

Tres. Modifícase o primeiro parágrafo do número 3 do artigo 15, que queda redactado da seguinte maneira:

«3. Unha vez realizada a comunicación prevista no artigo 5 bis, e mentres non transcorra o prazo de tres meses previsto no dito precepto, non se admitirán solicitudes de concurso por instancia doutros lexitimados distintos do debedor ou, no procedemento previsto no título X desta lei, distintos do debedor ou do mediador concursal.»

Catro. Modifícase o ordinal 2.º do número 6 do artigo 71, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2.º Sobre o acordo fose emitido informe favorable por un experto independente, que cumpra as condicións do artigo 28, designado polo rexistrador mercantil do domicilio do debedor. Se o acordo de refinanciamento afecta varias sociedades do mesmo grupo, o informe poderá ser único e elaborado por un só experto, designado polo rexistrador do domicilio da sociedade dominante se está afectada polo acordo ou, no seu defecto, polo do domicilio de calquera das sociedades do grupo. O informe do experto conterá un xuízo técnico sobre a suficiencia da información proporcionada polo debedor, sobre o carácter razoable e realizable do plan nas condicións definidas no parágrafo primeiro e sobre a proporcionalidade das garantías consonte condicións normais de mercado no momento do asinamento do acordo. Cando o informe conteña reservas ou limitacións de calquera clase, a súa importancia deberá ser expresamente avaliada polos asinantes do acordo.»

Cinco. Modifícase o número 2 do artigo 178, que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. A resolución xudicial que declare a conclusión do concurso do debedor persoa natural por liquidación da masa activa declarará a remisión das débedas insatisfeitas, sempre que o concurso non fose declarado culpable nin condenado polo delito previsto polo artigo 260 do Código penal ou por calquera outro delito singularmente relacionado co concurso, e que fosen satisfeitos na súa integridade os créditos contra a masa, os créditos concursais privilexiados e, polo menos, o 25 por cento do importe dos créditos concursais ordinarios. Se o debedor intentou sen éxito o acordo extraxudicial de pagamentos, poderá obter a remisión dos créditos restantes se tivesen sido satisfeitos os créditos contra a masa e todos os créditos concursais privilexiados.»

Seis. Modifícase o número 1 do artigo 198, que queda redactado como segue:

«1. O Rexistro Público Concursal levarase baixo a dependencia do Ministerio de Xustiza e constará de tres seccións:



a) Na sección primeira, de edictos concursais, inseriranse, ordenadas por concursado e datas, as resolucións que se deban publicar conforme o previsto no artigo 23 e en virtude de mandamento remitido polo secretario xudicial.

b) Na sección segunda, de publicidade rexistral, faranse constar, ordenadas por concursado e datas, as resolucións rexistrais anotadas ou inscritas en todos os rexistros públicos de persoas referidos no artigo 24.1, 2 e 3, incluídas as que declaren concursados culpables ou acorden a designación ou inhabilitación dos administradores concursais e en virtude de certificacións remitidas de oficio polo encargado do Rexistro unha vez practicado o correspondente asento.

c) Na sección terceira, de acordos extraxudiciais, farase constar a apertura das negociacións para alcanzar tales acordos e a súa finalización.»

Sete. Engádesse un título X á Lei concursal, co seguinte contido:

## «TÍTULO X

### O acordo extraxudicial de pagamentos

Artigo 231. *Orzamentos.*

1. O empresario persoa natural que se encontre en situación de insolvencia de acordo co disposto no artigo 2 desta lei, ou que prevexa que non poderá cumprir regularmente coas súas obrigas, poderá iniciar un procedemento para alcanzar un acordo extraxudicial de pagamentos cos seus acredores sempre que, achegando o balance correspondente, xustifique que o seu pasivo non supera os cinco millóns de euros.

Para os efectos deste título, consideraranse empresarios persoas naturais non soamente aqueles que teñan tal condición de acordo coa lexislación mercantil, senón aqueles que exerzan actividades profesionais ou teñan aquela consideración para os efectos da lexislación da Seguridade Social, así como os traballadores autónomos.

2. Tamén poderá instar o mesmo acordo calquera persoa xurídica, sexa ou non sociedade de capital, que cumpra as condicións seguintes:

- a) Que se encontre en estado de insolvencia.
- b) Que, en caso de ser declarada en concurso, este concurso non teña que revestir especial complexidade nos termos previstos no artigo 190 desta lei.
- c) Que dispoña de activos líquidos suficientes para satisfacer os gastos propios do acordo.
- d) Que o seu patrimonio e os seus ingresos previsibles permitan lograr con posibilidades de éxito un acordo de pagamento nos termos que se recollen no número 1 do artigo 236.

3. Non poderán formular solicitude para alcanzar un acordo extraxudicial:

1.º Os que fosen condenados en sentenza firme por delito contra o patrimonio, contra a orde socioeconómica, de falsidade documental, contra a Facenda pública, a Seguridade Social ou contra os dereitos dos traballadores.

2.º Os suxeitos á inscrición obrigatoria no Rexistro Mercantil que non figurasen inscritos con antelación.

3.º As persoas que nos tres exercicios inmediatamente anteriores á solicitude, estando obrigadas legalmente a isto, non levasen a contabilidade ou incumprisen nalgún destes exercicios a obriga do depósito das contas anuais.

4.º As persoas que, dentro dos tres últimos anos, alcanzasen un acordo extraxudicial cos acredores, obtivesen a homologación xudicial dun acordo de refinanciamento ou tivesen sido declaradas en concurso de acredores.

4. Non poderán acceder ao acordo extraxudicial de pagamentos os que se encontren negociando cos seus acredores un acordo de refinanciamento ou cuxa solicitude de concurso fose admitida a trámite.

5. Tampouco será posible iniciar o acordo extraxudicial se calquera dos acredores do debedor, que necesariamente deben estar vinculados polo acordo, tivese sido declarado en concurso.

Os créditos de dereito público non se poderán ver afectados polo acordo extraxudicial. Os créditos con garantía real unicamente poderán incorporarse ao acordo extraxudicial e verse afectados por este se así o deciden os acredores que teñen a súa titularidade, mediante a comunicación expresa prevista polo número 4 do artigo 234.

Non poderán acudir ao procedemento previsto neste título as entidades aseguradoras e reaseguradoras.

#### Artigo 232. *Solicitude de acordo extraxudicial de pagamentos.*

1. O debedor que pretenda alcanzar cos seus acredores un acordo extraxudicial de pagamentos solicitará o nomeamento dun mediador concursal.

Se o debedor é unha persoa xurídica, será competente para decidir sobre a solicitude o órgano de administración ou o liquidador.

2. A solicitude farase mediante instancia subscribida polo debedor, na cal o debedor fará constar o efectivo e os activos líquidos de que dispón, os bens e dereitos de que sexa titular, os ingresos regulares previstos, unha lista de acredores con expresión da contía e vencemento dos respectivos créditos, unha relación dos contratos vixentes e unha relación de gastos mensuais previstos. Esta lista de acredores tamén comprenderá os titulares de préstamos ou créditos con garantía real ou de dereito público sen prexuízo de que poidan non estar afectados polo acordo.

Se o debedor é unha persoa casada, salvo que se encontre en réxime de separación de bens, indicará a identidade do cónxuxe, con expresión do réxime económico do matrimonio, e se está legalmente obrigado a levar a contabilidade presentará tamén as contas anuais correspondentes aos tres últimos exercicios.

3. En caso de que os debedores sexan empresarios ou entidades inscrites, solicitarase a designación do mediador ao rexistrador mercantil correspondente ao domicilio do debedor mediante instancia que poderá ser cursada telematicamente, o cal procederá á apertura da folla correspondente, en caso de non figurar inscrito. Nos demais casos, solicitarase a designación ao notario do domicilio do debedor. A solicitude inadmitirase cando o debedor non xustifique o cumprimento dos requisitos legalmente exixidos para alcanzar un acordo extraxudicial, cando o debedor se encontre nalgunha situación das previstas nos números 3 ou 4 do artigo 231 desta lei e cando falte algún dos documentos exixidos ou os presentados sexan incompletos.

#### Artigo 233. *Nomeamento de mediador concursal.*

1. O nomeamento de mediador concursal deberá recaer na persoa natural ou xurídica á cal de forma secuencial corresponda de entre as que figuren na lista oficial que se publicará no portal correspondente do «Boletín Oficial del Estado», a cal será subministrada polo Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza.

O mediador concursal deberá reunir, ademais desta condición, de acordo coa Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, algunha das que se indican no número 1 do artigo 27.

En todo o non previsto nesta lei en canto ao mediador concursal, observarase o disposto en materia de nomeamento de expertos independentes.

2. Ao aceptar o nomeamento, o mediador concursal deberá facilitar ao rexistrador mercantil ou notario un enderezo electrónico que cumpra coas

condicións establecidas no artigo 29.6 desta lei, no cal os acredores poderán realizar calquera comunicación ou notificación.

3. O rexistrador ou o notario procederá ao nomeamento de mediador concursal. Unha vez que o mediador concursal acepte o cargo, o rexistrador mercantil ou o notario dará conta do feito por certificación ou copia remitidas aos rexistros públicos de bens competentes para a súa constancia por anotación preventiva na correspondente folla rexistral, así como ao Rexistro Civil e aos demais rexistros públicos que corresponda, comunicará de oficio a apertura de negociacións ao xuíz competente para a declaración de concurso e ordenará a súa publicación no Rexistro Público Concursal.

4. Así mesmo, dirixirá unha comunicación por medios electrónicos á Axencia Estatal da Administración Tributaria e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a través dos medios que estas habiliten nas súas respectivas sedes electrónicas, conste ou non a súa condición de acredores, na cal deberá facer constar a identificación do debedor co seu nome e número de identificación fiscal e a do mediador co seu nome, número de identificación fiscal e enderezo electrónico, así como a data de aceptación do cargo por este. Igualmente se remitirá comunicación á representación dos traballadores, se a houber, onde se lles faga saber o seu dereito a comparecer no procedemento.

#### Artigo 234. *Convocatoria aos acredores.*

1. Nos dez días seguintes ao da aceptación do cargo, o mediador concursal comprobará a existencia e a contía dos créditos e convocará o debedor e os acredores que figuren na lista presentada polo debedor, sempre que poidan resultar afectados polo acordo, a unha reunión que se celebrará dentro dos dous meses seguintes á aceptación, na localidade onde o debedor teña o seu domicilio. En todo caso, serán excluídos da convocatoria os acredores de dereito público.

2. A convocatoria realizarase por conduto notarial, por calquera medio de comunicación, individual e escrita, que asegure a recepción. Se consta o enderezo electrónico dos acredores por terllo facilitado estes ao mediador concursal nos termos que se indican no número 4 do artigo 235, a comunicación deberase realizar ao citado enderezo electrónico.

3. A convocatoria deberá expresar o lugar, día e hora da reunión, a finalidade de alcanzar un acordo de pagamento e a identidade de cada un dos acredores convocados, con expresión da contía do crédito, a data de concesión e de vencemento e as garantías persoais ou reais constituídas.

4. Unha vez recibida a convocatoria, os acredores titulares de créditos con garantía real que voluntariamente queiran intervir no acordo extraxudicial deberanllo comunicar expresamente ao mediador no prazo dun mes.

#### Artigo 235. *Efectos da iniciación do expediente.*

1. Unha vez solicitada a apertura do expediente, o debedor poderá continuar coa súa actividade laboral, empresarial ou profesional. Desde a presentación da solicitude, o debedor absterase de solicitar a concesión de préstamos ou créditos, devolverá á entidade as tarxetas de crédito de que sexa titular e absterase de utilizar calquera medio electrónico de pagamento.

2. Desde a publicación da apertura do expediente e por parte dos acredores que se poidan ver afectados polo posible acordo extraxudicial de pagamentos, non se poderá iniciar nin continuar ningunha execución sobre o patrimonio do debedor mentres se negocia o acordo extraxudicial ata un prazo máximo de tres meses. Exceptúanse os acredores de créditos con garantía real, caso en que o inicio ou a continuación da execución dependerá da decisión do acredor. O acredor con garantía real que decida iniciar ou continuar o procedemento non poderá participar no acordo extraxudicial. Practicada a correspondente anotación da apertura do

procedemento nos rexistros públicos de bens, non se poderán anotar respecto dos bens do debedor instante embargos ou secuestros posteriores á presentación da solicitude do nomeamento de mediador concursal, salvo os que poidan corresponder no curso de procedementos seguidos polos acredores de dereito público e os acredores titulares de créditos con garantía real que non participen no acordo extraxudicial.

3. Desde a publicación da apertura do expediente, os acredores que se poidan ver afectados polo acordo deberanse abster de realizar calquera acto dirixido a mellorar a situación en que se encontren respecto do debedor común.

4. Desde a publicación da apertura do expediente, os acredores que o consideren oportuno poderán facilitar ao mediador concursal un enderezo electrónico para que este lles realice cantas comunicacións sexan necesarias ou convenientes; producirán plenos efectos as que se remitan ao enderezo facilitado.

5. O acredor que dispoña de garantía persoal para a satisfacción do crédito poderá exercela sempre que vencese o crédito contra o debedor. Na execución da garantía, os garantes non poderán invocar a solicitude do debedor en prexuízo do executante.

6. O debedor que se encontre negociando un acordo extraxudicial non poderá ser declarado en concurso mentres non concorran as circunstancias previstas no artigo 5 bis.

#### Artigo 236. *O plan de pagamentos.*

1. Tan pronto como sexa posible, e en calquera caso cunha antelación mínima de vinte días naturais á data prevista para a celebración da reunión, o mediador concursal remitirá aos acredores, co consentimento do debedor, un plan de pagamentos dos créditos pendentes de pagamento na data da solicitude, no cal a espera ou moratoria non poderá superar os tres anos e no cal a quitación ou condonación non poderá superar o 25 por cento do importe dos créditos.

O plan de pagamentos irá acompañado dun plan de viabilidade e conterá unha proposta de cumprimento regular das novas obrigas, incluíndo, de ser o caso, a fixación dunha cantidade en concepto de alimentos para o debedor e a súa familia, e dun plan de continuación da actividade profesional ou empresarial que desenvolvese.

O plan de pagamentos incluírá necesariamente unha proposta de negociación das condicións dos préstamos e créditos así como copia do acordo ou solicitude de adiamento dos créditos de dereito público ou, polo menos, das datas de pagamento destes, se non se van satisfacer nos seus prazos de vencemento.

2. A proposta tamén poderá consistir na cesión de bens aos acredores en pagamento das débedas.

3. Dentro dos dez días naturais posteriores ao do envío da proposta de acordo polo mediador concursal aos acredores, estes poderán presentar propostas alternativas ou propostas de modificación. Transcorrido o prazo citado, o mediador concursal remitirá aos acredores o plan de pagamentos e viabilidade final aceptado polo debedor.

4. O mediador concursal deberá solicitar de inmediato a declaración de concurso de acredores se, dentro do prazo mencionado no número 3 deste artigo, deciden non continuar coas negociacións os acredores que representen polo menos a maioría do pasivo que necesariamente se poida ver afectado polo acordo, excluídos os créditos con garantía real cuxos titulares non tivesen comunicado a súa vontade de intervir nel ou calquera acredor de dereito público.

#### Artigo 237. *A reunión dos acredores.*

1. Os acredores convocados deberán asistir á reunión, salvo os que manifestasen a súa aprobación ou oposición, dentro dos dez días naturais

anteriores á reunión. Con excepción dos que teñan constituído ao seu favor garantía real, os créditos de que sexa titular o acredor que, tendo recibido a convocatoria, non asista á reunión e non manifestase a súa aprobación ou oposición dentro dos dez días naturais anteriores, cualificaranse como subordinados no caso de que, fracasada a negociación, sexa declarado o concurso do debedor común.

2. O plan de pagamentos e o plan de viabilidade poderán ser modificados na reunión sempre que non se alteren as condicións de pagamento dos acredores que, por ter manifestado a súa aprobación dentro dos dez días naturais anteriores, non asistisen á reunión.

#### Artigo 238. *O acordo extraxudicial de pagamentos.*

1. Para que o plan de pagamentos se considere aceptado será necesario que voten a favor acredores que sexan titulares, polo menos, do 60 por cento do pasivo. No caso de que o plan de pagamentos consista na cesión de bens do debedor en pagamento de débedas, o dito plan deberá contar coa aprobación de acredores que representen o setenta e cinco por cento do pasivo e do acredor ou acredores que, de ser o caso, teñan constituída ao seu favor unha garantía real sobre estes bens. En ambos os supostos, para a formación destas maiorías teranse en conta exclusivamente o pasivo que se vaia ver afectado polo acordo e os seus acredores.

2. Se o plan é aceptado polos acredores, o acordo elevarase inmediatamente a escritura pública, que pechará o expediente que abriu o notario. Para os abertos polo rexistrador mercantil, presentarase ante o Rexistro Mercantil copia da escritura para que o rexistrador poida pechar o expediente. O notario ou o rexistrador comunicarán o peche do expediente ao xulgado que teña que tramitar o concurso. Igualmente se dará conta do feito por certificación ou copia remitidas aos rexistros públicos de bens competentes para a cancelación das anotacións practicadas. Así mesmo, publicará a existencia do acordo no «Boletín Oficial del Estado» e no Rexistro Público Concursal por medio dun anuncio que conterá os datos que identifiquen o debedor, incluíndo o seu número de identificación fiscal, o rexistrador ou notario competente, o número de expediente de nomeamento do mediador, o nome do mediador concursal, incluíndo o seu número de identificación fiscal, e a indicación de que o expediente está á disposición dos acredores interesados no rexistro mercantil ou notaría correspondente para a publicidade do seu contido.

3. Se o plan non é aceptado e o debedor continúa incurso en insolvencia, o mediador concursal solicitará inmediatamente do xuíz competente a declaración de concurso, que o xuíz acordará tamén de forma inmediata. Se é o caso, instará tamén do xuíz a conclusión do concurso por insuficiencia de masa activa nos termos previstos no artigo 176 bis desta lei.

#### Artigo 239. *Impugnación do acordo.*

1. Dentro dos dez días seguintes ao da publicación, o acredor que non fose convocado ou non votase a favor do acordo ou manifestase con anterioridade a súa oposición nos termos establecidos no artigo 237.1 poderá impugnalos ante o xulgado que sexa competente para coñecer do concurso do debedor.

2. A impugnación non suspenderá a execución do acordo e só se poderá fundar na falta de concurrencia das maiorías exixidas para a adopción do acordo, tendo en conta, se for o caso, os acredores non convocados, na superación dos límites establecidos polo artigo 236.1 ou na desproporción da quitación ou moratoria exixidas.

3. Todas as impugnacións se tramitarán conxuntamente polo procedemento do incidente concursal.

4. A sentenza de anulación do acordo publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e no Rexistro Público Concursal.

5. A sentenza que resolva sobre a impugnación será susceptible de recurso de apelación de tramitación preferente.

6. A anulación do acordo dará lugar á substanciación do concurso consecutivo regulado no artigo 242.

Artigo 240. *Efectos do acordo sobre os acredores.*

1. Ningún acredor afectado polo acordo poderá iniciar ou continuar execucións contra o debedor por débedas anteriores á publicación da apertura do expediente. O debedor poderá solicitar a cancelación dos correspondentes embargos do xuíz que os ordenase.

2. Por virtude do acordo extraxudicial, os créditos quedarán adiados e remitidos conforme o pactado.

En caso de cesión de bens aos acredores, os créditos consideraranse extinguidos en todo ou en parte, segundo o acordado.

3. Os acredores conservarán as accións que lles correspondan pola totalidade dos créditos contra os obrigados solidarios e os garantes persoais do debedor.

Artigo 241. *Cumprimento e incumprimento do acordo.*

1. O mediador concursal deberá supervisar o cumprimento do acordo.

2. Se o plan de pagamentos se cumpre integramente, o mediador concursal farao constar en acta notarial que se publicará no «Boletín Oficial del Estado» e no Rexistro Público Concursal.

3. Se o acordo extraxudicial de pagamentos se incumpre, o mediador concursal deberá instar o concurso, e considerarse que o debedor incumplidor se encontra en estado de insolvencia.

Artigo 242. *Especialidades do concurso consecutivo.*

1. Terá a consideración de concurso consecutivo o que se declare por solicitude do mediador concursal, do debedor ou dos acredores pola imposibilidade de alcanzar un acordo extraxudicial de pagamentos ou por incumprimento do plan de pagamentos acordado.

Igualmente terá a consideración de concurso consecutivo o que sexa consecuencia da anulación do acordo extraxudicial alcanzado.

2. No concurso consecutivo, salvo o suposto de insuficiencia de masa activa nos termos previstos no artigo 176 bis da lei, abrírase, necesaria e simultaneamente, a fase de liquidación, de conformidade co disposto no título V desta lei, coas especialidades seguintes:

1.<sup>a</sup> Salvo causa xusta, o xuíz designará administrador do concurso o mediador concursal, o cal non poderá percibir por este concepto máis retribución que a que lle fose fixada no expediente de arranxo extraxudicial a menos que, atendidas circunstancias excepcionais, o xuíz acorde outra cosa.

2.<sup>a</sup> Terán tamén a consideración de créditos contra a masa os gastos do expediente extraxudicial e os demais créditos que, conforme o artigo 84 desta lei, teñan a consideración de créditos contra a masa, que se xerasen durante a tramitación do expediente extraxudicial, que non tivesen sido satisfeitos.

3.<sup>a</sup> O prazo de dous anos para a determinación dos actos rescindibles contarase desde a data da solicitude do debedor ao rexistrador mercantil ou notario.

4.<sup>a</sup> Non necesitarán solicitar recoñecemento os titulares de créditos que asinasen o acordo extraxudicial.

5.<sup>a</sup> No caso de debedor empresario persoa natural, se o concurso se cualifica como fortuíto o xuíz declarará a remisión de todas as débedas que non sexan satisfeitas na liquidación, con excepción das de dereito público, sempre que sexan

satisfeitos na súa integridade os créditos contra a masa e os créditos concursais privilexiados.»

Oito. Introdúcese unha nova disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Tratamento de créditos de dereito público en caso de acordo extraxudicial de pagamentos.*

1. O disposto no título X desta lei non resultará de aplicación aos créditos de dereito público para cuxa xestión recadatoria resulte aplicable o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria ou no Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

2. O debedor persoa natural ou xurídica a que se refire o artigo 231 que teña débedas das previstas no punto anterior, unha vez admitida a solicitude de acordo extraxudicial de pagamentos regulada no artigo 232, deberá solicitar da Administración pública competente un adiamento ou fraccionamento de pagamento comprensivo das débedas que, nesa data, estean pendentes de ingreso, sempre que non teña previsto efectualo no prazo establecido na normativa aplicable.

3. De se tratar de débedas coa Facenda pública, a tramitación das solicitudes de adiamento ou fraccionamento a que se refire o punto anterior rexeráse polo disposto na Lei xeral tributaria e na súa normativa de desenvolvemento, coas seguintes especialidades:

a) O acordo de resolución do adiamento ou fraccionamento só se poderá ditar cando o acordo extraxudicial de pagamentos fose formalizado. Non obstante, será posible resolver antes da concorrencia de tal circunstancia se transcorren tres meses desde a presentación da solicitude sen que se publicase no «Boletín Oficial del Estado» a existencia de tal acordo ou se declarase o concurso.

b) O acordo de concesión do adiamento ou fraccionamento, salvo que razóns de contía discrecionalmente apreciadas pola Administración determinen o contrario, terá como referencia temporal máxima a prevista no acordo extraxudicial de pagamentos, aínda que a periodicidade dos prazos poderá ser diferente.

Os adiamentos e fraccionamentos de pagamento no seu día concedidos e vixentes na data de presentación da solicitude de adiamento ou fraccionamento a que se refire o número 2 anterior continuarán producindo plenos efectos, sen prexuízo das peticións de modificación nas súas condicións que se poidan presentar, caso en que as débedas a que estas se referisen se incorporarán á citada solicitude.

En todo caso, incorporaranse á solicitude de adiamento ou fraccionamento as débedas que na data de presentación desta estean incluídas en solicitudes pendentes de resolución.

4. De se tratar de débedas coa Seguridade Social, a tramitación das solicitudes de adiamento ou fraccionamento a que se refire o número 2 anterior rexeráse polo disposto no texto refundido da Lei da seguridade social e na súa normativa de desenvolvemento, coas seguintes especialidades:

a) O acordo de resolución do adiamento só se poderá ditar cando o acordo extraxudicial de pagamentos fose formalizado. Non obstante, será posible resolver antes da concorrencia de tal circunstancia se transcorren tres meses desde a presentación da solicitude sen que se publicase no «Boletín Oficial del Estado» a existencia de tal acordo ou se declarase o concurso.

b) O acordo de concesión do adiamento, salvo que razóns de contía discrecionalmente apreciadas pola Administración determinen o contrario, terá como referencia temporal máxima a prevista no acordo extraxudicial de pagamentos, aínda que a periodicidade dos prazos poderá ser diferente.

No caso de que o suxeito responsable teña adiamento de pagamento vixente na data da presentación da solicitude do acordo extraxudicial, este continuará tendo plenos efectos, sen prexuízo das reconsideracións ou modificacións que se poidan solicitar para efectos de incluír no adiamento algún período de débeda corrente ou de alterar algunha das condicións de amortización, respectivamente.»

Nove. Introdúcese unha nova disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Remuneración dos mediadores concursais.*

Serán de aplicación á remuneración dos mediadores concursais, aos cales se refire a presente lei, as normas establecidas ou que se establezan para a remuneración dos administradores concursais.»

Artigo 22. *Servizos dos puntos de atención ao emprendedor con ocasión do cesamento da actividade.*

1. As persoas físicas e xurídicas poderán realizar por vía telemática, a través do Punto de Atención ao Emprendedor do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, e do resto de puntos de atención ao emprendedor que presten este servizo de acordo co convenio suscrito para o efecto, todos os trámites administrativos necesarios para o cesamento da actividade de empresarios individuais e para a extinción e cesamento da actividade de sociedades mercantís.

En particular, poderase encargar a realización dos trámites seguintes:

- a) A solicitude da inscrición ao Rexistro Mercantil da disolución, liquidación e extinción da sociedade, do nomeamento dos liquidadores, do peche de sucursais e, en xeral, cancelación do resto de asentos rexistrais.
- b) A comunicación á Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social da extinción da empresa ou o cesamento definitivo da súa actividade e baixa dos traballadores ao seu servizo.
- c) A declaración de baixa no Censo de empresarios, profesionais e retedores, e declaración de baixa no imposto de actividades económicas.
- d) A comunicación da baixa nos rexistros sectoriais estatais, autonómicos e municipais nos cales se inscribise a empresa ou as súas instalacións.
- e) A comunicación de cesamento de actividade ás autoridades estatais, autonómicas e municipais cando esta sexa preceptiva.
- f) En caso de empresarios de responsabilidade limitada, a solicitude de cancelación das inscricións que resulten necesarias no Rexistro Mercantil, no Rexistro da Propiedade, de Bens Móbiles e en calquera outro rexistro en que estean inmatriculados os bens inembargables por débedas empresariais ou profesionais.

2. Na solicitude, que estará dispoñible en formato electrónico, o interesado poderá solicitar expresamente a non realización dalgún ou de varios trámites.

## TÍTULO II

### **Apoios fiscais e en materia de seguridade social aos emprendedores**

Artigo 23. *Réxime especial do criterio de caixa.*

A Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número un do artigo 120, que queda redactado da maneira seguinte:



«Un. Os réximes especiais no imposto sobre o valor engadido son os seguintes:

- 1.º Réxime simplificado.
- 2.º Réxime especial da agricultura, gandería e pesca.
- 3.º Réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección.
- 4.º Réxime especial aplicable ás operacións con ouro de investimento.
- 5.º Réxime especial das axencias de viaxes.
- 6.º Réxime especial da recarga de equivalencia.
- 7.º Réxime especial aplicable aos servizos prestados por vía electrónica.
- 8.º Réxime especial do grupo de entidades.
- 9.º Réxime especial do criterio de caixa.»

Dous. Introdúcese un novo capítulo X no título IX, coa redacción seguinte:

#### «CAPÍTULO X

##### **Réxime especial do criterio de caixa**

Artigo 163 decies. *Requisitos subxectivos de aplicación.*

Un. Poderán aplicar o réxime especial do criterio de caixa os suxeitos pasivos do imposto cuxo volume de operacións durante o ano natural anterior non superase os 2.000.000 de euros.

Dous. Cando o suxeito pasivo iniciase a realización de actividades empresariais ou profesionais no ano natural anterior, o importe do volume de operacións deberá elevarse ao ano.

Tres. Cando o suxeito pasivo non iniciase a realización de actividades empresariais ou profesionais no ano natural anterior, poderá aplicar este réxime especial no ano natural en curso.

Catro. Para efectos de determinar o volume de operacións efectuadas polo suxeito pasivo referido nos puntos anteriores, estas entenderanse realizadas cando se produza ou, se é o caso, se producise a devindicación do imposto sobre o valor engadido, se ás operacións non lles fose aplicable o réxime especial do criterio de caixa.

Cinco. Quedarán excluídos do réxime de caixa os suxeitos pasivos cuxos cobramentos en efectivo respecto dun mesmo destinatario durante o ano natural superen a contía que se determine regulamentariamente.

Artigo 163 undecies. *Condicións para a aplicación do réxime especial do criterio de caixa.*

O réxime especial do criterio de caixa pódono aplicar os suxeitos pasivos que cumpran os requisitos establecidos no artigo anterior e opten pola súa aplicación nos termos que se establezan regulamentariamente. A opción entenderase prorrogada salvo renuncia, que se efectuará nas condicións que regulamentariamente se establezan. Esta renuncia terá unha validez mínima de 3 anos.

Artigo 163 duodecies. *Requisitos obxectivos de aplicación.*

Un. O réxime especial do criterio de caixa poderano aplicar os suxeitos pasivos a que se refire o artigo 163 decies ás operacións que se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto.

O réxime especial do criterio de caixa referirase a todas as operacións realizadas polo suxeito pasivo sen prexuízo do establecido no punto seguinte deste artigo.

Dous. Quedan excluídas do réxime especial do criterio de caixa as operacións seguintes:

- a) As acollidas aos réximes especiais simplificado, da agricultura, gandaría e pesca, da recarga de equivalencia, do ouro de investimento, aplicable aos servizos prestados por vía electrónica e do grupo de entidades.
- b) As entregas de bens exentas a que se refiren os artigos 21, 22, 23, 24 e 25 desta lei.
- c) As adquisicións intracomunitarias de bens.
- d) Aquelas en que o suxeito pasivo do imposto sexa o empresario ou profesional para quen se realiza a operación de conformidade cos ordinais 2.º, 3.º e 4.º do número un do artigo 84 desta lei.
- e) As importacións e as operacións asimiladas ás importacións.
- f) Aquelas a que se refiren os artigos 9.1.º e 12 desta lei.

Artigo 163 terdecies. *Contido do réxime especial do criterio de caixa.*

Un. Nas operacións ás cales sexa de aplicación este réxime especial, o imposto devindicarse no momento do cobramento total ou parcial do prezo polos importes efectivamente percibidos ou, se este non se produciu, a devindicación producirase o 31 de decembro do ano inmediato posterior a aquel en que se realizou a operación.

Para estes efectos, deberase acreditar o momento do cobramento, total ou parcial, do prezo da operación.

Dous. A repercusión do imposto nas operacións ás cales sexa aplicable este réxime especial deberase efectuar no momento de expedir e entregar a factura correspondente, pero entenderase producida no momento da devindicación da operación determinado conforme o disposto no punto anterior.

Tres. Os suxeitos pasivos a que sexa de aplicación este réxime especial poderán practicar as súas deducións nos termos establecidos no título VIII desta lei, coas seguintes particularidades:

a) O dereito á dedución das cotas soportadas polos suxeitos pasivos acollidos a este réxime especial nace no momento do pagamento total ou parcial do prezo polos importes efectivamente satisfeitos ou, se este non se produciu, o 31 de decembro do ano inmediato posterior a aquel en que se realizou a operación.

O anterior será de aplicación con independencia do momento en que se entenda realizado o feito imponible.

Para estes efectos, deberase acreditar o momento do pagamento, total ou parcial, do prezo da operación.

b) O dereito á dedución só se poderá exercer na declaración-liquidación relativa ao período de liquidación en que nace o dereito á dedución das cotas soportadas ou nas dos sucesivos, sempre que non transcorrese o prazo de catro anos, contados a partir do nacemento do mencionado dereito.

c) O dereito á dedución das cotas soportadas caduca cando o titular non o exerce no prazo establecido na alínea anterior.

Catro. Determinaranse regulamentariamente as obrigas formais que deban cumprir os suxeitos pasivos que apliquen este réxime especial.

Artigo 163 quaterdecies. *Efectos da renuncia ou exclusión do réxime especial do criterio de caixa.*

A renuncia ou exclusión da aplicación do réxime especial do criterio de caixa determinará o mantemento das normas reguladas nel respecto das operacións efectuadas durante a súa vixencia nos termos sinalados no artigo anterior.

Artigo 163 quinquiesdecies. *Operacións afectadas polo réxime especial do criterio de caixa.*

Un. O nacemento do dereito á dedución dos suxeitos pasivos non acollidos ao réxime especial do criterio de caixa, pero que sexan destinatarios das operacións incluídas neste, en relación coas cotas soportadas por esas operacións, producirase no momento do pagamento total ou parcial do prezo destas, polos importes efectivamente satisfeitos, ou, se este non se produciu, o 31 de decembro do ano inmediato posterior a aquel en que se realizou a operación.

O anterior será de aplicación con independencia do momento en que se entenda realizado o feito imponible.

Para estes efectos, deberase acreditar o momento do pagamento, total ou parcial, do prezo da operación.

Determinaranse regulamentariamente as obrigas formais que deban cumprir os suxeitos pasivos que sexan destinatarios das operacións afectadas polo réxime especial do criterio de caixa.

Dous. A modificación da base imponible a que se refire o número catro do artigo 80 desta lei, efectuada por suxeitos pasivos que non se encontren acollidos ao réxime especial do criterio de caixa, determinará o nacemento do dereito á dedución das cotas soportadas polo suxeito pasivo debedor, acollido ao dito réxime especial, correspondentes ás operacións modificadas e que estean aínda pendentes de dedución na data en que se realice a referida modificación da base imponible.

Artigo 163 sexiesdecies. *Efectos do auto de declaración do concurso.*

A declaración de concurso do suxeito pasivo acollido ao réxime especial de criterio de caixa ou do suxeito pasivo destinatario das súas operacións determinará, na data do auto de declaración de concurso:

a) A devindicación das cotas repercutidas polo suxeito pasivo acollido ao réxime especial do criterio de caixa que estean aínda pendentes de devindicación na dita data;

b) O nacemento do dereito á dedución das cotas soportadas polo suxeito pasivo respecto das operacións en que fose destinatario e ás cales fose de aplicación o réxime especial do criterio de caixa, que estean pendentes de pagamento e nas cales non transcorrese o prazo previsto no artigo 163.terdecies.tres, letra a), na dita data;

c) O nacemento do dereito á dedución das cotas soportadas polo suxeito pasivo concursado acollido ao réxime especial do criterio de caixa, respecto das operacións en que fose destinatario, non acollidas ao dito réxime especial, que estean aínda pendentes de pagamento e nas cales non transcorrese o prazo previsto no artigo 163.terdecies.tres, letra a), na dita data.

O suxeito pasivo en concurso deberá declarar as cotas devindicadas e exercer a dedución das cotas soportadas, referidas nos parágrafos anteriores, na declaración-liquidación prevista regulamentariamente correspondente aos feitos impositivos anteriores á declaración de concurso. Así mesmo, o suxeito pasivo deberá declarar nesa declaración-liquidación as demais cotas soportadas que estean pendentes de dedución na dita data.»

Artigo 24. *Réxime especial de devindicación do imposto xeral indirecto canario por criterio de caixa.*

Con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2014, introdúcese un novo capítulo IX no título III da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, coa seguinte redacción:

## «CAPÍTULO IX

**Réxime especial do criterio de caixa**

Artigo 58 nonies. *Requisitos subxectivos de aplicación.*

Un. Poderán aplicar o réxime especial do criterio de caixa os suxeitos pasivos do imposto cuxo volume de operacións durante o ano natural anterior non superase os 2.000.000 de euros.

Dous. Cando o suxeito pasivo iniciase a realización de actividades empresariais ou profesionais no ano natural anterior, o importe do volume de operacións deberá elevarse ao ano.

Tres. Cando o suxeito pasivo non iniciase a realización de actividades empresariais ou profesionais no ano natural anterior, poderá aplicar este réxime especial no ano natural en curso.

Catro. Para efectos de determinar o volume de operacións efectuadas polo suxeito pasivo referido nos puntos anteriores, estas entenderanse realizadas cando se produza ou, se é o caso, se producise a devindicación do imposto xeral indirecto canario se ás operacións non lles tivese sido de aplicación o réxime especial do criterio de caixa.

Cinco. Quedarán excluídos do réxime do criterio de caixa os suxeitos pasivos cuxos cobramentos en efectivo respecto dun mesmo destinatario durante o ano natural superen a contía que determine regulamentariamente o Goberno de Canarias.

Artigo 58 decies. *Condicións para a aplicación do réxime especial do criterio de caixa.*

O réxime especial do criterio de caixa poderano aplicar os suxeitos pasivos que cumpran os requisitos establecidos no artigo anterior e opten pola súa aplicación nos termos que estableza regulamentariamente o Goberno de Canarias. A opción entenderase prorrogada salvo renuncia, que se efectuará nas condicións que regulamentariamente estableza o Goberno de Canarias. Esta renuncia terá unha validez mínima de 3 anos.

Artigo 58 undecies. *Requisitos obxectivos de aplicación.*

Un. O réxime especial do criterio de caixa poderano aplicar os suxeitos pasivos a que se refire o artigo 58 nonies ás operacións que se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto.

O réxime especial do criterio de caixa referirase a todas as operacións realizadas polo suxeito pasivo sen prexuízo do establecido no punto seguinte deste artigo.

Dous. Quedan excluídas do réxime especial do criterio de caixa as seguintes operacións:

- a) As acollidas aos réximes especiais simplificado, da agricultura e gandaría, do ouro de investimento e do grupo de entidades.
- b) As entregas de bens exentas a que se refiren os artigos 11, 12 e 13 desta lei.
- c) Aquelas en que o suxeito pasivo do imposto sexa o empresario ou profesional para quen se realiza a operación de conformidade co ordinal 2.º do número 1 do artigo 19 desta lei.
- d) As importacións e as operacións asimiladas ás importacións.

Artigo 58 duodecies. *Contido do réxime especial do criterio de caixa.*

Un. Nas operacións ás cales sexa de aplicación este réxime especial, o imposto devindicarase no momento do cobramento total ou parcial do prezo polos importes efectivamente percibidos ou, se este non se produciu, a devindicación producirase o 31 de decembro do ano inmediato posterior a aquel en que se realizou a operación.

Para estes efectos, deberase acreditar o momento do cobramento, total ou parcial, do prezo da operación.

Dous. A repercusión do imposto nas operacións ás cales sexa de aplicación este réxime especial deberase efectuar no momento de expedir e entregar a factura correspondente, pero entenderase producida no momento da devindicación da operación determinada conforme o disposto no punto anterior.

Tres. Os suxeitos pasivos aos cales sexa de aplicación este réxime especial poderán practicar as súas deducións nos termos establecidos no título II desta lei, coas particularidades seguintes:

a) O dereito á dedución das cotas soportadas polos suxeitos pasivos acollidos a este réxime especial nace no momento do pagamento total ou parcial do prezo polos importes efectivamente satisfeitos ou, se este non se produciu, o 31 de decembro do ano inmediato posterior a aquel en que se realizou a operación.

O anterior será de aplicación con independencia do momento en que se entenda realizado o feito imponible.

Para estes efectos, deberase acreditar o momento do pagamento, total ou parcial, do prezo da operación.

b) O dereito á dedución só se poderá exercer na declaración-liquidación relativa ao período de liquidación en que nace o dereito á dedución das cotas soportadas ou nas dos sucesivos, sempre que non transcorrese o prazo de catro anos, contados a partir do nacemento do mencionado dereito.

c) O dereito á dedución das cotas soportadas caduca cando o titular non o exercese no prazo establecido na alínea anterior.

Catro. Regulamentariamente o Goberno de Canarias determinará as obrigas formais que deban cumprir os suxeitos pasivos que apliquen este réxime especial.

Artigo 58 terdecies. *Efectos da renuncia ou exclusión do réxime especial do criterio de caixa.*

A renuncia ou exclusión da aplicación do réxime especial do criterio de caixa determinará o mantemento das normas reguladas neste respecto das operacións efectuadas durante a súa vixencia nos termos sinalados no artigo anterior.

Artigo 58 quaterdecies. *Operacións afectadas polo réxime especial do criterio de caixa.*

Un. O nacemento do dereito á dedución dos suxeitos pasivos non acollidos ao réxime especial do criterio de caixa, pero que sexan destinatarios das operacións incluídas neste, en relación coas cotas soportadas por esas operacións, producirase no momento do pagamento total ou parcial do seu prezo, polos importes efectivamente satisfeitos ou, se este non se produciu, o 31 de decembro do ano inmediato posterior a aquel en que se realizou a operación.

O anterior será de aplicación con independencia do momento en que se entenda realizado o feito imponible.

Para estes efectos, deberase acreditar o momento do pagamento, total ou parcial, do prezo da operación.

Regulamentariamente o Goberno de Canarias determinará as obrigas formais que deban cumprir os suxeitos pasivos que sexan destinatarios das operacións afectadas polo réxime especial do criterio de caixa.

Dous. A modificación da base imponible a que se refire o número 7 do artigo 22 desta lei, efectuada por suxeitos pasivos que non se encontren acollidos ao réxime especial do criterio de caixa, determinará o nacemento do dereito á dedución das cotas soportadas polo suxeito pasivo debedor, acollido ao dito réxime especial, correspondentes ás operacións modificadas e que estean aínda pendentes de dedución na data en que se realice a referida modificación da base imponible.

Artigo 58 quinquiesdecies. *Efectos do auto de declaración do concurso.*

A declaración de concurso do suxeito pasivo acollido ao réxime especial de criterio de caixa ou do suxeito pasivo destinatario das súas operacións determinará, na data do auto de declaración de concurso:

a) A devindicación das cotas repercutidas polo suxeito pasivo acollido ao réxime especial do criterio de caixa que estean aínda pendentes de devindicación na dita data;

b) O nacemento do dereito á dedución das cotas soportadas polo suxeito pasivo respecto das operacións en que fose destinatario e ás cales fose de aplicación o réxime especial do criterio de caixa que estean pendentes de pagamento e nas cales non transcorrese o prazo previsto no artigo 58 duodecies. tres, letra a), na dita data;

c) O nacemento do dereito á dedución das cotas soportadas polo suxeito pasivo concursado acollido ao réxime especial do criterio de caixa, respecto das operacións en que fose destinatario, non acollidas ao dito réxime especial que estean aínda pendentes de pagamento e nas cales non transcorrese o prazo previsto no artigo 58 duodecies. tres, letra a), na dita data.

O suxeito pasivo en concurso deberá declarar as cotas devindicadas e exercer a dedución das cotas soportadas referidas nos parágrafos anteriores na declaración-liquidación prevista regulamentariamente polo Goberno de Canarias, correspondente aos feitos impositivos anteriores á declaración de concurso. Así mesmo, o suxeito pasivo deberá declarar na dita declaración-liquidación as demais cotas soportadas que estean pendentes de dedución na dita data.»

Artigo 25. *Incentivos fiscais por investimento de beneficios.*

Modifícase o artigo 37 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 37. *Dedución por investimento de beneficios.*

1. As entidades que cumpran os requisitos establecidos no artigo 108 e tributen de acordo coa escala de gravames prevista no artigo 114, ambos desta lei, terán dereito a unha dedución na cota íntegra do 10 por cento dos beneficios do exercicio, sen incluír a contabilización do imposto sobre sociedades, que se invistan en elementos novos do inmovilizado material ou investimentos inmobiliarios afectos a actividades económicas, sempre que cumpran as condicións establecidas neste artigo.

Esta dedución será do 5 por cento no caso de entidades que tributen de acordo coa escala de gravames prevista na disposición adicional décimo segunda desta lei.

O investimento entenderase efectuado na data en que se produza a posta á disposición dos elementos patrimoniais, mesmo no suposto de elementos patrimoniais que sexan obxecto dos contratos de arrendamento financeiro aos cales se refire o número 1 da disposición adicional sétima da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito. Non obstante, neste último caso a dedución estará condicionada, con carácter resolutorio, ao exercicio da opción de compra.

No caso de entidades que tributen no réxime de consolidación fiscal, o investimento poderá efectuarse calquera entidade que forme parte do grupo.

2. O investimento en elementos patrimoniais afectos a actividades económicas deberase realizar no prazo comprendido entre o inicio do período impositivo en que se obteñen os beneficios obxecto de investimento e os dous anos posteriores ou, excepcionalmente, de acordo cun plan especial de investimento aprobado pola Administración tributaria por proposta do suxeito pasivo.

3. A dedución practícarase na cota íntegra correspondente ao período impositivo en que se efectúe o investimento.

4. A base da dedución resultará de aplicar ao importe dos beneficios do exercicio, sen incluír a contabilización do imposto sobre sociedades, obxecto de investimento, un coeficiente determinado por:

a) No numerador: os beneficios obtidos no exercicio, sen incluír a contabilización do imposto sobre sociedades, minorados por aquelas rendas ou ingresos que sexan obxecto de exención, redución, bonificación, dedución do artigo 15.9 desta lei ou dedución por dobre imposición, exclusivamente na parte exenta, reducida, bonificada ou deducida na base imponible, ou ben que xerese dereito a dedución na cota íntegra.

b) No denominador: os beneficios obtidos no exercicio, sen incluír a contabilización do imposto sobre sociedades.

O coeficiente que resulte tomarase con dous decimais redondeado por defecto.

No caso de entidades que tributen no réxime de consolidación fiscal, o coeficiente calcularase a partir dos beneficios que resulten da conta de perdas e ganancias a que se refire o artigo 79 desta lei e teranse en conta os axustes a que se refire a anterior alínea a) que correspondan a todas as entidades que forman parte do grupo fiscal, excepto que non formen parte dos referidos beneficios.

5. As entidades que apliquen esta dedución deberán dotar unha reserva por investimentos, por un importe igual á base de dedución, que será indisponible mentres que os elementos patrimoniais en que se realice o investimento deban permanecer na entidade.

A reserva por investimentos deberase dotar con cargo aos beneficios do exercicio cuxo importe é obxecto de investimento.

No caso de entidades que tributen no réxime de consolidación fiscal, esta reserva será dotada pola entidade que realiza o investimento, salvo que non lle resulte posible, caso en que deberá ser dotada por outra entidade do grupo fiscal.

6. Os elementos patrimoniais obxecto de investimento deberán permanecer en funcionamento no patrimonio da entidade, salvo perda xustificada, durante un prazo de 5 anos, ou durante a súa vida útil de resultar inferior.

Non obstante, non se perderá a dedución se se produciu a transmisión dos elementos patrimoniais obxecto de investimentos antes da finalización do prazo sinalado no parágrafo anterior e se investiu o importe obtido ou o valor neto contable, se é menor, nos termos establecidos neste artigo.

7. Esta dedución é incompatible coa aplicación da liberdade de amortización, coa dedución por investimentos regulada no artigo 94 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias,

e coa reserva para investimentos en Canarias regulada no artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.

8. Os suxeitos pasivos farán constar na memoria das contas anuais a información seguinte:

- a) O importe dos beneficios acollido á dedución e o exercicio en que se obtiveron.
- b) A reserva indispoñible que debe figurar dotada.
- c) Identificación e importe dos elementos adquiridos.
- d) A data ou datas en que os elementos foron obxecto de adquisición e afectación á actividade económica.

Esta mención na memoria deberase realizar ata que se cumpra o prazo de mantemento a que se refire o número 6 deste artigo.

9. O incumprimento de calquera dos requisitos previstos neste artigo determinará a perda do dereito desta dedución e a súa regularización na forma establecida no artigo 137.3 desta lei.»

*Artigo 26. Incentivos fiscais ás actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, ás rendas procedentes de determinados activos intanxibles e á creación de emprego para traballadores con discapacidade.*

Modifícase o texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, da maneira seguinte:

Un. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 44, pasando o que era 3 a numerarse como 4, que quedan redactados da maneira seguinte:

«2. Non obstante, no caso de entidades ás cales lles resulte de aplicación o tipo xeral de gravames, o tipo do 35 por cento, ou a escala de gravames prevista no artigo 114 desta lei, as deducións por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica a que se refiren os números 1 e 2 do artigo 35 desta lei, que se xeren en períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2013, poderán, opcionalmente, quedar excluídas do límite establecido no último parágrafo do punto anterior, e aplicarse cun desconto do 20 por cento do seu importe, nos termos establecidos neste punto. No caso de insuficiencia de cota, poderase solicitar o seu aboamento á Administración tributaria a través da declaración deste imposto, unha vez finalizado o prazo a que se refire a alínea a) seguinte. Este aboamento rexerá polo disposto no artigo 31 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento, sen que, en ningún caso, se produza a devindicación do xuro de demora a que se refire o número 2.

O importe da dedución aplicada ou aboada, de acordo co disposto neste punto, no caso das actividades de innovación tecnolóxica non poderá superar conxuntamente o importe de 1 millón de euros anuais. Así mesmo, o importe da dedución aplicada ou aboada polas actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica, de acordo co disposto neste punto, non poderá superar conxuntamente, e por todos os conceptos, os 3 millóns de euros anuais. Ambos os límites se aplicarán a todo o grupo de sociedades no suposto de entidades que formen parte do mesmo grupo segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio.

Para a aplicación do disposto neste punto será necesario o cumprimento dos requisitos seguintes:

- a) Que transcorra, polo menos, un ano desde a finalización do período impositivo en que se xerou a dedución, sen que esta fose obxecto de aplicación.
- b) Que o cadro de persoal medio ou, alternativamente, o cadro de persoal medio adscrito a actividades de investigación e desenvolvemento e innovación



tecnolóxica non se vexa reducido desde o final do período impositivo en que se xerou a dedución ata a finalización do prazo a que se refire a alínea c) seguinte.

c) Que se destine un importe equivalente á dedución aplicada ou aboada a gastos de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica ou a investimentos en elementos do inmovilizado material ou activo intanxible exclusivamente afectos ás ditas actividades, excluídos os inmoables, nos 24 meses seguintes á finalización do período impositivo en cuxa declaración se realice a correspondente aplicación ou aboamento.

d) Que a entidade obtivese un informe motivado sobre a cualificación da actividade como investigación e desenvolvemento ou innovación tecnolóxica ou un acordo previo de valoración dos gastos e investimentos correspondentes ás ditas actividades, nos termos establecidos no número 4 do artigo 35 desta lei.

O incumprimento de calquera destes requisitos comportará a regularización das cantidades indebidamente aplicadas ou aboadas, na forma establecida no artigo 137.3 desta lei.

3. Un mesmo investimento non poderá dar lugar á aplicación de máis dunha dedución na mesma entidade salvo disposición expresa, nin poderá dar lugar á aplicación dunha dedución en máis dunha entidade.»

Dous. Modifícase o artigo 23, que queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 23. *Redución das rendas procedentes de determinados activos intanxibles.*

1. As rendas procedentes da cesión do dereito de uso ou de explotación de patentes, debuxos ou modelos, planos, fórmulas ou procedementos secretos, de dereitos sobre informacións relativas a experiencias industriais, comerciais ou científicas, integraranse na base imponible nun 40 por cento do seu importe, cando se cumpran os requisitos seguintes:

a) Que a entidade cedente crease os activos obxecto de cesión, polo menos, nun 25 por cento do seu custo.

b) Que o cesionario utilice os dereitos de uso ou de explotación no desenvolvemento dunha actividade económica e que os resultados desa utilización non se materialicen na entrega de bens ou prestación de servizos polo cesionario que xeren gastos fiscalmente deducibles na entidade cedente, sempre que, neste último caso, a dita entidade estea vinculada co cesionario.

c) Que o cesionario non resida nun país ou territorio de nula tributación ou considerado como paraíso fiscal, salvo que estea situado nun Estado membro da Unión Europea e o suxeito pasivo acredite que a operativa responde a motivos económicos válidos.

d) Cando un mesmo contrato de cesión inclúa prestacións accesorias de servizos, deberase diferenciar no dito contrato a contraprestación correspondente a eles.

e) Que a entidade dispoña dos rexistros contables necesarios para poder determinar os ingresos e gastos, directos e indirectos, correspondentes aos activos obxecto de cesión.

O disposto neste punto tamén resultará de aplicación no caso de transmisión dos activos intanxibles referidos nel, cando esa transmisión se realice entre entidades que non formen parte dun grupo de sociedades segundo os criterios establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obriga de formular contas anuais consolidadas.

2. No caso de cesión de activos intanxibles, para os efectos do disposto no punto anterior entenderase por rendas a diferenza positiva entre os ingresos do exercicio procedentes da cesión do dereito de uso ou de explotación dos activos e

as cantidades que sexan deducidas nel por aplicación dos artigos 11.4 ou 12.7 desta lei, por deterioracións, e por aqueles gastos do exercicio directamente relacionados co activo cedido.

Non obstante, no caso de activos intanxibles non recoñecidos no balance da entidade, entenderase por rendas o 80 por cento dos ingresos procedentes da cesión daqueles.

3. Esta redución deberase ter en conta para os efectos da determinación do importe da cota íntegra a que se refire o artigo 31.1.b) desta lei.

4. De se tratar de entidades que tributen no réxime de consolidación fiscal, as operacións que dean lugar á aplicación do disposto neste artigo estarán sometidas ás obrigas de documentación a que se refire o número 2 do artigo 16 desta lei.

5. En ningún caso darán dereito á redución as rendas procedentes da cesión do dereito de uso ou de explotación, ou da transmisión, de marcas, obras literarias, artísticas ou científicas, incluídas as películas cinematográficas, de dereitos persoais susceptibles de cesión, como os dereitos de imaxe, de programas informáticos, equipamentos industriais, comerciais ou científicos, nin de calquera outro dereito ou activo distinto dos sinalados no número 1.

6. Para efectos de aplicar a presente redución, con carácter previo á realización das operacións o suxeito pasivo poderá solicitar á Administración tributaria a adopción dun acordo previo de valoración en relación cos ingresos procedentes da cesión dos activos e dos gastos asociados, así como das rendas xeradas na transmisión. Esta solicitude irá acompañada dunha proposta de valoración, que se fundamentará no valor de mercado.

A proposta poderase entender desestimada unha vez transcorrido o prazo de resolución.

Fixarase regulamentariamente o procedemento para a resolución dos acordos previos de valoración a que se refire este punto.

7. Así mesmo, con carácter previo á realización das operacións, o suxeito pasivo poderá solicitar á Administración tributaria un acordo previo de cualificación dos activos como pertencentes a algunha das categorías a que se refire o número 1 deste artigo, e de valoración en relación cos ingresos procedentes da cesión daqueles e dos gastos asociados, así como das rendas xeradas na transmisión. Esta solicitude irá acompañada dunha proposta de valoración, que se fundamentará no valor de mercado.

A proposta poderá entenderse desestimada unha vez transcorrido o prazo de resolución.

A resolución deste acordo requirirá informe vinculante emitido pola Dirección Xeral de Tributos en relación coa cualificación dos activos. En caso de estimalo procedente, a Dirección Xeral de Tributos poderá solicitar ao Ministerio de Economía e Competitividade opinión non vinculante ao respecto.

Fixarase regulamentariamente o procedemento para a resolución dos acordos previos de cualificación e valoración a que se refire este punto.

8. A aplicación do disposto no último parágrafo do número 1 deste artigo é incompatible coa dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios regulada no artigo 42 desta lei.»

Tres. Modifícase o artigo 41, que queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 41. *Dedución por creación de emprego para traballadores con discapacidade.*

1. Será deducible da cota íntegra a cantidade de 9.000 euros por cada persoa/ano de incremento da media de cadro de persoal de traballadores con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 por cento e inferior ao 65 por cento, contratados polo suxeito pasivo, experimentado durante o período impositivo,

respecto ao cadro de persoal medio de traballadores da mesma natureza do período inmediato anterior.

2. Será deducible da cota íntegra a cantidade de 12.000 euros por cada persoa/ano de incremento da media de cadro de persoal de traballadores con discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 por cento, contratados polo suxeito pasivo, experimentado durante o período impositivo, respecto ao cadro de persoal medio de traballadores da mesma natureza do período inmediato anterior.

3. Os traballadores contratados que dean dereito á dedución prevista neste artigo non se computarán para efectos da liberdade de amortización con creación de emprego regulada no artigo 109 desta lei.»

Catro. Engádesse unha disposición transitoria cuadraxésima, que queda redactada da maneira seguinte:

«Disposición transitoria cuadraxésima. *Réxime transitorio da redución de ingresos procedentes de determinados activos intanxibles.*

As cesións do dereito de uso ou de explotación de activos intanxibles que se realizasen con anterioridade á entrada en vigor da Lei 14/2013, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, regularanse polo establecido no artigo 23 desta lei, segundo a redacción dada pola disposición adicional oitava. oito da Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea.»

Artigo 27. *Incentivos fiscais para investimentos en empresas de nova ou recente creación e por investimento de beneficios.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Suprímese a alínea d) do número 4 do artigo 33.

Dous. Modifícase o artigo 38, que queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 38. *Reinvestimento nos supostos de transmisión de vivenda habitual ou de accións ou participacións en empresas de nova ou recente creación.*

1. Poderanse excluír de gravame as ganancias patrimoniais obtidas pola transmisión da vivenda habitual do contribuínte sempre que o importe total obtido pola transmisión se reinvesta na adquisición dunha nova vivenda habitual nas condicións que se determinen regulamentariamente.

Cando o importe reinvestido sexa inferior ao total do percibido na transmisión, unicamente se excluírá de tributación a parte proporcional da ganancia patrimonial obtida que corresponda á cantidade reinvestida.

2. Poderanse excluír de gravames as ganancias patrimoniais que se poñan de manifesto con ocasión da transmisión de accións ou participacións polas cales se practícase a dedución prevista no artigo 68.1 desta lei, sempre que o importe total obtido pola súa transmisión se reinvesta na adquisición de accións ou participacións das citadas entidades nas condicións que se determinen regulamentariamente.

Cando o importe reinvestido sexa inferior ao total percibido na transmisión, unicamente se excluírá de tributación a parte proporcional da ganancia patrimonial obtida que corresponda á cantidade reinvestida.

Non resultará de aplicación o disposto neste punto nos supostos seguintes:

a) Cando o contribuínte adquirise valores homoxéneos no ano anterior ou posterior á transmisión das accións ou participacións. Neste caso, a exención non procederá respecto dos valores que, como consecuencia desta adquisición, permanezan no patrimonio do contribuínte.

b) Cando as accións ou participacións se transmitan ao seu cónxuxe, a calquera persoa unida ao contribuínte por parentesco, en liña recta ou colateral, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao incluído, a unha entidade respecto da cal se produza, co contribuínte ou con calquera das persoas anteriormente citadas, algunha das circunstancias establecidas no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obriga de formular contas anuais consolidadas, distinta da propia entidade cuxas participacións se transmiten.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 67, que queda redactado da maneira seguinte:

«1. A cota líquida estatal do imposto será o resultado de diminuír a cota íntegra estatal na suma de:

a) A dedución por investimento en empresas de nova ou recente creación prevista no número 1 do artigo 68 desta lei.

b) O 50 por cento do importe total das deducións previstas nos números 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 68 desta lei.»

Catro. Engádesse un novo número 1 ao artigo 68, que queda redactado da maneira seguinte:

«1. Dedución por investimento en empresas de nova ou recente creación.

1.º Os contribuíntes poderán deducir o 20 por cento das cantidades satisfeitas no período de que se trate pola subscrición de accións ou participacións en empresas de nova ou recente creación cando se cumpra o disposto nos ordinais 2.º e 3.º deste punto, e poderán, ademais da achega temporal ao capital, achegar os seus coñecementos empresariais ou profesionais adecuados para o desenvolvemento da entidade en que invisten, nos termos que estableza o acordo de investimento entre o contribuínte e a entidade.

A base máxima de dedución será de 50.000 euros anuais e estará formada polo valor de adquisición das accións ou participacións subscritas.

Non formará parte da base de dedución o importe das accións ou participacións adquiridas co saldo da conta aforro-empresa, na medida en que o dito saldo fose obxecto de dedución, nin as cantidades satisfeitas pola subscrición de accións ou participacións cando, respecto de tales cantidades, o contribuínte practique unha dedución establecida pola comunidade autónoma no exercicio das competencias previstas na Lei 22/2009, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

2.º A entidade cuxas accións ou participacións se adquiran deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Revestir a forma de sociedade anónima, sociedade de responsabilidade limitada, sociedade anónima laboral ou sociedade de responsabilidade limitada laboral, nos termos previstos no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e na Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais, e non estar admitida a negociación en ningún mercado organizado.

Este requisito deberase cumprir durante todos os anos de tenza da acción ou participación.

b) Exercer unha actividade económica que conte cos medios persoais e materiais para o seu desenvolvemento. En particular, non poderá ter por actividade a xestión dun patrimonio mobiliario ou inmobiliario a que se refire o artigo 4.8.dous.a) da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, en ningún dos períodos impositivos da entidade concluídos con anterioridade á transmisión da participación.

c) O importe da cifra dos fondos propios da entidade non poderá ser superior a 400.000 euros no inicio do período impositivo desta en que o contribuínte adquira as accións ou participacións.

Cando a entidade forme parte dun grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obriga de formular contas anuais consolidadas, o importe dos fondos propios referirase ao conxunto de entidades pertencentes ao dito grupo.

3.º Para efectos de aplicar o disposto no ordinal 1.º anterior, deberanse cumprir as condicións seguintes:

a) As accións ou participacións na entidade deberán ser adquiridas polo contribuínte ben no momento da constitución daquela ou mediante ampliación de capital efectuada nos tres anos seguintes a esta constitución, e permanecer no seu patrimonio por un prazo superior a tres anos e inferior a doce anos.

b) A participación directa ou indirecta do contribuínte, xunto coa que posúan na mesma entidade o seu cónxuxe ou calquera persoa unida ao contribuínte por parentesco, en liña recta ou colateral, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao incluído, non pode ser, durante ningún día dos anos naturais de tenza da participación, superior ao 40 por cento do capital social da entidade ou dos seus dereitos de voto.

c) Que non se trate de accións ou participacións nunha entidade a través da cal se exerza a mesma actividade que se viña exercendo anteriormente mediante outra titularidade.

4.º Cando o contribuínte transmita accións ou participacións e opte pola aplicación da exención prevista no número 2 do artigo 38 desta lei, unicamente formará parte da base da dedución correspondente ás novas accións ou participacións subscritas a parte do reinvestimento que exceda o importe total obtido na transmisión daquelas. En ningún caso se poderá practicar dedución polas novas accións ou participacións mentres as cantidades investidas non superen a citada contía.

5.º Para a práctica da dedución será necesario obter unha certificación expedida pola entidade cuxas accións ou participacións se adquirisen, en que se indique o cumprimento dos requisitos sinalados no número 2.º anterior no período impositivo no cal se produciu a adquisición destas.»

Cinco. Modifícase o número 2 do artigo 68, que queda redactado da maneira seguinte:

«2. Deducións en actividades económicas.

Aos contribuíntes por este imposto que exerzan actividades económicas seranlles de aplicación os incentivos e estímulo ao investimento empresarial establecidos ou que se establezan na normativa do imposto sobre sociedades con igualdade de porcentaxes e límites de dedución, con excepción do disposto nos artigos 42 e 44.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

A dedución prevista no artigo 37 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades aplicarase coas seguintes especialidades:

1.º Darán dereito á dedución os rendementos netos de actividades económicas do período impositivo que se invistan en elementos novos do inmovilizado material ou investimentos inmobiliarios afectos a actividades económicas desenvolvidas polo contribuínte.

Para estes efectos, entenderase que os rendementos netos de actividades económicas do período impositivo son obxecto de investimento cando, nos termos previstos no artigo 37 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, se invista unha contía equivalente á parte da base liquidable xeral positiva do período impositivo que corresponda a tales rendementos, sen que en ningún caso a mesma contía se poida entender investida en máis dun activo.

A base da dedución será a contía a que se refire o parágrafo anterior.

2.º A porcentaxe de dedución será do 5 por cento cando o contribuínte practicase a redución prevista no número 3 do artigo 32 desta lei ou na disposición adicional vixésimo sétima desta lei, ou se trate de rendas obtidas en Ceuta e Melilla respecto das cales se aplicase a dedución prevista no artigo 68.4 desta lei.

3.º O importe da dedución non poderá exceder a suma da cota íntegra estatal e autonómica do período impositivo en que se obtiveron os rendementos netos de actividades económicas sinalados no ordinal 1.º anterior.

4.º Non resultará de aplicación o disposto nos números 5 e 8 do artigo 37 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Non obstante, cando se trate de contribuíntes por este imposto que exerzan actividades económicas e determinen o seu rendemento neto polo método de estimación obxectiva, os incentivos a que se refire este número 2 só lles serán de aplicación cando así se estableza regulamentariamente tendo en conta as características e obrigas formais do citado método.»

Seis. Modifícase o número 2 do artigo 69, que queda redactado da maneira seguinte:

«2. Os límites da dedución a que se refire o número 2 do artigo 68 desta lei serán os que estableza a normativa do imposto sobre sociedades para os incentivos e estímulos ao investimento empresarial. Estes límites aplicaranse sobre a cota que resulte de minorar a suma das cotas íntegras, estatal e autonómica, no importe total das deducións por investimento en empresas de nova ou recente creación, prevista no seu artigo 68.1, e por actuacións para a protección e difusión do patrimonio histórico español e das cidades, conxuntos e bens declarados patrimonio mundial, prevista no artigo 68.5 desta lei.»

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 70, que queda redactado da maneira seguinte:

«1. A aplicación da dedución por conta aforro-empresa e da dedución por investimento en empresas de nova ou recente creación requirirá que o importe comprobado do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período da imposición exceda o valor que reflecta a súa comprobación ao comezo deste polo menos na contía dos investimentos realizados.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 77, que queda redactado da maneira seguinte:

«1. A cota líquida autonómica será o resultado de diminuír a cota íntegra autonómica na suma:

a) Do 50 por cento do importe total das deducións previstas nos números 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 68 desta lei, cos límites e requisitos de situación patrimonial previstos nos seus artigos 69 e 70.

b) Do importe das deducións establecidas pola comunidade autónoma no exercicio das competencias previstas na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que

se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.»

Nove. Modifícase a alínea e) do número 2 do artigo 105, que queda redactada da maneira seguinte:

«e) Para as entidades a que se refire o artigo 68.1 desta lei cuxos socios ou accionistas solicitasen a certificación prevista nel.»

Dez. Suprímese a disposición adicional trixésimo cuarta.

Once. Modifícase a disposición adicional trixésimo oitava, que queda redactada da maneira seguinte:

«Disposición adicional trixésimo oitava. *Aplicación de determinados incentivos fiscais.*

1. O previsto no número 3 do artigo 32 desta lei soamente resultará de aplicación aos contribuíntes que iniciasen o exercicio dunha actividade económica a partir do 1 de xaneiro de 2013.

2. O previsto nos artigos 38.2 e 68.1 desta lei soamente resultará de aplicación respecto das accións ou participacións subscritas a partir da entrada en vigor da Lei 14/2013, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

3. A dedución prevista no artigo 37 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades a que se refire o artigo 68.2 desta lei só resultará de aplicación respecto dos rendementos netos de actividades económicas obtidos a partir do 1 de xaneiro de 2013.»

Doce. Engádesse unha nova disposición transitoria vixésimo sétima, co seguinte contido:

«Disposición transitoria vixésimo sétima. *Accións ou participacións de entidades de nova ou recente creación adquiridas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 14/2013, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.*

Os contribuíntes que obteñan ganancias patrimoniais que se poñan de manifesto con ocasión da transmisión de accións ou participacións adquiridas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 14/2013 poderán aplicar a exención prevista na disposición adicional trixésimo cuarta desta lei na súa redacción en vigor en 31 de decembro de 2012, sempre que se cumpran os requisitos e as condicións establecidos na dita disposición adicional.»

**Artigo 28. *Cotización aplicable aos traballadores incluídos no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos nos casos de pluriactividade con xornada laboral a tempo completo ou a tempo parcial superior ao 50 por cento.***

1. Os traballadores que causen alta por primeira vez no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos e con motivo desta inicien unha situación de pluriactividade a partir da entrada en vigor desta norma, poderán elixir como base de cotización nese momento a comprendida entre o 50 por cento da base mínima de cotización establecida anualmente con carácter xeral na Lei de orzamentos xerais do Estado durante os primeiros dezaioito meses e o 75 por cento durante os seguintes dezaioito meses, ata as bases máximas establecidas para este réxime especial.

2. Nos supostos de traballadores en situación de pluriactividade en que a actividade laboral por conta allea sexa a tempo parcial cunha xornada a partir do 50 por cento da correspondente á dun traballador con xornada a tempo completo comparable, poderase elixir, no momento da alta, como base de cotización a

comprendida entre o 75 por cento da base mínima de cotización establecida anualmente con carácter xeral na Lei de orzamentos xerais do Estado durante os primeiros dezoito meses e o 85 por cento durante os seguintes dezoito meses, ata as bases máximas establecidas para este réxime especial.

3. A aplicación desta medida será incompatible con calquera outra bonificación ou redución establecida como medida de fomento do emprego autónomo, así como co previsto no artigo 113 cinco.7 da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, ou artigos equivalentes das sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 29. *Reducións á Seguridade Social aplicables aos traballadores por conta propia.*

Engádesse unha nova disposición adicional, trixésimo quinta bis, ao texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo quinta bis. *Reducións á Seguridade Social aplicables aos traballadores por conta propia.*

1. Aos traballadores por conta propia que teñan 30 ou máis anos de idade e causen alta inicial ou que non estivesen en situación de alta nos cinco anos inmediatamente anteriores, contados desde a data de efectos da alta, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos poderánselles aplicar as seguintes reducións sobre a cota por contingencias comúns; a cota que se reducirá será o resultado de lle aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento, incluída a incapacidade temporal, por un período máximo de 18 meses, segundo a escala seguinte:

- a) Unha redución equivalente ao 80 por cento da cota durante os 6 meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta.
- b) Unha redución equivalente ao 50 por cento da cota durante os 6 meses seguintes ao período sinalado na alínea a).
- c) Unha redución equivalente ao 30 por cento da cota durante os 6 meses seguintes ao período sinalado na alínea b).

O previsto neste punto non resultará de aplicación aos traballadores por conta propia que empreguen traballadores por conta allea.

2. Os traballadores por conta propia que opten polo sistema do número anterior non se poderán acoller ás bonificacións e reducións da disposición adicional trixésimo quinta.

3. O disposto nos puntos anteriores será tamén de aplicación aos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado que estean encadrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, cando cumpran os requisitos previstos neses puntos.

4. As reducións de cotas previstas nesta disposición adicional son soportadas polo orzamento de ingresos da Seguridade Social.»

Artigo 30. *Reducións e bonificacións de cotas á Seguridade Social para as persoas con discapacidade que se establezan como traballadores por conta propia.*

Modifícase a disposición adicional décimo primeira da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade, que queda redactada da maneira seguinte:



«Disposición adicional décimo primeira. *Reducións e bonificacións de cotas á Seguridade Social para as persoas con discapacidade que se establezan como traballadores por conta propia.*

1. As persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento que causen alta inicial no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos beneficiaranse, durante os cinco anos seguintes á data de efectos da alta, das seguintes reducións e bonificacións sobre a cota por contingencias comúns; a cota que se reducirá será o resultado de lle aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento, incluída a incapacidade temporal, por un período máximo de 5 anos, segundo a escala seguinte:

a) Unha redución equivalente ao 80 por cento da cota durante os 6 meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta.

O previsto nesta alínea a) non resultará de aplicación aos traballadores por conta propia con discapacidade que empreguen traballadores por conta allea.

b) Unha bonificación equivalente ao 50 por cento da cota durante os 54 meses seguintes.

2. Cando os traballadores por conta propia cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento teñan menos de 35 anos de idade e causen alta inicial ou non estivesen en situación de alta nos cinco anos inmediatamente anteriores, contados desde a data de efectos da alta, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, poderanse aplicar as seguintes reducións e bonificacións sobre a cota por contingencias comúns; a cota que se reducirá será o resultado de lle aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento, incluída a incapacidade temporal, por un período máximo de 5 anos, segundo a escala seguinte:

a) Unha redución equivalente ao 80 por cento da cota durante os 12 meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta.

b) Unha bonificación equivalente ao 50 por cento da cota durante os catro anos seguintes.

O previsto neste punto non resultará de aplicación aos traballadores por conta propia con discapacidade que empreguen traballadores por conta allea.

3. Os traballadores por conta propia con discapacidade a que se refire o punto anterior, que optasen polo sistema descrito neste, poderán acollerse posteriormente, se for o caso, ás reducións e bonificacións do número 1, sempre e cando o cómputo total destas non supere o prazo máximo de 60 mensualidades.

4. O disposto nos puntos anteriores será tamén de aplicación aos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado, que estean encadrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, cando cumpran os requisitos dos puntos anteriores desta disposición adicional.

5. As bonificacións e reducións de cotas previstas nesta disposición adicional financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal e serán soportadas polo orzamento de ingresos da Seguridade Social, respectivamente.»

## TÍTULO III

**Apoio ao financiamento dos emprendedores**

Artigo 31. *Acordos de refinanciamento.*

A Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, queda modificada como segue:

Un. Introdúcese un novo artigo 71 bis coa redacción seguinte:

«Artigo 71 bis. *Nomeamento do experto polo rexistrador.*

O nomeamento do experto independente que ten que verificar os acordos de refinanciamento axustarase ás previsións seguintes:

1. Será competente para a súa tramitación o rexistrador mercantil do domicilio do debedor. Se se trata dun acordo de grupo e o informe debe ser único, o experto será designado polo rexistrador do domicilio da sociedade dominante, de estar afectada polo acordo e, no seu defecto, polo do domicilio de calquera das sociedades do grupo.

2. A solicitude do nomeamento farase mediante instancia asinada polo debedor, mesmo antes de que estea concluído o acordo e redactado un plan definitivo, que pode ser cuberta telematicamente e dirixida ao rexistrador mercantil competente, subscrita polo solicitante ou solicitantes do grupo e na cal expresarán as circunstancias seguintes:

1.º A denominación e os datos de identificación rexistral, se é o caso, do solicitante ou solicitantes, así como o seu respectivo domicilio. A solicitude precisará, en todo caso, o ámbito das sociedades afectadas con suficiente indicación das relacións de grupo existentes, así como un detalle suficiente do estado das negociacións pendentes ou concluídas que permita formarse unha idea do grupo de acredores cuxa adhesión se prevé.

2.º Os documentos necesarios para que o experto se poida pronunciar. No caso de que non se subscribise aínda o acordo e estivese pendente a súa negociación, deberá xuntarse un proxecto de acordo e do plan de viabilidade ou, polo menos, o acordo marco ou pacto preliminar en que se fixan as condicións da negociación.

3.º Unha relación de acredores do debedor e das entidades afectadas do grupo, por orde alfabética e nos termos previstos no artigo 6 da Lei concursal.

3. O rexistrador, antes de proceder ao nomeamento, poderá solicitar varios orzamentos a un ou a varios profesionais idóneos e antes de decidirse sobre o máis adecuado.

4. Son causas de incompatibilidade para ser nomeado experto as establecidas para os auditores na lexislación de auditoría de contas. Non pode ser nomeado experto independente o auditor que o sexa do debedor ou de calquera das sociedades do grupo afectadas, nin tampouco quen elaborase o propio plan de viabilidade.

5. O informe deberá ser emitido no prazo que sinalase o solicitante e, en todo caso, no dun mes, contado desde a aceptación do nomeamento, e sen prexuízo da posibilidade de prórroga ou prórrogas sucesivas por causas xustificadas. Se o informe non se emite en prazo, entenderase caducado o encargo e o rexistrador procederá a un novo nomeamento.

6. Poderase nomear o mesmo experto en calquera outro refinanciamento que se propoña con posterioridade ao primeiro ou anterior refinanciamento acordado polo mesmo debedor e grupo, aínda que cambien parte dos acredores asinantes.»

Dos. O número 1 da disposición adicional cuarta queda redactado da maneira seguinte:

«1. Poderá homologarse xudicialmente o acordo de refinanciamento que, tendo sido subscrito por acredores que representen polo menos o 55 por cento do pasivo titularidade de entidades financeiras, reúna no momento de adopción do acordo as condicións do artigo 71.6 da presente lei relativas á designación de experto independente e elevación a instrumento público. Pola homologación xudicial, os efectos da espera pactada para as entidades financeiras que o subscribisen esténdense ás restantes entidades financeiras acreedoras non participantes ou disidentes cuxos créditos non estean dotados de garantía real.»

Artigo 32. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

A alínea l) do artigo 2.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda modificada como segue:

«l) As cédulas e os bonos de internacionalización.»

Artigo 33. *Modificación da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.*

A Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, queda modificada da maneira seguinte:

Un. Modifícase o ordinal primeiro do artigo 13 do seguinte modo:

«Primeiro. As entidades de crédito poderán emitir valores de renda fixa coa denominación exclusiva de «cédulas territoriais», cuxo capital e xuros estarán especialmente garantidos:

a) Polos préstamos e créditos concedidos polo emisor ao Estado, ás comunidades autónomas, aos entes locais, así como aos organismos autónomos e ás entidades públicas empresariais dependentes deles.

b) Polos préstamos e créditos concedidos polo emisor a administracións centrais, administracións rexionais, autoridades locais, así como a organismos autónomos, entidades públicas empresariais e outras entidades de natureza análoga do Espazo Económico Europeo que non pertencan ao Estado español, sempre que tales préstamos non estean vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos nin á internacionalización de empresas.»

Dous. Modifícase o punto cuarto do artigo 13 do seguinte modo:

«Cuarto. Os tedores de cédulas terán dereito preferente sobre os dereitos de crédito da entidade emisora referidos no ordinal primeiro, para o cobramento dos dereitos derivados do título que teñan sobre estes valores, nos termos do artigo 1.922 do Código civil.»

Artigo 34. *Cédulas e bonos de internacionalización.*

1. As entidades que se detallan a seguir poderán emitir cédulas e bonos de internacionalización regulados pola presente lei nas condicións que se determinen regulamentariamente:

- a) Os bancos e o Instituto de Crédito Oficial,
- b) As caixas de aforros,
- c) As cooperativas de crédito,
- d) Os establecementos financeiros de crédito.

2. As entidades citadas no número 1 poderán emitir valores de renda fixa coa denominación exclusiva de «cédulas de internacionalización» ou de «bonos de internacionalización», en serie ou singularmente e coas características financeiras que determinen, de acordo co que dispón esta lei. En particular, as cédulas e os bonos de internacionalización poderán incluír cláusulas de amortización anticipada á disposición do emisor segundo o especificado nos termos da emisión. A realización destas emisións axustarase ao réxime previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, sempre que, de acordo con esta, resulte de aplicación.

3. O capital e os xuros das cédulas de internacionalización estarán especialmente garantidos por todos os créditos e préstamos vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos ou á internacionalización de empresas que cumpran os requisitos establecidos nos números 6 e 7, que en cada momento consten como activo no balance da entidade emisora e non estean afectados á emisión de bonos de internacionalización e, se existen, polos activos de substitución previstos no número 9 e polos fluxos económicos xerados polos instrumentos financeiros derivados vinculados a cada emisión, nas condicións que regulamentariamente se determinen. Todo isto sen prexuízo da responsabilidade patrimonial universal do emisor.

4. O capital e os xuros dos bonos de internacionalización estarán especialmente garantidos polos préstamos e créditos vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos ou á internacionalización de empresas que cumpran os requisitos establecidos no número 8, que se afecten en escritura pública e, se existen, polos activos de substitución previstos no número 9 que se afecten en escritura pública e polos fluxos económicos xerados polos instrumentos financeiros derivados vinculados a cada emisión que se afecten en escritura pública, nas condicións que regulamentariamente se determinen. Todo isto sen prexuízo da responsabilidade patrimonial universal do emisor.

5. Poderase constituír un sindicato de tedores de bonos, cando estes se emitan en serie, caso en que a entidade emisora designará un comisario que concorra ao outorgamento da escritura pública mencionada no número 4 deste artigo en nome dos futuros tedores de bonos. Esta persoa, cuxo nomeamento deberá ser ratificado pola asemblea de tedores de bonos, será presidente do sindicato, e, ademais das facultades que lle fosen conferidas na dita escritura ou as que lle atribúa a citada asemblea, terá a representación legal do sindicato, poderá comprobar que a entidade mantén a porcentaxe a que se refire o número 12 e exercer as accións que correspondan a aquel.

O presidente, así como o sindicato en todo o relativo á súa composición, facultades e competencias, rexeranse polas disposicións do título XI do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, en canto que non se opoñan ás contidas nesta lei.

6. Poderán garantir as emisións de cédulas de internacionalización os seguintes préstamos e créditos, ou a parte destes, que consten como activo no balance da entidade emisora e cumpran cos requisitos seguintes:

- a) Estar vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos españois ou doutra nacionalidade ou á internacionalización das empresas residentes en España ou noutros países,
- b) Teñan unha alta calidade crediticia, e
- c) Concorra algunha das circunstancias seguintes:

1.º Fosen concedidos a administracións centrais, bancos centrais, administracións rexionais, autoridades locais ou entidades do sector público da Unión Europea, sempre que o prestameiro non sexa unha entidade do sector público español.

2.º Fosen concedidos a administracións centrais, bancos centrais, administracións rexionais, autoridades locais ou entidades do sector público non pertencentes á Unión Europea ou a bancos multilaterais de desenvolvemento ou organizacións internacionais.

3.º Con independencia do prestameiro, contén con garantías persoais, incluídas as derivadas de seguros de crédito, de administracións centrais, bancos centrais,

administracións rexionais, autoridades locais, entidades do sector público ou axencias de crédito á exportación ou organismo de análoga natureza que actúen por conta dunha Administración pública, sempre que o garante ou asegurador estea situado na Unión Europea.

4.º Con independencia do prestameiro, contén con garantías persoais, incluídas as derivadas de seguros de crédito, de administracións centrais, bancos centrais, administracións rexionais, autoridades locais, entidades do sector público ou axencias de crédito á exportación ou organismos de análoga natureza que actúen por conta dunha Administración pública, non pertencentes á Unión Europea, ou de bancos multilaterais de desenvolvemento ou organizacións internacionais.

Así mesmo, poderán garantir as emisións de cédulas de internacionalización os activos de substitución recollidos no número 9 e os fluxos económicos xerados polos instrumentos financeiros derivados vinculados a cada emisión e, en particular, os que sirvan de cobertura do risco de tipo de cambio e do risco de tipo de xuro, nas condicións que se determinen regulamentariamente.

7. Para efectos do disposto na alínea b) do número 6, consideraranse préstamos e créditos de alta calidade crediticia:

- a) Os previstos no ordinal 1.º da alínea c) do número 6,
- b) Os previstos no ordinal 2.º da alínea c) do número 6 sempre que o prestameiro teña a calidade crediticia mínima exixible para que a cédula ou bono de internacionalización poida recibir o tratamento preferencial concedido aos bonos garantidos na normativa de solvencia das entidades de crédito,
- c) Os previstos no ordinal 3.º da alínea c) do número 6,
- d) Os previstos no ordinal 4.º da alínea c) do número 6, sempre que o garante ou asegurador teña a calidade crediticia mínima exixible para que a cédula ou bono de internacionalización poida recibir o tratamento preferencial concedido aos bonos garantidos na normativa de solvencia das entidades de crédito.

O ministro de Economía e Competitividade poderá fixar requisitos máis estritos para que un activo sexa considerado de alta calidade crediticia, en función das circunstancias do mercado e co fin de procurar o máximo grao de solvencia da garantía dos activos.

8. Poderán garantir as emisións de bonos de internacionalización os préstamos e créditos, ou a parte destes, que consten como activo no balance da entidade emisora e cumpran cos requisitos establecidos nos números 6 e 7.

Así mesmo, poderán garantir as emisións os préstamos ou créditos concedidos a empresas vinculados ao financiamento de contratos de exportación de bens e servizos españois ou doutra nacionalidade ou a internacionalización de empresas residentes en España ou noutros países sempre que reciban unha ponderación de risco, como máximo, do 50 por cento para efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco de crédito establecidos na normativa de solvencia das entidades de crédito.

Entenderanse incluídos na categoría de préstamos descrita no parágrafo anterior os préstamos do Instituto de Crédito Oficial a entidades financeiras no marco das súas liñas de mediación para a internacionalización, sempre que reciban unha ponderación de risco, como máximo, do 50 por cento para efectos do cálculo dos requirimentos de recursos propios por risco de crédito.

9. As cédulas e os bonos de internacionalización poderán estar apoiados, respectivamente, ata un límite do 5 e o 10 por cento do principal emitido polos activos de substitución seguintes:

- a) Valores de renda fixa representados mediante anotacións en conta emitidos polo Estado ou outros Estados membros da Unión Europea,
- b) Valores de renda fixa garantidos por Estados membros da Unión Europea e admitidos a cotización nun mercado regulado,

c) Valores de renda fixa emitidos polo Instituto de Crédito Oficial, sempre que o emisor das cédulas ou bonos de internacionalización non sexa o propio Instituto de Crédito Oficial,

d) Cédulas hipotecarias admitidas a cotización nun mercado regulado, sempre que estas cédulas non estean garantidas por ningún préstamo ou crédito con garantía hipotecaria concedido polo propio emisor das cédulas ou bonos de internacionalización nin por outras entidades do seu grupo,

e) Bonos hipotecarios admitidos a cotización nun mercado regulado, cunha alta calidade crediticia, sempre que estes valores non estean garantidos por ningún préstamo ou crédito con garantía hipotecaria concedido pola propia entidade emisora das cédulas ou bonos de internacionalización nin por outras entidades do seu grupo,

f) Cédulas territoriais admitidas a cotización nun mercado regulado, sempre que estas cédulas non estean garantidas por ningún préstamo ou crédito concedido pola propia entidade emisora das cédulas ou bonos de internacionalización nin por outras entidades do seu grupo,

g) Cédulas de internacionalización admitidas a cotización nun mercado regulado, sempre que as cédulas non estean garantidas por ningún préstamo ou crédito concedido pola propia entidade emisora das cédulas ou bonos de internacionalización nin por outras entidades do seu grupo,

h) Bonos de internacionalización admitidos a cotización nun mercado regulado, cunha alta calidade crediticia, sempre que os bonos non estean garantidos por ningún préstamo ou crédito concedido pola propia entidade emisora das cédulas ou bonos de internacionalización nin por outras entidades do seu grupo,

i) Outros valores de renda fixa admitidos a cotización nun mercado regulado, cunha alta calidade crediticia, sempre que estes valores non sexan bonos de titulización, e non fosen emitidos pola propia entidade emisora das cédulas ou bonos de internacionalización nin por outras entidades do seu grupo,

j) Outros activos de baixo risco e alta liquidez que se poidan determinar regulamentariamente.

Para os efectos deste punto, consideraranse activos de alta calidade crediticia aqueles que reciban unha ponderación de risco, como máximo, do 50 por cento para efectos dos requirimentos de recursos propios por risco de crédito establecidos na normativa de solvencia das entidades de crédito. O ministro de Economía e Competitividade poderá fixar requisitos máis estritos para que un activo sexa considerado de alta calidade crediticia, en función das circunstancias do mercado e co fin de procurar o máximo grao de solvencia da garantía dos activos.

10. A emisión de cédulas de internacionalización non requirirá o outorgamento de escritura pública nin deberá ser obxecto de inscrición no Rexistro Mercantil. Tampouco lle serán de aplicación as regras contidas no título XI do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, nin as previstas na Lei 211/1964, do 24 de decembro, sobre regulación da emisión de obrigas por sociedades que non adoptasen a forma de sociedades anónimas, asociacións ou outras persoas xurídicas, e a constitución do sindicato de obrigacionistas.

11. O importe total das cédulas de internacionalización emitidas por unha entidade de crédito non poderá ser superior ao 70 por cento do importe dos préstamos e créditos non amortizados que cumpran os requisitos previstos nos números 6 e 7, que en cada momento consten como activo no balance da entidade emisora e que non fosen afectados á emisión de bonos de internacionalización. Regulamentariamente poderase determinar a consideración específica para efectos do cumprimento deste límite das cédulas de internacionalización que se encontren en posesión do propio emisor.

12. O valor actualizado dos bonos de internacionalización deberá ser inferior, polo menos nun 2 por cento, ao valor actualizado dos préstamos e créditos afectados. Determinarase regulamentariamente a forma de cálculo do valor actualizado.

13. Se o importe das cédulas e bonos de internacionalización excede por algunha causa sobrevida os límites sinalados nos números 11 e 12, respectivamente, as entidades

emisoras deberán recuperar estes límites nun prazo máximo de tres meses mediante algunha das seguintes vías:

- a) Adquirindo os seus propios bonos ou cédulas de internacionalización ata o límite que regulamentariamente se determine, para a súa posterior amortización,
- b) Afectando ao pagamento das cédulas ou bonos de internacionalización novos activos de substitución dos previstos no número 9, sempre que se cumpran os límites establecidos no dito número,
- c) No caso das cédulas de internacionalización, aumentando a carteira de préstamos ou créditos que as poidan garantir de acordo cos números 6 e 7,
- d) No caso dos bonos de internacionalización, afectando mediante escritura pública novos préstamos ou créditos que os poidan garantir de acordo co número 8.

Mentres tanto, a entidade deberá cubrir a diferenza mediante un depósito de efectivo ou de fondos públicos no Banco de España.

14. Os tedores de cédulas e bonos de internacionalización terán o carácter de acredores con preferencia especial nos termos previstos no artigo 1.922 do Código civil fronte a calquera outro acredor con relación á totalidade dos préstamos e créditos que consten como activo no balance da entidade emisora e que cumpran os requisitos establecidos nos números 6 e 7 cando se trate de cédulas de internacionalización, salvo os que sirvan de cobertura dos bonos de internacionalización; e con relación aos préstamos e créditos que cumpran os requisitos do número 8 e que fosen afectados á emisión cando se trate de bonos de internacionalización; e, en ambos os dous casos, con relación aos activos de substitución e aos fluxos económicos xerados polos instrumentos financeiros derivados vinculados ás emisións, de estes existiren.

Os tedores dos bonos de internacionalización dunha emisión terán prelación sobre os tedores das cédulas de internacionalización cando concorran sobre un préstamo ou crédito afectado á dita emisión.

Todos os tedores de cédulas de internacionalización, calquera que sexa a súa data de emisión, terán a mesma prelación sobre os préstamos e créditos que as garanten e, de existiren, sobre os activos de substitución e sobre os fluxos económicos xerados polos instrumentos financeiros derivados vinculados ás emisións.

As cédulas e bonos terán carácter executivo nos termos previstos na Lei de axuizamento civil.

15. As cédulas e os bonos de internacionalización emitidos por unha entidade de crédito, pendentos de amortización, terán o mesmo trato que as cédulas e bonos hipotecarios, para os efectos do artigo 50, número 2, alínea c), do Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

16. As cédulas e os bonos de internacionalización emitidos poderán ser admitidos a negociación nos mercados de valores, de conformidade co previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Os emisores poderán adquirir cédulas e bonos de internacionalización emitidos por eles mesmos ou por entidades do seu grupo. Regulamentariamente poderán establecerse límites ás operacións do emisor sobre os seus propios títulos no mercado secundario.

17. As cédulas e bonos de internacionalización regulados nesta lei serán admitidos como investimentos das reservas obrigatorias das sociedades e empresas mercantís, e equipáranse, para estes efectos, aos valores cotizados en bolsa.

En particular, serán admitidos para os seguintes fins:

- a) Investimentos para a cobertura de provisións técnicas das entidades aseguradoras e reaseguradoras, sempre que as cédulas ou os bonos fosen emitidos por sociedades establecidas no Espazo Económico Europeo.
- b) Investimentos aptos para os fondos de pensións.
- c) Investimento dos recursos das sociedades e fondos de investimento mobiliario.

d) Investimento en fondos de reserva das entidades da Seguridade Social.

Os títulos representativos das cédulas e bonos de internacionalización serán transmisibles por calquera dos medios admitidos en dereito e sen necesidade de intervención de fedatario público nin notificación ao debedor. Cando sexan nominativos, poderanse transmitir por declaración escrita no mesmo título. En caso de que os títulos sexan ao portador, presumirase que o seu propietario é o último perceptor de xuros.

18. En caso de concurso, os tedores de cédulas e bonos de internacionalización gozarán do privilexio especial establecido no ordinal 1.º do número 1 do artigo 90 da Lei concursal.

Sen prexuízo do anterior, atenderanse durante o concurso, de acordo co previsto no ordinal 7.º do número 2 do artigo 84 da Lei concursal, e como créditos contra a masa, os pagamentos que correspondan por amortización de capital e xuros das cédulas e bonos de internacionalización emitidos e pendentes de amortización na data de solicitude do concurso ata o importe dos ingresos percibidos polo concursado dos préstamos e créditos que apoien as cédulas e os bonos, e, de existiren, dos activos de substitución e dos fluxos económicos procedentes dos instrumentos financeiros derivados vinculados á emisión.

19. A entidade emisora de cédulas e bonos de internacionalización levará un rexistro contable especial en que deberá anotar todos os préstamos e créditos que serven de garantía ás emisións e, de existiren, dos activos de substitución inmovilizados para darlles cobertura, así como dos instrumentos financeiros derivados vinculados a cada emisión. As contas anuais da entidade emisora recollerán, na forma que regulamentariamente se determine, os datos esenciais do dito rexistro.

20. A emisión, transmisión e cancelación das cédulas e bonos de internacionalización regulados nesta lei, así como o seu reembolso, gozarán da exención establecida na Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

#### Artigo 35. *Capital social mínimo das sociedades de garantía recíproca.*

Modifícase o artigo 8 da Lei 1/1994, do 11 de marzo, sobre réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 8. *Cifra mínima do capital social desembolsado e de recursos propios computables.*

1. O capital social mínimo das sociedades de garantía recíproca non poderá ser inferior a 10.000.000 de euros.

2. Para garantir a liquidez e solvencia das sociedades de garantía recíproca, na súa condición de entidades financeiras, o capital indicado no punto anterior poderá ser modificado, nos termos establecidos no artigo 47.1,a) da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

3. O importe da cifra de recursos propios computables das sociedades de garantía recíproca non poderá ser inferior a 15.000.000 de euros. Para os efectos deste punto, a cifra de recursos propios computables calcularase de acordo coa definición que fixe o Banco de España.»



## TÍTULO IV

**Apoio ao crecemento e desenvolvemento de proxectos empresariais**

## CAPÍTULO I

**Simplificación das cargas administrativas**

Artigo 36. *Revisión do clima de negocios a través de melloras regulatorias. Indicadores e intercambio de mellores prácticas.*

1. Con carácter anual, o Ministerio de Economía e Competitividade recompilará e analizará propostas para a mellora do clima de negocios para o investimento produtivo, procedentes de operadores económicos, departamentos ministeriais e administracións autonómicas e locais. Así mesmo, analizarase a posición relativa da economía española nos principais sistemas de indicadores internacionais de competitividade e clima de negocios.

2. O Ministerio de Economía e Competitividade formulará, con carácter anual, un informe preliminar con propostas de reforma regulatoria para a mellora do clima de negocios e a competitividade da economía española. Estas propostas integraranse no Plan estratéxico de internacionalización recollido no artigo 50.

3. O Ministerio de Economía e Competitividade impulsará, en cooperación coas administracións autonómicas e locais no marco do Comité para a Mellora da Regulación, o desenvolvemento e publicidade de indicadores de clima de negocios e boa regulación para o investimento produtivo no ámbito das administracións, así como o intercambio de boas prácticas favorecedoras dun contorno propicio á actividade económica.

Artigo 37. *Simplificación de cargas administrativas.*

As administracións públicas que no exercicio das súas respectivas competencias creen novas cargas administrativas para as empresas eliminarán polo menos unha carga existente de custo equivalente.

Artigo 38. *Redución das cargas estatísticas.*

1. Os servizos estatais de estatística, no desenvolvemento das súas actividades, adoptarán medidas tendentes á redución da carga estatística que soportan os emprendedores, co fin de facilitar o cumprimento das obrigas de subministración de información con fins estatísticos existentes e a calidade que debe ter a información estatística producida.

2. Son medidas concretas para levar a efecto esta redución de cargas estatísticas as seguintes:

a) Os servizos estatais de estatística terán acceso, nas condicións establecidas pola Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, á información xa dispoñible nos rexistros da Administración xeral do Estado para a elaboración das operacións incluídas no Plan estatístico nacional.

b) Fomentarase a presentación de cuestionarios por medios telemáticos.

c) Durante o primeiro ano desde a creación dunha empresa que contrate menos de 50 asalariados, o Instituto Nacional de Estatística limitará a unha o número de enquisas de formalización obrigatoria en que esta empresa pode ser seleccionada.

O número de cuestionarios que se cubrirán dunha enquisa dependerá de se a súa periodicidade é mensual, trimestral ou anual.

Artigo 39. *Prevención de riscos laborais nas pemes.*

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, queda modificada nos termos seguintes:

Un. Modifícase o artigo 30.5, que queda redactado do seguinte modo:

«5. Nas empresas de ata dez traballadores, o empresario poderá asumir persoalmente as funcións sinaladas no número 1 sempre que desenvolva de forma habitual a súa actividade no centro de traballo e teña a capacidade necesaria, en función dos riscos a que estean expostos os traballadores e a perigosidade das actividades, co alcance que se determine nas disposicións a que se refire o artigo 6.1.e) desta lei. Recoñéceselle a mesma posibilidade ao empresario que, cumprindo tales requisitos, ocupe ata 25 traballadores, sempre e cando a empresa dispoña dun único centro de traballo.»

Dous. Engádesse unha disposición adicional décimo sétima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo sétima. *Asesoramento técnico ás empresas de ata vinte e cinco traballadores.*

En cumprimento do número 5 do artigo 5 e dos artigos 7 e 8 desta lei, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social e o Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, en colaboración coas comunidades autónomas e os axentes sociais, prestarán un asesoramento técnico específico en materia de seguridade e saúde no traballo ás empresas de ata vinte e cinco traballadores.

Esta actuación consistirá no deseño e posta en marcha dun sistema dirixido a facilitarlle ao empresario o asesoramento necesario para a organización das súas actividades preventivas, impulsando o cumprimento efectivo das obrigas preventivas de forma simplificada.»

Artigo 40. *Libro de visitas electrónico da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

Modifícase o número 3 do artigo 14 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que queda redactado da maneira seguinte:

«3. A autoridade central da Inspección de Traballo e Seguridade Social poñerá á disposición das empresas, de oficio e sen necesidade de solicitude de alta, un libro de visitas electrónico por cada un dos seus centros de traballo, no cal os funcionarios actuantes, con ocasión de cada visita aos centros de traballo ou comprobación por comparecencia do suxeito inspeccionado en dependencias públicas que realicen, estenderán dilixencia sobre tal actuación.

Mediante orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social determinaranse os feitos e actos que se deban incorporar ao libro de visitas electrónico, así como os obrigados, a forma de remisión a estes e os sistemas de verificación electrónica da súa integridade. Así mesmo, estableceranse os supostos exceptuados de levar libro de visitas electrónico, o medio substitutivo a este e o réxime transitorio de aplicación desta medida.»

Artigo 41. *Apoderamentos electrónicos.*

Os poderes e as súas revogacións, outorgados por administradores ou apoderados de sociedades mercantís ou por emprendedores de responsabilidade limitada, poderán tamén ser conferidos en documento electrónico sempre que o documento de poderamento sexa suscrito coa sinatura electrónica recoñecida do poderdante. Este documento poderá ser remitido directamente por medios electrónicos ao rexistro que corresponda.

## CAPÍTULO II

**Medidas para impulsar a contratación pública con emprendedores**Artigo 42. *Unións de empresarios.*

Modifícase o artigo 59.1 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que queda redactado da maneira seguinte:

«1. Poderán contratar co sector público as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor.

Os empresarios que estean interesados en formar as unións a que se refire o parágrafo anterior poderán darse de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, que especificará esta circunstancia.»

Artigo 43. *Elevación de limiares para a exigencia de clasificación.*

O texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, queda modificado nos termos seguintes:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 65, que queda redactado da maneira seguinte:

«1. Para contratar coas administracións públicas a execución de contratos de obras cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 500.000 euros ou de contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 200.000 euros será requisito indispensable que o empresario se encontre debidamente clasificado. Non obstante, non será necesaria clasificación para celebrar contratos de servizos comprendidos nas categorías 6, 8, 21, 26 e 27 do anexo II.

No caso de que unha parte da prestación obxecto do contrato teña que ser realizada por empresas especializadas que contén cunha determinada habilitación ou autorización profesional, a clasificación no subgrupo correspondente a esa especialización, en caso de ser exixida, poderá suplirse polo compromiso do empresario de subcontratar a execución desta porción con outros empresarios que dispoñan da habilitación e, se é o caso, clasificación necesarias, sempre que o importe da parte que debe ser executada por estes non exceda o 50 por cento do prezo do contrato.»

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 65, que queda redactado da maneira seguinte:

«5. As entidades do sector público que non teñan o carácter de administración pública poderán exixir unha determinada clasificación aos licitadores para definir as condicións de solvencia requiridas para celebrar o correspondente contrato, nos supostos do número 1 do artigo 65.»

Tres. Modifícase a disposición transitoria cuarta, que queda redactada da maneira seguinte:

«Disposición transitoria cuarta. *Determinación dos casos en que é exixible a clasificación das empresas.*

O número 1 do artigo 65, en canto determina os contratos para cuxa celebración é exixible a clasificación previa, entrará en vigor conforme o que se estableza nas normas regulamentarias de desenvolvemento desta lei polas que se definan os

grupos, subgrupos e categorías en que se clasificarán eses contratos, continuando vixente, ata entón, o parágrafo primeiro do número 1 do artigo 25 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Non obstante o anterior, non será exigible a clasificación nos contratos de obras cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros nin nos contratos de servizos cuxo valor estimado sexa inferior a 200.000 euros.»

Artigo 44. *Garantías para a contratación pública.*

O texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 96, números 2 e 3, que queda redactado da maneira seguinte:

«2. Cando así se prevexa nos pregos, a garantía nos contratos de obras, subministracións e servizos, así como nos de xestión de servizos públicos cando as tarifas as aboe a Administración contratante, poderase constituír mediante retención no prezo. No prego fixaranse a forma e as condicións da retención.

3. A acreditación da constitución da garantía poderase facer mediante medios electrónicos, salvo que no prego se estableza o contrario.»

Dous. Engádense dous novos números 4 e 5 ao artigo 146, da maneira seguinte:

«4. O órgano de contratación, se o considera conveniente, poderá establecer no prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no número 1 se substitúa por unha declaración responsable do licitador na cal se indique que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos exixidos. En todo caso, abondará con esta declaración responsable nos contratos de obras con valor estimado inferior a 1.000.000 euros e de subministracións e servizos con valor estimado inferior a 90.000 euros.

En todo caso, o órgano de contratación, para garantir a boa fin do procedemento, poderá demandar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

5. O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia exixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.»

Tres. Engádense unha nova letra d) ao artigo 32 da maneira seguinte:

«d) Todas aquelas disposicións, actos ou resolucións emanados de calquera órgano das administracións públicas que outorguen, de forma directa ou indirecta, vantaxes ás empresas que contratasen previamente con calquera administración.»

Artigo 45. *Prohibición de discriminación a favor de contratistas previos nos procedementos de contratación pública.*

1. Nos seus procedementos de contratación, os entes, organismos e entidades integrantes do sector público non poderán outorgar ningunha vantaxe directa ou indirecta ás empresas que contratasen previamente con calquera administración.

2. Serán nulas de pleno dereito todas aquelas disposicións contidas en disposicións normativas con ou sen forza de lei, así como en actos ou resolucións emanadas de calquera órgano do sector público que outorguen, de forma directa ou indirecta, vantaxes ás empresas que contratasen previamente con calquera administración.

Artigo 46. *Redución do prazo para a devolución ou cancelación das garantías para as pemes.*

Modifícase o número 5 do artigo 102 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, que queda redactado da maneira seguinte:

«5. Transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o artigo 100.

Cando o importe do contrato sexa inferior a 1.000.000 de euros, se se trata de contratos de obras, ou a 100.000 euros, no caso doutros contratos, ou cando as empresas licitadoras reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado e que non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, o prazo reducirase a seis meses.»

Artigo 47. *Redución do prazo de demora no pagamento para que o contratista poida optar á resolución contractual.*

Modifícase o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, que queda redactado da maneira seguinte:

Un. Modifícase o número 6 do artigo 216 da maneira seguinte:

«6. Se a demora da Administración é superior a seis meses, o contratista terá dereito, así mesmo, a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia disto se lle orixinen.»

Dous. Modifícase o número 8 do artigo 216 da maneira seguinte:

«8. As comunidades autónomas poderán reducir os prazos de trinta días, catro meses e seis meses establecidos nos números 4, 5 e 6 deste artigo.»

Tres. Engádesse un novo artigo 228 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 228 bis. *Comprobación dos pagamentos aos subcontratistas ou subministradores.*

As administracións públicas e demais entes públicos contratantes poderán comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que os contratistas adxudicatarios dos contratos públicos, cualificados como tales no artigo 5, deben facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitirán ao ente público contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pagamento. Así mesmo deberán achegar, por solicitude do ente público contratante, xustificante de cumprimento dos pagamentos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 228 e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación. Estas obrigas, que se incluírán nos anuncios de licitación e nos correspondentes pregos de condicións ou nos contratos, considéranse condicións esenciais de execución, cuxo

incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades que para tal efecto se conteñan nos pregos.»

### CAPÍTULO III

#### **Simplificación dos requisitos de información económico-financiera**

##### *Artigo 48. Contabilidade de determinadas empresas.*

Modifícase o número 2 do artigo 28 do Código de comercio de 1885, que queda redactado como segue:

«2. O libro diario rexistrará día a día todas as operacións relativas á actividade da empresa. Será válida, non obstante, a anotación conxunta dos totais das operacións por períodos non superiores ao trimestre, coa condición de que o seu detalle apareza noutros libros ou rexistros concordantes, de acordo coa natureza da actividade de que trate.»

##### *Artigo 49. Formulación de contas anuais abreviadas.*

O texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, queda modificado da maneira seguinte:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 257, que queda redactado como segue:

«1. Poderán formular balance e estado de cambios no patrimonio neto abreviados as sociedades que durante dous exercicios consecutivos reúnan, na data de peche de cada un deles, polo menos dúas das circunstancias seguintes:

- a) Que o total das partidas do activo non supere os catro millóns de euros.
- b) Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os oito millóns de euros.
- c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a cincuenta.

As sociedades perderán esta facultade se deixan de reunir, durante dous exercicios consecutivos, dúas das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.»

Dous. Modifícase o artigo 263, que queda redactado como segue:

«Artigo 263. *Auditor de contas.*

1. As contas anuais e, se é o caso, o informe de xestión deberán ser revisados por auditor de contas.

2. Exceptúanse desta obriga as sociedades que durante dous exercicios consecutivos reúnan, na data de peche de cada un deles, polo menos dúas das circunstancias seguintes:

- a) Que o total das partidas do activo non supere os dous millóns oitocentos cincuenta mil euros.
- b) Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os cinco millóns setecentos mil euros.
- c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a cincuenta.

As sociedades perderán esta facultade se deixan de reunir, durante dous exercicios consecutivos, dúas das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

3. No primeiro exercicio social desde a súa constitución, transformación ou fusión, as sociedades quedan exceptuadas da obriga de ser auditadas de reuniren, no momento do peche do dito exercicio, polo menos dúas das tres circunstancias expresadas no punto anterior.»

## TÍTULO V

### Internacionalización da economía española

#### *Sección 1.ª Fomento da internacionalización*

## CAPÍTULO I

### Estratexia de fomento da internacionalización

#### Artigo 50. *Fomento da internacionalización da economía española.*

1. Constitúen as políticas de fomento da internacionalización da economía e a empresa españolas o conxunto de actuacións que desenvolve o sector público, xunto co sector privado, para facilitar e reforzar a dimensión internacional da economía española e fomentar a presenza exterior das empresas e dos emprendedores como factores de estabilidade, crecemento e xeración de emprego. Esta dimensión tamén se estende á acción económica institucional en foros bilaterais e multilaterais e ás accións de fomento do investimento estranxeiro en España e de España no exterior.

2. O Goberno dirixe as políticas de fomento da internacionalización da economía e a empresa española, cuxa coordinación corresponde ao Ministerio de Economía e Competitividade, sen prexuízo das competencias que o ordenamento xurídico lles outorga aos distintos ministerios e ás comunidades autónomas.

#### Artigo 51. *O Plan estratéxico de internacionalización da economía española.*

1. A acción do Goberno en materia de fomento da internacionalización, nos termos previstos no artigo anterior, plasmarase no Plan estratéxico de internacionalización da economía española.

2. O obxectivo do Plan estratéxico de internacionalización da economía española será a mellora da competitividade e a maximización da contribución do sector exterior ao crecemento e á creación de emprego. Este plan incluírá as iniciativas para o fomento da internacionalización e da mellora da competitividade da economía española e das empresas, o establecemento das prioridades xeográficas e sectoriais e os plans de actuación dos organismos con competencias na materia.

3. O plan rexeráse polos seguintes principios:

a) Coherencia e coordinación da acción das administracións públicas, con particular atención e incidencia nas iniciativas de estímulo á internacionalización dos emprendedores.

b) Complementariedade coa actuación do sector privado.

4. O plan estratéxico será elaborado, con carácter bienal, polo Ministerio de Economía e Competitividade, no marco do Grupo Interministerial de Apoio á Internacionalización da Empresa Española e coa participación do sector privado e das comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, e en coherencia cos fins e obxectivos da política exterior do Goberno.

O plan será aprobado por proposta do Ministerio de Economía e Competitividade, por acordo do Consello de Ministros, logo do informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

O plan será remitido ás Cortes e presentado polo secretario de Estado de Comercio ante a comisión correspondente do Congreso dos Deputados e do Senado.

5. O Ministerio de Economía e Competitividade establecerá un sistema de avaliación e control dos instrumentos que integran o Plan estratéxico de internacionalización co fin de asegurar a calidade e eficacia das actuacións de internacionalización. O resultado das avaliacións será público e servirá de base para as modificacións normativas e de xestión dos instrumentos e organismos que se incorporarán nas sucesivas versións do plan.

## CAPÍTULO II

### Instrumentos e organismos comerciais e de apoio á empresa

Artigo 52. *Instrumentos e organismos comerciais e de apoio á empresa.*

1. Constitúen instrumentos comerciais especializados de apoio á internacionalización da economía e da empresa:

a) No ámbito da Administración xeral do Estado, os seguintes:

i) A Rede exterior, integrada nas misións diplomáticas ou nas representacións permanentes, e a Rede territorial, dependentes ambas as dúas do Ministerio de Economía e Competitividade.

ii) A entidade pública empresarial ICEX España Exportación e Investimentos (ICEX), creada polo Real decreto lei 4/2011, do 8 de abril.

b) As cámaras de comercio españolas no estranxeiro, cando se recoñezan oficialmente, apoiarán, así mesmo, a internacionalización da economía e a empresa españolas.

2. O Servizo Exterior do Estado contribuirá ao apoio das empresas no exterior.

Artigo 53. *Rede exterior e territorial do Ministerio de Economía e Competitividade.*

1. A Rede exterior e territorial do Ministerio de Economía e Competitividade é o soporte básico no proceso de internacionalización das empresas e os emprendedores pola súa proximidade aos mercados de orixe e de destino, e está integrada polas oficinas económicas e comerciais e as direccións territoriais e provinciais de Economía e Comercio.

2. As oficinas económicas e comerciais de España no exterior, integradas nas misións diplomáticas ou nas representacións permanentes, son o instrumento da Administración xeral do Estado para o desenvolvemento no exterior dos labores de política económica, comercial, financeira e de apoio á internacionalización da empresa.

3. As direccións territoriais e provinciais de Comercio apoian a internacionalización da empresa e os emprendedores mediante a implementación da política estatal de promoción comercial exterior e de fomento dos investimentos das empresas españolas.

4. O Ministerio de Economía e Competitividade, a través da Secretaría de Estado de Comercio, como xestor da Rede exterior e territorial de apoio á internacionalización da empresa, asignará os recursos humanos e materiais necesarios para o desempeño do seu labor coa máxima eficiencia e asegurando unha atención ás iniciativas en materia de internacionalización de maneira integral.

Artigo 54. *ICEX España Exportación e Investimentos (ICEX).*

1. O ICEX, en colaboración co sector privado e as comunidades autónomas, no marco das súas competencias, impulsará a internacionalización e a competitividade da economía e das empresas españolas, en especial das pequenas e medianas empresas,



en todas as fases do seu proceso de internacionalización, así como o apoio á cooperación internacional e o fomento dos investimentos de empresas españolas no exterior e das estranxeiras en España, a través da prestación daqueles servizos, asesorías, programas ou apoios que en cada caso se lle requiran por parte da Secretaría de Estado de Comercio en materia económica, comercial, financeira, de información e de formación.

2. O ICEX canalizará as consultas, solicitudes, iniciativas ou demandas das empresas ou institucións interesadas en coñecer ou acceder aos instrumentos de apoio relacionados coa internacionalización. Para estes efectos, o ICEX establecerá os acordos, contratos e convenios necesarios coa Administración xeral do Estado e aquelas entidades do sector público que desenvolvan funcións relacionadas coa internacionalización e a atracción de investimentos.

3. Co obxecto de dar cumprimento ao exposto no número 4 do artigo 51, o ICEX dotará as direccións territoriais e provinciais de Comercio e a Rede de oficinas económicas e comerciais do Ministerio de Economía e Competitividade dos recursos materiais e humanos necesarios que, adscritos ao ICEX, resulten necesarios para asegurar o correcto desenvolvemento das funcións do ICEX baixo as directrices da Secretaría de Estado de Comercio.

### CAPÍTULO III

#### **Instrumentos e organismos de apoio financeiro**

*Artigo 55. Sistema español de apoio financeiro oficial á internacionalización da empresa.*

1. O Sistema español de apoio financeiro oficial á internacionalización da empresa está constituído:

a) Polos seguintes organismos financeiros da acción do Goberno en materia de internacionalización da economía española e das empresas:

i) O Instituto de Crédito Oficial (ICO) creado pola disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira.

ii) A Compañía Española de Financiación del Desarrollo Cofides, S.A. (Cofides), creada polo Acordo do Consello de Ministros do 12 de febreiro de 1988. Para a consecución dos seus obxectivos e para contribuír á internacionalización das empresas e da economía españolas, Cofides, adicionalmente, prestará financiamento a empresas españolas para a súa internacionalización, mediante, entre outros, instrumentos de capital ou cuasi capital, así como mediante a participación naqueles vehículos ou fondos de investimento públicos ou privados que contribúan á internacionalización da empresa ou da economía españolas.

iii) O axente xestor designado polo Estado para a xestión da cobertura de riscos da internacionalización.

b) Polos seguintes instrumentos de apoio financeiro á internacionalización da economía española e das empresas:

i) Polo Fondo para Investimentos no Exterior (Fiex) e o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa (Fonpyme) creados pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

ii) Polo Fondo para a Internacionalización da Empresa (Fiem), creado pola Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española.

iii) Polo Convenio de axuste recíproco de xuros (CARI), creado pola Lei 11/1983, do 16 de agosto, de medidas financeiras de estímulo á exportación, modificada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, para adaptar o convenio de axuste recíproco de xuros.

iv) Polo instrumento que, conforme a normativa vixente, asuma a cobertura de riscos da internacionalización por conta do Estado.

c) Calquera outro organismo de axuda á internacionalización que se poida crear por proposta do Ministerio de Economía e Competitividade.

2. O Ministerio de Economía e Competitividade, a través da Secretaría de Estado de Comercio, promoverá unha xestión eficiente e coordinada dos organismos e instrumentos que integran o sistema español de apoio financeiro oficial á internacionalización da empresa, especializando as súas entidades xestoras e coordinando os instrumentos en que se materialice o sistema para garantir a súa coherencia coa política comercial.

Artigo 56. *Modificación da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, para adaptar o Fondo para Investimentos no Exterior (Fiex).*

Modifícase o número un do artigo 114 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado da maneira seguinte:

«Un. Créase un Fondo para Investimentos no Exterior destinado a promover a internacionalización da actividade das empresas e, en xeral, da economía española, a través de participacións temporais e minoritarias directas no capital social de empresas españolas para a súa internacionalización ou de empresas situadas no exterior e, en xeral, mediante participacións nos fondos propios das empresas mencionadas anteriormente e a través de calquera instrumento participativo.

Con cargo ao Fondo tamén se poderán tomar participacións temporais e minoritarias directas naqueles vehículos ou fondos de capital expansión con apoio oficial xa existentes ou que se establezan, ou fondos de investimento privados, que fomenten a internacionalización da empresa ou da economía española.

A xestora a que se refire o número dous do artigo 116 da presente lei non intervirá directamente na xestión operativa das empresas participadas polo Fondo agás que, logo da autorización do Comité Executivo do Fondo, se considere necesario co fin de controlar o cumprimento dos fins do Fiex. Excepcionalmente, o ministro de Economía e Competitividade poderá, por proposta do secretario de Estado de Comercio, autorizar a toma dunha participación maioritaria e autorizar a xestora para que asuma a xestión operativa da empresa participada polo Fondo en caso de ser considerado necesario para o cumprimento dos fins do Fiex.»

Artigo 57. *Modificación da Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española, para adaptar o Fondo para a Internacionalización da Empresa (Fiem).*

A Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 4, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Financiamento.*

1. O Fiem financiará aquelas operacións e proxectos de interese especial para a Estratexia de internacionalización da economía española, así como as asistencias técnicas que estas operacións e proxectos requiran. Así mesmo, con cargo ao Fiem poderanse financiar asistencias técnicas e consultorías de interese especial para a Estratexia de internacionalización, destinadas á elaboración de estudos de viabilidade, factibilidade e prefactibilidade, estudos relacionados coa modernización de sectores económicos ou rexións, así como consultorías

destinadas á modernización institucional de carácter económico en países de especial interese para as empresas españolas.

2. O apoio financeiro a proxectos de investimento e exportación adoptará principalmente a forma de préstamos, créditos e liñas de crédito, así como contribucións reembolsables a fondos de investimento que poidan apoiar a internacionalización de empresas españolas nas condicións que regulamentariamente se establezan. Sen prexuízo do anterior, poderanse financiar de forma non reembolsable asistencias técnicas e consultorías, así como proxectos e operacións cando as especiais circunstancias destes así o requiran. Estas circunstancias determinaranse regulamentariamente.

3. Con cargo ao Fiem poderanse realizar achegas a entidades ou fondos destinados a contragarantir ou a facilitar a emisión de garantías en favor de exportadores sempre que a participación do Fiem nestas entidades ou fondos teña un impacto relevante sobre a internacionalización das empresas españolas.

4. Con cargo ao Fiem non se financiarán operacións de exportación de material de defensa, paramilitar e policial destinado a ser usado por exércitos, forzas policiais e de seguridade ou os servizos antiterroristas. En canto ao resto de material, poderá ser financiado sempre que cumpra cos controis legalmente establecidos.

5. Con cargo ao Fiem non se financiarán proxectos vinculados a determinados servizos sociais básicos tales como a educación, a saúde e a nutrición. Poderase financiar a subministración e posta en marcha de equipamento para proxectos deste tipo cando teñan un importante efecto de arrastre sobre a internacionalización que incorpore un alto contido tecnolóxico.

6. Sen prexuízo da aplicación da lexislación vixente, os créditos, préstamos, ou achegas para a emisión posterior de garantías ou as liñas de crédito reembolsables en condicións comerciais con cargo ao Fiem deberán cumprir o disposto na normativa internacional de créditos á exportación e, en particular, o disposto no acordo xeral sobre liñas directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial da organización para a cooperación e o desenvolvemento económico. Tanto nas operacións de crédito comercial, que aplicarán tipo de xuro variable ou fixo, como nas operacións de crédito concesional, as condicións financeiras e, polo tanto, os tipos de xuro de aplicación, serán regulados polo Regulamento UE n.º 1233/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2011, relativo á aplicación de determinadas directrices en materia de crédito á exportación con apoio oficial, e polo que se derrogan as decisións 2001/76/CE e 2001/77/CE do Consello.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 5, que queda coa seguinte redacción:

«1. Os beneficiarios de financiamento con cargo ao Fondo poderán ser estados, administracións públicas rexionais, provinciais e locais estranxeiras, institucións públicas estranxeiras así como empresas, agrupacións, consorcios de empresas públicas e privadas estranxeiras tanto de países desenvolvidos como de países en vías de desenvolvemento.

As operacións crediticias deberanse garantir achegando garantía soberana, aínda que se poderán admitir outras garantías en operacións de préstamo, nos termos e nas condicións que se fixen regulamentariamente.

Non se poderá outorgar ningún tipo de financiamento reembolsable a países pobres que estean altamente endebedados. Neste sentido, os países que alcanzasen o punto de culminación da iniciativa HIPC (nas súas siglas en inglés) só poderán excepcionalmente ser beneficiarios deste tipo de operacións reembolsables cando así o autorice expresamente o Consello de Ministros.»

Tres. O artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 7. *Xestión.*

1. A xestión do Fondo para a Internacionalización da Empresa corresponde ao Ministerio de Economía e Competitividade, a través da Secretaría de Estado de Comercio.

Corresponderalle ao xestor do Fondo entre outras tarefas as seguintes: a selección dos proxectos que se financiarán con cargo ao Fondo e de común acordo cos beneficiarios da financiamento, a elaboración dos perfís e estudos de viabilidade que sexan precisos para a análise dos proxectos citados, a valoración das propostas de financiamento e a súa posterior presentación ao Comité do Fondo para a súa aprobación, así como a supervisión da execución dos citados proxectos e a súa avaliación.

Corresponderá tamén ao xestor do Fondo o establecemento de medidas de prevención para a mitigación dos impactos negativos no desenvolvemento que sexan identificados no estudo das operacións realizadas con cargo ao Fondo para a Internacionalización. Igualmente, o xestor será responsable da aprobación e seguimento dun protocolo de actuación en materia de prevención de branqueo de capitais.

2. A Secretaría de Estado de Comercio garantizará con todos os medios ao seu alcance a eficaz e eficiente utilización dos recursos do Fondo, para o cal se poderán financiar, con cargo ao propio Fondo, as asistencias técnicas e encomendas de xestión que se consideren oportunas.

3. Entre as funcións de Cofides encóntrase a avaliación de operacións de investimento con risco privado e a subscripción de acordos de participación en fondos de investimento. Pola súa parte, entre as funcións de Cesce está realizar análises de risco de crédito e a xestión de recobramentos, refinanciamentos, moratorias e posibles cesións das débedas que teñen a súa orixe en operacións que cobre por conta do Estado. Cofides e Cesce poderán realizar estas funcións para o Fiem por requirimento do seu comité, logo de proposta da Secretaría de Estado de Comercio. Todo isto sen prexuízo do labor de axente financeiro único do Fiem que desempeña o ICO, de acordo co artigo 11 desta lei.

4. O Ministerio de Economía e Competitividade, como xestor do Fiem, impulsará con todos os medios ao seu alcance a aplicación dos principios de transparencia, publicidade e concorrencia nos procedementos de adxudicación polos países beneficiarios e poderá poñer á disposición destes os recursos necesarios para garantir a eficiencia no procedemento de identificación, selección e adxudicación de operacións.

5. O resto de estipulacións relativas á xestión, incluídas as condicións financeiras dos créditos, o financiamento dos gastos locais, a participación de material estranxeiro ou o financiamento de comisións comerciais, así como calquera outra circunstancia que se deba ter en conta nas operacións con cargo ao Fiem, serán obxecto de desenvolvemento regulamentario posterior.»

Catro. Modifícase o artigo 11, que queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Axente financeiro e custos de xestión.*

1. O Instituto de Crédito Oficial formalizará, en nome e representación do Goberno español e por conta do Estado, os correspondentes convenios de crédito, préstamo ou doazón. Igualmente, prestará os servizos de instrumentación técnica, contabilidade, caixa, axente pagador, control e, en xeral, todos os de carácter financeiro relativos ás operacións autorizadas con cargo ao Fiem, sen prexuízo das competencias que en materia de control se establecen na Lei 47/2003, xeral orzamentaria, e demais normativa legal vixente.

2. Coa finalidade de optimizar a xestión financeira do Fiem, o Instituto de Crédito Oficial, logo de autorización da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, poderá depositar os recursos da conta de Tesouraría do Fiem en

entidades financeiras distintas do Banco de España, domiciliadas en países que cumpran as normas internacionais en materia de transparencia financeira, prevención do branqueo de capitais e loita contra a evasión fiscal. Así mesmo, seguindo o mesmo procedemento de autorización e condicións, o Instituto de Crédito Oficial poderá efectuar operacións de investimento, así como operacións de intercambio financeiro para a cobertura de riscos.

3. Con cargo ao Fiem e logo de autorización por acordo do Consello de Ministros serán compensados o Instituto de Crédito Oficial polos gastos en que incorra no seu labor de axente financeiro do Fondo, así como por aqueles outros gastos derivados do asesoramento que lle poida ser encargado.

4. Así mesmo, con cargo ao Fiem, e logo de autorización por acordo do Consello de Ministros, compensaranse Cofides e Cesce polos gastos polos labores que se lles requiran en virtude do sinalado no número 2 do artigo 7 desta lei.»

**Artigo 58. Convenio de axuste recíproco de xuros (CARI).**

1. Os créditos que concedan as entidades financeiras, destinados ao financiamento da exportación de bens e servizos españois, poderán ser axustados, nas condicións e na forma que regulamentariamente se estableza, a través do Instituto de Crédito Oficial mediante un convenio de axuste recíproco de xuros.

2. Para os efectos sinalados no punto anterior, considéranse entidades financeiras as cooperativas de crédito cualificadas, as caixas de aforro españolas, os bancos españois, o Instituto de Crédito Oficial e as entidades de crédito estranxeiras.

3. O Ministerio de Economía e Competitividade deberá autorizar a formalización destes convenios ou a súa cesión, no caso dos xa asinados. Cando da valoración dunha contrapartida do ICO no sistema CARI poidan derivar riscos ou incertezas adicionais para o citado sistema, a Secretaría de Estado de Comercio poderá requirirille á entidade participante, como condición previa á autorización do convenio, ou a súa cesión, a constitución de garantías que permitan cubrir os ditos riscos adicionais. En todo caso, a autorización terá carácter singular cando sexa o Instituto de Crédito Oficial quen, así mesmo, financie a operación de exportación.

4. O axuste a que se refire o número 1 deste artigo cubrirá a diferenza entre o custo de mercado dos recursos necesarios para financiar a operación de exportación e o produto que a entidade financeira obteña como consecuencia desta, máis a marxe porcentual anual sobre a contía do préstamo. Establecerase regulamentariamente a marxe anual e o procedemento para determinar o custo dos recursos e o produto da entidade financeira antes aludidos.

5. Para aquelas operacións contratadas baixo o sistema Convenio de axuste recíproco de xuros (CARI) que contén cunha cobertura do seguro por conta do Estado de Cesce nunha porcentaxe superior ao 95 por cento, os axustes de xuros a favor do ICO que deriven de importes non aboados polo debedor dun crédito e non cubertos polo seguro de Cesce, poderán ser cancelados no caso de que transcorresen máis de 110 días desde a data en que se produciu o vencemento e este permaneza impagado.

6. Anualmente, na Lei de orzamentos xerais do Estado dotarase o Ministerio de Economía e Competitividade co correspondente crédito ampliable para atender as finalidades previstas na presente lei. Igualmente, nos orzamentos de ingresos e gastos do Instituto de Crédito Oficial estableceranse os correspondentes conceptos orzamentarios para recoller as operacións derivadas destes axustes.

## CAPÍTULO IV

### Outros instrumentos e organismos de apoio á internacionalización

Artigo 59. *Participación española nas institucións financeiras internacionais.*

1. Nos distintos programas e fondos de institucións financeiras internacionais con contribución da Administración xeral do Estado e os seus organismos dependentes fomentárase a participación de empresas españolas nos proxectos abertos a concurso por estas institucións en países en desenvolvemento, de forma complementaria aos obxectivos esenciais de promoción do desenvolvemento económico e estabilidade do sistema financeiro internacional que teñen estas institucións. O Ministerio de Economía e Competitividade desenvolverá os mecanismos necesarios para fomentar a participación de empresas españolas nos mercados de licitacións das institucións financeiras internacionais.

2. As iniciativas de achega directa a fondos depositados nas institucións por parte dos distintos ministerios ou as súas entidades dependentes deberán contar coa aprobación da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, que velará pola coordinación das iniciativas e a valoración custo-eficacia dos fondos nos cales se propón a achega orzamentaria do Estado.

Artigo 60. *Xestión dos instrumentos de axuda externa da Unión Europea.*

1. Con carácter anual elaborárase un programa de xestión dos instrumentos de axuda externa da Unión Europea que, entre os seus obxectivos prioritarios, teña o de conseguir unha adecuada participación das empresas españolas na carteira de proxectos que son promovidos nesta materia pola Unión Europea.

O programa será aprobado por acordo do Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación e de Economía e Competitividade, logo do informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

2. O programa promoverá a racionalización da representación de España nos órganos de xestión dos instrumentos de axuda externa da Unión Europea.

3. O ICEX informará e asesorará as empresas españolas para a súa participación nestes proxectos, de acordo co establecido no artigo 54.2.

### *Sección 2.ª Mobilidade internacional*

## CAPÍTULO I

### Facilitación de entrada e permanencia

Artigo 61. *Entrada e permanencia en España por razóns de interese económico.*

1. Os estranxeiros que se propoñan entrar ou residir, ou que xa residan, en España verán facilitada a súa entrada e permanencia en territorio español por razóns de interese económico, de acordo co establecido nesta sección, naqueles supostos en que acrediten ser:

- a) Investidores.
- b) Emprendedores.
- c) Profesionais altamente cualificados.
- d) Investigadores.
- e) Traballadores que efectúen movementos intraempresariais dentro da mesma empresa ou grupo de empresas.

2. O disposto nesta sección non será de aplicación aos cidadáns da Unión Europea e a aqueles estranxeiros aos cales lles sexa de aplicación o dereito da Unión Europea por seren beneficiarios dos dereitos de libre circulación e residencia.

Artigo 62. *Requisitos xerais para a estadía ou residencia.*

1. Sen prexuízo da acreditación dos requisitos específicos previstos para cada visado ou autorización, os estranxeiros a que se refire a presente sección deberán reunir, para estadias non superiores a tres meses, as condicións de entrada previstas no Regulamento (CE) 562/2006, do 15 de marzo, polo que se establece un código comunitario de normas para a pasaxe de persoas polas fronteiras (Código de fronteiras Schengen).

2. Nos supostos de visados de estadía, deberán acreditar, ademais, os requisitos previstos no Regulamento (CE) 810/2009, do 13 de xullo, polo que se establece un código comunitario sobre visados (Código de visados).

3. Nos supostos de visados de residencia previstos no Regulamento (UE) 265/2010, polo que se modifican o Convenio de aplicación do acordo de Schengen e o Regulamento (CE) 562/2006, do 15 de marzo, polo que se refire á circulación de persoas con visados de longa duración, así como para as autorizacións de residencia, o solicitante deberá acreditar o cumprimento dos requisitos seguintes:

- a) Non encontrarse irregularmente en territorio español.
- b) Ser maior de 18 anos.
- c) Carecer de antecedentes penais en España e nos países onde residise durante os últimos cinco anos, por delitos previstos no ordenamento xurídico español.
- d) Non figurar como rexeitable no espazo territorial de países cos cales España teña asinado un convenio en tal sentido.
- e) Contar cun seguro público ou cun seguro privado de enfermidade concertado cunha entidade aseguradora autorizada para operar en España.
- f) Contar con recursos económicos suficientes para el mesmo e para os membros da súa familia durante o seu período de residencia en España.
- g) Aboar a taxa por tramitación da autorización ou visado.

4. O cónxuxe e os fillos menores de 18 anos, ou maiores de idade que non sexan obxectivamente capaces de prover as súas propias necesidades debido ao seu estado de saúde, que se reúnan ou acompañen os estranxeiros citados no número 1 do artigo 61, poderán solicitar, conxunta e simultánea ou sucesivamente, a autorización e, se for o caso, o visado. Para isto, deberá quedar acreditado o cumprimento dos requisitos previstos no punto anterior.

5. O disposto na presente lei entenderase sen prexuízo do cumprimento, polos suxeitos obrigados, das obrigas establecidas na Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo e as obrigas tributarias ou de Seguridade Social correspondentes.

6. As misións diplomáticas e oficinas consulares, ao recibiren as solicitudes de visados de residencia, efectuarán á Dirección Xeral da Policía as consultas pertinentes destinadas a comprobar se o solicitante representa un risco en materia de seguridade.

A Dirección Xeral da Policía deberá responder no prazo máximo de sete días desde a recepción da consulta. Transcorridos estes sen ter obtido resposta entenderase que o seu sentido é favorable.

## CAPÍTULO II

### Investidores

Artigo 63. *Visado de residencia para investidores.*

1. Os estranxeiros non residentes que se propoñan entrar en territorio español co fin de realizar un investimento significativo de capital poderán solicitar o visado de estadaía ou, se é o caso, de residencia para investidores.

2. Entenderase como investimento significativo de capital aquel que cumpra con algún dos seguintes supostos:

a) Un investimento inicial por un valor igual ou superior a dous millóns de euros en títulos de débeda pública española, ou por un valor igual ou superior a un millón de euros en accións ou participacións sociais de empresas españolas, ou depósitos bancarios en entidades financeiras españolas.

b) A adquisición de bens inmobles en España cun investimento de valor igual ou superior a 500.000 euros por cada solicitante.

c) Un proxecto empresarial que vaia ser desenvolvido en España e que sexa considerado e acreditado como de interese xeral, para o cal se valorará o cumprimento de polo menos unha das seguintes condicións:

1.º Creación de postos de traballo.

2.º Realización dun investimento con impacto socioeconómico de relevancia no ámbito xeográfico en que se vaia desenvolver a actividade.

3.º Achega relevante á innovación científica e/ou tecnolóxica.

3. Entenderase igualmente que o estranxeiro solicitante do visado realizou un investimento significativo de capital cando o investimento o leve a cabo unha persoa xurídica, domiciliada nun territorio que non teña a consideración de paraíso fiscal conforme a normativa española, e o estranxeiro posúa, directa ou indirectamente, a maioría dos seus dereitos de voto e teña a facultade de nomear ou destituír a maioría dos membros do seu órgano de administración.

Artigo 64. *Forma de acreditación do investimento.*

Para a concesión do visado de residencia para investidores será necesario cumprir os requisitos seguintes:

a) No caso previsto na alínea a) do número 2 do artigo 63, o solicitante deberá acreditar ter realizado o investimento na cantidade mínima requirida, nun período non superior a 60 días anteriores ao da presentación da solicitude, da maneira seguinte:

1.º No suposto de investimento en accións non cotizadas ou participacións sociais, presentarase o exemplar da declaración de investimento realizado no Rexistro de Investimentos Exteriores do Ministerio de Economía e Competitividade.

2.º No suposto de investimento en accións cotizadas, presentarase un certificado do intermediario financeiro, debidamente rexistrado na Comisión Nacional do Mercado de Valores ou no Banco de España, no cal conste que o interesado efectuou o investimento para efectos desta norma.

3.º No suposto de investimento en débeda pública, presentarase un certificado da entidade financeira ou do Banco de España no cal se indique que o solicitante é o titular único do investimento para un período igual ou superior a 5 anos.

4.º No suposto de investimento en depósito bancario, presentarase un certificado da entidade financeira en que se constate que o solicitante é o titular único do depósito bancario.



b) No suposto previsto na alínea b) do número 2 do artigo 63, o solicitante deberá acreditar ter adquirido a propiedade dos bens inmobles mediante certificación con información continuada de dominio e cargas do rexistro da propiedade que corresponda ao inmovible ou inmobles. A certificación incorporará un código electrónico de verificación para a súa consulta en liña.

Se no momento da solicitude do visado a adquisición dos inmobles se encontra en trámite de inscrición no Rexistro da Propiedade, será suficiente a presentación da citada certificación en que conste vixente o asento de presentación do documento de adquisición, xunto coa documentación acreditativa do pagamento dos tributos correspondentes.

O solicitante deberá acreditar dispoñer dun investimento en bens inmobles de 500.000 euros libre de toda carga ou gravame. A parte do investimento que exceda o importe exixido poderá estar sometida a carga ou gravames.

c) No suposto previsto na alínea c) do número 2 do artigo 63, deberase presentar un informe favorable para constatar que no proxecto empresarial presentado concorren razóns de interese xeral. O informe procederá da Oficina Económica e Comercial do ámbito de demarcación xeográfica onde o investidor presente a solicitude do visado.

#### Artigo 65. *Efectos do visado de residencia para investidores.*

A concesión do visado de residencia para investidores constituirá título suficiente para residir en España durante, polo menos, un ano.

#### Artigo 66. *Autorización de residencia para investidores.*

1. Os investidores estranxeiros que desexen residir en España durante un período superior a un ano poderán ser provistos dunha autorización de residencia para investidores, que terá validez en todo o territorio nacional.

2. Para solicitar unha autorización de residencia para investidores, o solicitante debe cumprir, ademais dos requisitos xerais previstos no artigo 62, os seguintes requisitos:

a) Ser titular dun visado de residencia para investidores en vigor ou estar dentro do prazo dos noventa días naturais posteriores ao da súa caducidade.

b) Ter viaxado a España polo menos unha vez durante o período autorizado para residir.

c) No suposto previsto na alínea a) do número 2 do artigo 63 o investidor deberá demostrar que mantivo o investimento dun valor igual ou superior á cantidade mínima requirida:

1.º No suposto de accións non cotizadas ou participacións sociais, deberase presentar un certificado notarial que demostre que o investidor mantivo durante o período de referencia anterior a propiedade das accións non cotizadas ou participacións sociais que o facultaron para obter o visado de investidores. O certificado deberá estar datado dentro dos 30 días anteriores ao da presentación da solicitude.

2.º No suposto de investimento en accións cotizadas, deberase presentar un certificado dunha entidade financeira, en que conste que o interesado mantivo, polo menos, de media un valor dun millón de euros investidos en accións cotizadas durante o período de referencia anterior. O certificado deberá estar datado dentro dos 30 días anteriores ao da presentación da solicitude.

3.º No suposto de investimento en títulos de débeda pública, deberase presentar un certificado dunha entidade financeira ou do Banco de España en que se verifique o mantemento ou a ampliación, durante o período de referencia anterior, do número de títulos de débeda pública que adquiriu o investidor no momento en que realizou o investimento inicial. O certificado deberá estar datado dentro dos 30 días anteriores ao da presentación da solicitude.

4.º No suposto de investimento en depósito bancario, deberase presentar un certificado da entidade financeira que verifique que o investidor mantivo ou ampliou o seu

depósito durante o período de referencia anterior. O certificado deberá estar datado dentro dos 30 días anteriores ao da presentación da solicitude.

d) No suposto previsto na alínea b) do número 2 do artigo 63, o solicitante deberá demostrar que o investidor é propietario do ben ou bens inmobles pola cantidade mínima exixida no dito artigo. Para isto deberá achegar o certificado ou certificados de dominio do rexistro da propiedade que corresponda ao inmovible ou inmobles e debe estar datado dentro dos 90 días anteriores ao da presentación da solicitude.

e) Nos supostos previstos na alínea c) do número 2 do artigo 63, deberase presentar un informe favorable da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos do Ministerio de Economía e Competitividade para constatar que as razóns de interese xeral acreditadas inicialmente se manteñen.

f) O cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguridade social.

*Artigo 67. Duración da autorización de residencia para investidores.*

1. A autorización inicial de residencia para investidores terá unha duración de dous anos.

2. Unha vez cumprido este prazo, aqueles investidores estranxeiros que estean interesados en residir en España por unha duración superior poderán solicitar a renovación da autorización de residencia para investidores polo mesmo prazo de dous anos.

### CAPÍTULO III

#### **Emprendedores e actividade empresarial**

*Artigo 68. Entrada e estadía para inicio de actividade empresarial.*

1. Os estranxeiros poderán solicitar un visado para entraren e permaneceren en España por un período dun ano co fin único ou principal de levar a cabo os trámites previos para poderen desenvolver unha actividade emprendedora.

2. Os titulares do visado previsto no punto anterior poderán acceder á situación de residencia para emprendedores prevista nesta sección sen necesidade de solicitar visado e sen que se requira un período previo mínimo de permanencia, cando se xustifique que se produciu previamente o inicio efectivo da actividade empresarial para a cal se solicitou o visado.

*Artigo 69. Residencia para emprendedores.*

1. Aqueles estranxeiros que soliciten entrar en España ou que, sendo titulares dunha autorización de estadía ou residencia ou visado, pretendan iniciar, desenvolver ou dirixir unha actividade económica como emprendedor, poderán ser provistos dunha autorización de residencia para actividade empresarial que terá validez en todo o territorio nacional.

2. Os solicitantes deberán cumprir os requisitos xerais previstos no artigo 62 e os requisitos legais necesarios para o inicio da actividade, que serán os establecidos na normativa sectorial correspondente.

*Artigo 70. Definición de actividade emprendedora e empresarial.*

1. Entenderase como actividade emprendedora aquela que sexa de carácter innovador con especial interese económico para España e, para tal efecto, conte cun informe favorable do órgano competente da Administración xeral do Estado.

2. Para a valoración terase en conta, especialmente e con carácter prioritario, a creación de postos de traballo en España. Así mesmo, terase en conta:

- a) O perfil profesional do solicitante.
- b) O plan de negocio, incluíndo a análise de mercado, servizo ou produto, e o financiamento.
- c) O valor engadido para a economía española, a innovación ou oportunidades de investimento.

#### CAPÍTULO IV

##### Profesionais altamente cualificados

###### Artigo 71. *Profesionais altamente cualificados.*

Poderán solicitar unha autorización de residencia para profesionais altamente cualificados, que terá validez en todo o territorio nacional, as empresas que requiran a incorporación en territorio español de profesionais estranxeiros para o desenvolvemento dunha relación laboral ou profesional incluída nalgún dos seguintes supostos:

a) Persoal directivo ou altamente cualificado, cando a empresa ou grupo de empresas reúna algunha das características seguintes:

1.º Cadro de persoal medio durante os tres meses inmediatamente anteriores á presentación da solicitude superior a 250 traballadores en España, en alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

2.º Volume de cifra neta anual de negocios superior, en España, a 50 millóns de euros, ou volume de fondos propios ou patrimonio neto superior, en España, a 43 millóns de euros.

3.º Investimento bruto medio anual, procedente do exterior, non inferior a 1 millón de euros nos tres anos inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

4.º Empresas cun valor do *stock* investidor ou posición, segundo os últimos datos do Rexistro de Investimentos Exteriores do Ministerio de Economía e Competitividade superior a 3 millóns de euros.

5.º Pertenza, no caso de pequenas e medianas empresas establecidas en España, a un sector considerado estratéxico.

b) Persoal directivo ou altamente cualificado que forme parte dun proxecto empresarial que supoña alternativamente e sempre que a condición alegada sobre a base deste suposto sexa considerada e acreditada como de interese xeral:

1.º Un incremento significativo na creación de postos de traballo directos por parte da empresa que solicita a contratación.

2.º Mantemento do emprego.

3.º Un incremento significativo na creación de postos de traballo no sector de actividade ou ámbito xeográfico en que se vaia desenvolver a actividade laboral.

4.º Un investimento extraordinario con impacto socioeconómico de relevancia no ámbito xeográfico en que se vaia desenvolver a actividade laboral.

5.º A concorrencia de razóns de interese para a política comercial e de investimento de España.

6.º Unha achega relevante á innovación científica e/ou tecnolóxica.

c) Graduados, posgraduados de universidades e escolas de negocios de recoñecido prestixio.

###### Artigo 72. *Formación, investigación, desenvolvemento e innovación.*

Os estranxeiros que pretendan entrar en España ou que, sendo titulares dunha autorización de estadía e residencia, desexen realizar actividades de formación, investigación, desenvolvemento e innovación en entidades públicas ou privadas deberán estar provistos do correspondente visado ou dunha autorización de residencia para

formación ou investigación que terá validez en todo o territorio nacional nos seguintes casos:

- a) O persoal investigador a que se refiren o artigo 13 e a disposición adicional primeira da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- b) O persoal científico e técnico que leve a cabo traballos de investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica en entidades empresariais ou centros de I+D+i establecidos en España.
- c) Os investigadores acollidos no marco dun convenio por organismos de investigación públicos ou privados nas condicións que se establezan regulamentariamente.
- d) Os profesores contratados por universidades, órganos ou centros de educación superior e investigación ou escolas de negocios establecidos en España, de acordo cos criterios que se establezan regulamentariamente.

## CAPÍTULO V

### Traslado intraempresarial

*Artigo 73. Autorización de residencia por traslado intraempresarial.*

1. Aqueles estranxeiros que se despracen a España no marco dunha relación laboral, profesional ou por motivos de formación profesional, cunha empresa ou grupo de empresas establecida en España ou noutro país, deberán estar provistos do correspondente visado de acordo coa duración do traslado e dunha autorización de residencia por traslado intraempresarial, que terá validez en todo o territorio nacional.

2. Deberán quedar acreditados, ademais dos requisitos xerais do artigo 60, os seguintes requisitos:

- a) A existencia dunha actividade empresarial real e, se é o caso, a do grupo empresarial.
- b) Titulación superior ou equivalente ou, se é o caso, experiencia mínima profesional de 3 anos.
- c) A existencia dunha relación laboral ou profesional, previa e continuada, de 3 meses cunha ou varias das empresas do grupo.
- d) Documentación da empresa que acredite o traslado.

*Artigo 74. Traslados intraempresariais de grupos de profesionais.*

As empresas ou grupos de empresas que cumpran os requisitos establecidos na alínea a) do artigo 71 poderán solicitar a tramitación colectiva de autorizacións, que estará baseada na xestión planificada dunha cota temporal de autorizacións presentadas pola empresa ou grupo de empresas.

## CAPÍTULO VI

### Normas xerais do procedemento de concesión de autorizacións

*Artigo 75. Visados de estadía e residencia.*

1. Os visados de estadía e residencia a que se refire a presente sección segunda de mobilidade internacional serán expedidos polas misións diplomáticas e oficinas consulares de España de conformidade co previsto no Regulamento (CE) 810/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009 (Código de visados), e no Regulamento (UE) 265/2010 do Parlamento Europeo e do Consello do 25 de marzo de 2010, polo que se modifican o Convenio de aplicación do Acordo de Schengen e o Regulamento (CE) 562/2006 polo que se refire á circulación de persoas con visados de longa duración.

2. O visado uniforme poderase expedir para unha, dúas ou múltiples entradas. O período de validez non será superior a cinco anos. O período de validez deste visado e a duración da estada autorizada decidiránse sobre a base do exame realizado de conformidade co artigo 21 do Regulamento (CE) 810/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009.

3. O visado de validez territorial limitada concederáse cando concorran circunstancias de interese nacional, de acordo co previsto no artigo 25 do Código de visados (Regulamento (CE) 810/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009).

4. Os visados de residencia previstos nesta sección expediranse conforme o disposto no Regulamento (UE) 265/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de marzo de 2010, polo que se modifican o Convenio de aplicación do Acordo de Schengen e o Regulamento (CE) 562/2006 polo que se refire á circulación de persoas con visados de longa duración. Estes visados terán validez dun ano e autorizarán a residencia do seu titular en España sen necesidade de tramitar a tarxeta de identidade de estranxeiro.

5. As solicitudes de visado resolveranse e notificaranse no prazo de dez días hábiles, salvo nos casos de solicitantes sometidos á consulta prevista no artigo 22 do Código de visados, caso en que o prazo de resolución será o previsto con carácter xeral no dito código.

#### Artigo 76. *Procedemento de autorización.*

1. A tramitación das autorizacións de residencia previstas nesta sección será efectuada pola Unidade de Grandes Empresas e Colectivos Estratéxicos, recollerá a utilización de medios telemáticos e a súa concesión corresponderá á Dirección Xeral de Migracións.

O prazo máximo de resolución será de vinte días desde a presentación da solicitude. Se non se resolve nese prazo, a autorización entenderase estimada por silencio administrativo. As resolucións serán motivadas e poderán ser obxecto de recurso de alzada, de acordo co previsto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2. Os titulares dunha autorización reguladas nesta sección poderán solicitar a súa renovación por períodos de dous anos sempre e cando manteñan as condicións que xeraron o dereito.

#### Disposición adicional primeira. *Débedas de dereito público do emprendedor de responsabilidade limitada.*

1. O disposto no capítulo II do título I desta lei non resultará de aplicación respecto das débedas de dereito público das cales resulte titular o emprendedor de responsabilidade limitada para cuxa xestión recadatoria resulte de aplicación o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e no Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

2. No caso das débedas de dereito público a que se refire o punto anterior, a Administración pública competente poderá desenvolver as actuacións de cobramento establecidas na normativa que se indica, coas especialidades reguladas no seguinte punto.

3. Cando entre os bens embargados se encontre a vivenda habitual do emprendedor de responsabilidade limitada nos termos do número 2 do artigo 8 desta lei, a súa execución será posible cando:

a) Non se coñezan outros bens do debedor con valoración conxunta suficiente susceptibles de realización inmediata no procedemento de constrinximento.

b) Entre a notificación da primeira dilixencia de embargamento do ben e a realización material do procedemento de alleamento deste medie un prazo mínimo de dous anos.

Este prazo non se interromperá nin se suspenderá, en ningún caso, nos supostos de ampliacións do embargamento orixinario ou nos casos de prórroga das anotacións rexistras.

Disposición adicional segunda. *Integración de portelos únicos nos puntos de atención ao emprendedor.*

1. Os puntos de asesoramento e inicio de tramitación (PAIT) pasarán a denominarse puntos de atención ao emprendedor (PAE).

Igualmente, os centros de portelo único empresarial e o portelo único da Directiva de Servizos eugo.es (VUDS) do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas integraranse nos puntos de atención ao emprendedor. A forma de integración establecerase regulamentariamente.

2. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, oído o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, poderá celebrar convenios de establecemento de puntos de atención ao emprendedor con outras administracións públicas e entidades privadas. Nos convenios estableceranse os distintos catálogos de servizos que se deben prestar, así como o seu carácter gratuito e os que se poden ofrecer mediante contraprestación económica. Entre os servizos que se prestarán, poderanse incluír todos ou algún dos servizos a que se refire o artigo 13.2 desta lei.

3. Os convenios PAIT actualmente asinados entre a Administración xeral do Estado e as entidades públicas e privadas entenderanse vixentes sen prexuízo dos novos convenios de puntos de atención ao emprendedor.

4. As administracións públicas levarán a cabo todas as actuacións necesarias para a implantación, no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, de todos os servizos que, conforme esta lei, debe prestar o Punto de Atención ao Emprendedor electrónico do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Disposición adicional terceira. *Colaboración con outros sistemas electrónicos para a constitución de sociedades.*

1. Os ministerios de Xustiza e de Industria, Enerxía e Turismo establecerán o uso da axenda electrónica notarial para a constitución telemática de sociedades de responsabilidade limitada e calquera outra forma xurídica que se incorpore regulamentariamente no documento único electrónico regulado na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

2. O uso da axenda electrónica notarial será de obrigado cumprimento para o notario, de maneira que as citas que se establezan mediante esta terán efectos no cómputo dos prazos establecidos nos artigos 15 e 16 desta lei.

3. Estableceranse regulamentariamente medidas sancionadoras polos incumprimentos do establecido nos puntos anteriores.

Disposición adicional cuarta. *Permiso único.*

1. As autorizacións de residencia previstas na presente norma tramitaranse conforme o disposto na Directiva 2011/98/UE, do 13 de decembro de 2011, pola que se establece un procedemento único de solicitude dun permiso único que autoriza os nacionais de terceiros países a residiren e traballaren no territorio dun Estado membro e pola que se establece un conxunto común de dereitos para os traballadores de terceiros países que residen legalmente nun Estado membro.

2. As solicitudes de expedición, modificación ou renovación destes permisos únicos presentaranse mediante un procedemento único de solicitude.

3. As decisións de expedición, modificación ou renovación destes permisos únicos constituirá un único acto administrativo, sen prexuízo do procedemento de expedición do visado que corresponda.

Disposición adicional quinta. *Sectores estratéxicos.*

1. Non se terá en conta a situación nacional de emprego nas autorizacións reguladas na sección 2.<sup>a</sup> do título V.

2. Así mesmo, por orde ministerial do Ministerio da Presidencia por iniciativa conxunta dos ministerios de Emprego e Seguridade Social e de Economía e Competitividade poderase establecer a non aplicación da situación nacional de emprego para a contratación de estranxeiros en sectores considerados estratéxicos. Nesta orde poderase acordar unha cota anual de contratacións.

Disposición adicional sexta. *Residencia en España con períodos de ausencia do territorio español.*

Sen prexuízo da necesidade de acreditar, conforme a lexislación vixente, a continuidade da residencia en España para a adquisición da residencia de longa duración ou a nacionalidade española, a renovación da residencia poderase efectuar mesmo existindo ausencias superiores a seis meses ao ano no caso de visados de residencia e autorizacións para investidores estranxeiros ou traballadores estranxeiros de empresas que, realizando as súas actividades no estranxeiro, teñan fixada a súa base de operacións en España.

Disposición adicional sétima. *Mantemento dos requisitos.*

1. Os estranxeiros deberán manter durante a vixencia dos visados ou autorizacións as condicións que lles deron acceso a estes.

2. Os órganos competentes da Administración xeral do Estado poderán levar a cabo as comprobacións que consideren oportunas para verificaren o cumprimento da lexislación vixente.

Disposición adicional oitava. *Custo económico.*

A aplicación das previsións contidas na presente lei, que poidan ter unha incidencia sobre o gasto público, desenvolverase cos recursos humanos e cos medios materiais existentes. En particular, a aplicación das previsións contidas nos artigos 13, 19, 22, 38, 39, 40 na sección 2.<sup>a</sup> do título V e na disposición adicional segunda non supoñen aumento do gasto público, toda vez que o funcionamento dos órganos e instrumentos que se crean se desenvolverá cos recursos humanos e os medios materiais existentes.

Disposición adicional novena. *Miniempresa ou empresa de estudantes.*

1. A miniempresa ou empresa de estudantes recoñécese como ferramenta pedagóxica.

2. Determinaranse regulamentariamente os requisitos, límites ao estatuto de miniempresa ou empresa de estudantes e os modelos que facilitarán o cumprimento das súas obrigas tributarias e contables.

3. A miniempresa ou empresa de estudantes deberá ser inscrita pola organización promotora do programa miniempresa no rexistro que se habilitará para o efecto, o que lle permitirá á miniempresa realizar transaccións económicas e monetarias, emitir facturas e abrir contas bancarias.

4. A miniempresa ou empresa de estudantes terá unha duración limitada a un curso escolar prorrogable a un máximo de dous cursos escolares. Deberase liquidar ao final do ano escolar presentando a correspondente acta de liquidación e disolución.

5. A miniempresa ou empresa de estudantes estará cuberta por un seguro de responsabilidade civil ou outra garantía equivalente suscrito pola organización promotora.

Disposición adicional décima. *Aranceis rexistrais e notariais.*

1. A realización de calquera operación rexistral, incluída a publicidade formal, estará exenta do pagamento do arancel cando a responsable final do seu pagamento, de acordo coas normas arancelarias, sexa unha das entidades a que se refire o número 1 do artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Esta exención entrará en vigor no momento en que se execute a demarcación rexistral que, de acordo co establecido no artigo 19, se aprobará mediante real decreto.

2. Os aranceis rexistrais para as inscricións do emprendedor de responsabilidade limitada no Rexistro Mercantil e o Rexistro da Propiedade serán os seguintes:

- a) Rexistro Mercantil: 40 euros.
- b) Rexistro da Propiedade: 24 euros.

A publicación da inscrición do emprendedor de responsabilidade limitada no «Boletín Oficial del Registro Mercantil» estará exenta do pagamento de taxas.

Disposición adicional décimo primeira. *Achegas con cargo ao Fonprode e outras en execución de programas de cooperación internacional ao desenvolvemento.*

O disposto no artigo 59.2 da lei non será de aplicación ás achegas que se realicen ao abeiro da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, e da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento.

Disposición adicional décimo primeira. *Adaptación nos estatutos sociais de Cofides.*

A Compañía de Financiamento do Desenvolvemento (Cofides) fará as adaptacións que procedan nos seus estatutos sociais, de conformidade co previsto nesta lei.

Disposición adicional décimo terceira. *Mantemento electrónico dos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles.*

A obriga de mantemento en formato electrónico dos rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles, de conformidade co artigo 19 desta lei, será efectiva no prazo dun ano desde a entrada en vigor da lei.

Disposición adicional décimo cuarta. *Requisitos de capital aplicables a pequenas e medianas empresas.*

1. Para efectos do cálculo dos requisitos de recursos propios e de capital principal das entidades de crédito, as exposicións ponderadas por risco de crédito de pequenas e medianas empresas determinadas conforme o disposto no artigo sexto da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, multiplicaranse por un factor corrector de 0,7619.

2. Para a aplicación do factor establecido no punto anterior, terase en conta o previsto no artigo 501.2 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

Disposición adicional décimo quinta. *Réxime de transición para a desaparición de índices ou tipos de xuro de referencia.*

1. Con efectos desde o 1 de novembro de 2013, o Banco de España deixará de publicar na súa sede electrónica e producirase a desaparición completa dos seguintes índices oficiais aplicables aos préstamos ou créditos hipotecarios de conformidade coa lexislación vixente:



- a) Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos, para adquisición de vivenda libre, concedidos polos bancos.
- b) Tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos, para adquisición de vivenda libre, concedidos polas caixas de aforros.
- c) Tipo activo de referencia das caixas de aforros.

2. As referencias aos tipos previstos no punto anterior serán substituídas, con efectos desde a seguinte revisión dos tipos aplicables, polo tipo ou índice de referencia substitutivo previsto no contrato.

3. En defecto do tipo ou índice de referencia previsto no contrato ou en caso de que este sexa algún dos índices ou tipos que desaparecen, a substitución realizarase polo tipo de xuro oficial denominado «tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos, para adquisición de vivenda libre, concedidos polas entidades de crédito en España», aplicándolle un diferencial equivalente á media aritmética das diferenzas entre o tipo que desaparece e o citado anteriormente, calculadas cos datos dispoñibles entre a data de outorgamento do contrato e a data en que efectivamente se produce a substitución do tipo.

A substitución dos tipos de conformidade co previsto neste punto implicará a novación automática do contrato sen supoñer unha alteración ou perda do rango da hipoteca inscrita.

4. As partes carecerán de acción para reclamar a modificación, alteración unilateral ou extinción do préstamo ou crédito como contrapartida da aplicación do disposto nesta disposición.

Disposición adicional décimo sexta. *Actividade desenvolvida en clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro.*

No prazo de 4 meses desde a aprobación da presente lei o Goberno procederá a realizar un estudo da natureza da relación xurídica e, se é o caso, encadramento no campo de aplicación da Seguridade Social da actividade desenvolvida en clubs e entidades deportivas sen ánimo de lucro que se poida considerar marxinal e non constitutiva de medio fundamental de vida.

Disposición transitoria. *Réxime transitorio en materia concursal.*

Os concursos declarados antes da data de entrada en vigor desta norma, en canto ás normas establecidas no capítulo V do título I, seguirán rexéndose ata o seu remate pola normativa concursal anterior a esta lei.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei, e de maneira específica:

- a) A Lei 11/1983, do 16 de agosto, de medidas financeiras de estímulo á exportación.
- b) O artigo 13 bis da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.
- c) O artigo 9.2 da Orde ITC/138/2009, do 28 de xaneiro de 2009, pola que se regulan diversos aspectos relacionados coa concesión de apoio oficial ao crédito á exportación mediante convenios de axuste recíproco de xuros.
- d) As alíneas a) a f), ambas as dúas incluídas, do número un do artigo 5, as alíneas a) e b) do número dous e o número tres do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.
- e) Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2013, queda derogado o número 3 da disposición adicional décima do texto refundido

da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria.*

A Lei 13/1998, do 4 de maio, de ordenación do mercado de tabacos e normativa tributaria, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádesse un penúltimo parágrafo á exposición de motivos:

«Esta lei tamén consagra a doutrina do principio da liberdade de circulación dentro da Unión Europea en materia de venda retalista por parte dos expendedores, consagrada neste caso pola Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 26 de abril de 2012, ditada no Asunto C-456/10, e pola Sentenza do Tribunal Supremo, do 8 de novembro de 2012, ditada no recurso contencioso-administrativo número 1/59/2007.»

Dous. A alínea c) do número dous do artigo 1 queda redactada do seguinte modo:

«c) Ser titular dunha expendedoría de tabaco e timbre, dunha autorización de punto de venda con recarga, ou dunha expendedoría de tabacos de réxime especial das previstas na disposición adicional sétima da presente lei. Esta limitación non rexerá no caso de introdución no territorio de aplicación desta lei, por parte dos titulares de expendedorías de tabaco e timbre, de elaborados de tabaco que teñan a condición de mercadorías comunitarias segundo o artigo 4.7 Regulamento (CEE) n.º 2913/1992, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario, procedentes doutros Estados da Unión Europea, sen prexuízo do cumprimento da normativa fiscal aplicable.»

Tres. O número tres do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Tres. Os expendedores de tabaco e timbre, que deberán ser necesariamente persoas físicas, nacionais de calquera dos Estados da Unión Europea, configúranse como concesionarios do Estado. Os expendedores non poderán estar incurso nin incorrer en ningunha das situacións previstas nas alíneas a) e b) do número dous do artigo 1 desta lei; non poderán ser titulares doutra expendedoría ou dun punto de venda con recarga nin poderán ter vinculación profesional ou laboral con calquera dos importadores, fabricantes ou distribuidores por xunto do mercado de tabaco, agás que esta vinculación finalice antes da adxudicación definitiva da expendedoría. Non obstante, os titulares de expendedorías de tabaco e timbre poderán manter unha vinculación laboral ou profesional con outros operadores grosistas para os exclusivos efectos de realizar a introdución de elaborados de tabaco prevista no artigo 1.dous.c) da presente lei.»

Catro. O quinto parágrafo do número catro do artigo 4 queda redactado da maneira seguinte:

«Non poderán solicitar a transmisión nin participar en poxas aqueles titulares de expendedorías que fosen sancionados por unha infracción moi grave nos últimos cinco anos, ou dúas graves nos últimos tres anos, sempre que sexan firmes en vía administrativa.»

Cinco. Engádesse un novo parágrafo final ao número catro do artigo 4:

«Así mesmo, tampouco poderán solicitar a transmisión aqueles titulares de expendedorías que estean incurso en procedementos sancionadores en materia de mercado de tabacos ata a súa resolución e arquivamento.»

Seis. No segundo parágrafo do número cinco do artigo 4 suprimese o inciso «ou, se é o caso, entidade local menor».

Sete. Modifícase o número sete do artigo 4, que queda redactado da maneira seguinte:

«Fíxase no 8,5 por cento sobre o prezo de venda ao público a marxe dos expendedores polas súas vendas de elaborados de tabaco. Estes elaborados obrigatoriamente deberán ser adquiridos dalgún dos distribuidores habilitados, calquera que sexa o prezo ou clase destes, a súa orixe ou o comerciante grosista que os subministre, sen prexuízo da posibilidade de introdución directa polos titulares de expendedorías de tabaco e timbre de elaborados de tabaco prevista no artigo 1.dous.c) da presente lei, para o cal lles será aplicable o réxime xeral dos operadores grosistas. Non obstante o anterior, a venda de cigarros, en todo caso, suporá para o expendedor unha marxe do 9 por cento.»

Oito. Engádesse un novo número nove no artigo 4, que queda redactado da maneira seguinte:

«Prohíbese a venda e subministración de produtos de tabaco por calquera outro método que non sexa a venda directa persoal ou a través de máquinas expendedoras que cumpran as condicións sinaladas no artigo 4 da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco. Non obstante, os titulares de expendedorías de tabaco e timbre poderán vender a distancia, a persoas residentes noutro Estado membro da Unión, elaborados de tabaco que teñan a condición de «mercadorías comunitarias» segundo o artigo 4.7 Regulamento (CEE) n.º 2913/1992, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código alfandegueiro comunitario, sen prexuízo do cumprimento da normativa fiscal aplicable.»

Nove. Modifícase a letra l) do número catro do artigo 5:

«l) Exercer a potestade sancionadora nos termos previstos no artigo 7 desta lei.»

Dez. Engádense dous novos parágrafos ao final do número dez do artigo 5:

«Especificamente o Comisionado para o Mercado de Tabacos, para poder exercer adecuadamente a competencia de supervisión establecida no número catro «b» deste artigo, poderá demandar dos expendedores de tabaco e timbre a información desagregada das vendas diarias de elaborados de tabaco realizadas a puntos de venda con recarga e a particulares. Para tal fin poderá, ben requirir a remisión da citada información, dando un prazo de dez días para a súa remisión, ben obter directamente, no transcurso da inspección ás expendedorías, unha copia do arquivo informático que conteña esta información actualizada nesa data. Esta última previsión só afectará os expendedores que dispoñan de medios informáticos.

A non remisión da información requirida no citado prazo ou a súa non achega no momento da inspección terán a consideración de infracción grave conforme o disposto no artigo 7 tres 2 «d» da presente lei. En tales supostos, e en caso de existir ademais desviacións significativas entre as vendas efectuadas pola expendedoría e as que corresponderían á normal demanda da zona, o Comisionado poderá adoptar, no acordo de inicio do correspondente procedemento sancionador, a medida de carácter provisional consistente en continxentear a subministración de elaborados de tabaco limitando as súas compras á media das rexistradas polas expendedorías da mesma localidade no ano anterior, de se tratar de expendedorías xerais, ou á media provincial, de se tratar de expendedorías complementarias, ao seren estas normalmente únicas na súa respectiva localidade.»

Once. Modifícanse a alínea a) e a alínea b) do punto 1 do número tres do artigo 7, que quedarán redactados do seguinte modo:

«a) O abandono polos expendedores da súa actividade, a cesión da expendedoría en forma ilegal, a aceptación de retribucións non autorizadas legalmente, a venda a prezos distintos dos fixados legalmente, o traslado do lugar de venda sen a debida autorización, a subministración polo expendedor a dez ou máis puntos de venda con recarga non asignados, así como a comisión de dúas ou máis infraccións graves pola subministración ou transporte polo expendedor a un punto de venda con recarga non asignado.

b) A aceptación de retribucións non autorizadas nos puntos de venda con recarga.»

Doce. Modifícase a alínea a) do punto 2 do número tres do artigo 7, que quedará redactada da maneira seguinte:

«a) O incumprimento polos expendedores das obrigas que no seu estatuto concesional fagan referencia aos días e ao horario de apertura do establecemento, á obrigatoriedade de xestión persoal directa e de residencia no lugar, á tenza do nivel mínimo de existencias reclamado polo servizo público, a inobservancia das condicións de subministración a particulares e de subministración aos puntos de venda con recarga, así como o transporte a un punto de venda con recarga non asignado.»

Trece. Modifícase a alínea c) do punto 2 do número tres do artigo 7, que quedará redactada da maneira seguinte:

«c) A ausencia reiterada, nos puntos de venda con recarga, de existencias dos elaborados máis demandados, a venda a prezos distintos dos establecidos nos puntos de venda con recarga, así como a identificación no exterior do establecemento en que estea situado o punto de venda mediante logotipos, rótulos ou elementos identificativos de fabricantes, marquistas ou distribuidores e a publicidade no exterior do establecemento das súas marcas ou produtos.»

Catorce. Modifícase o primeiro parágrafo da disposición adicional novena, que queda redactado da maneira seguinte:

«A autoridade xudicial ou administrativa de todo o territorio nacional a cuxa disposición se encontran os elaborados de tabaco apreñados ou comisados, en procedemento de delito ou infracción administrativa de contrabando, así como aqueles que fosen obxecto de abandono expreso ou tácito a favor da Facenda pública, ordenará que sexan postas á disposición do Comisionado para o Mercado de Tabacos co fin de que se proceda á súa destrución. En todo caso, a autoridade correspondente estenderá a oportuna dilixencia facendo constar nas actuacións a natureza e as características dos elaborados de tabaco postos á disposición do Comisionado.»

Quince. Introdúcese unha nova disposición adicional décima, que queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional décima. *Adaptación dos medios informáticos dos expendedores.*

Os expendedores que dispoñan de medios informáticos deberán adecualos, no prazo de tres meses a partir do 1 de xaneiro de 2014, ao previsto no número dez do artigo 5 desta lei no sentido de crear un arquivo específico coa información a que se refire este punto á disposición inmediata e permanente do Comisionado e dos seus axentes.»

Dezaseis. O penúltimo parágrafo da disposición transitoria quinta queda redactado da forma seguinte:

«Non poderán solicitar a transmisión nin participar en poxas aqueles titulares de expendedorías que fosen sancionados por unha infracción moi grave nos últimos cinco anos, ou dúas graves nos últimos tres anos, sempre que sexan firmes en vía administrativa. Así mesmo, tampouco poderán solicitar a transmisión aqueles titulares de expendedorías que estean incurso en procedementos sancionadores en materia de mercado de tabacos ata a súa resolución e arquivamento.»

Dezasete. O punto 1.b) do anexo da lei queda redactado da forma seguinte:

«b) A comprobación do cumprimento das condicións requiridas para a obtención da autorización de cada punto de venda con recarga de elaborados de tabaco a que se refire o artigo 4, cinco, da lei, así como a revisión das ditas condicións nas sucesivas renovacións da autorización.»

Dezaoito. O punto 4 do anexo da lei quedará redactado da maneira seguinte:

«As taxas devindicaranse, segundo os casos, no momento de depositar as instancias para a poxa de concesión de expendedorías, de presentarse a solicitude de autorización ou renovación da actividade de venda con recarga ou de ditarse o acto de homologación das instalacións.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.*

O Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, queda modificado como segue:

Un. A alínea c) do número 5 do artigo 50 queda redactada da maneira seguinte:

«c) Os valores e dereitos negociados no mercado alternativo bolsista e no mercado alternativo de renda fixa.»

Dous. O sexto parágrafo do número catro do artigo 53 queda redactado da maneira seguinte:

«O investimento en valores ou dereitos mobiliarios que non estean admitidos a negociación en mercados regulados no ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), xunto coas accións e participacións en institucións de investimento colectivo de investimento libre ou en institucións de investimento colectivo de institucións de investimento colectivo de investimento libre recollidas no número 5.a.2.º do artigo 50, as accións e participacións en sociedades e fondos de capital risco a que se refire o número 5.a.3.º do artigo 50 e o investimento en valores ou dereitos negociados no mercado alternativo bolsista, ou no mercado alternativo de renda fixa, non se poderán computar por un importe superior ao 10 por cento do total das provisións técnicas que se van cubrir. Cando se trate de entidades reaseguradoras, e unicamente para o investimento en valores ou dereitos mobiliarios que non estean admitidos a negociación en mercados regulados no ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), este límite será o 30 por cento.»

Tres. O oitavo parágrafo do número catro do artigo 53 queda redactado da maneira seguinte:

«O conxunto das accións e participacións nunha institución de investimento colectivo de investimento libre ou nunha institución de investimento colectivo de

institucións de investimento colectivo de investimento libre, a que se refire o número 5.a.2.º do artigo 50 deste regulamento, ou de accións e participacións nunha sociedade ou fondo de capital risco a que se refire o número 5.a.3.º do seu artigo 50, non se poderán computar por un importe superior ao 5 por cento do total das provisións técnicas que se van cubrir. O investimento en accións e participacións emitidas por unha soa das entidades de capital risco e en valores ou dereitos negociados no mercado alternativo bolsista ou no mercado alternativo de renda fixa, emitidos por unha mesma entidade, non poderá superar, conxuntamente, o 3 por cento das provisións técnicas que se van cubrir. O citado límite do 3 por cento será dun 6 por cento cando o investimento en accións e participacións emitidas polas entidades de capital risco e en valores e dereitos negociados no mercado alternativo bolsista ou no mercado alternativo de renda fixa estean emitidos ou avalados por entidades pertencentes a un mesmo grupo.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

Modifícase o número 8 da disposición adicional quinta, que queda redactado da maneira seguinte:

«8. As sociedades en constitución e os empresarios individuais que presenten o documento único electrónico para realizar telematicamente os seus trámites de constitución e inicio de actividade, de acordo co previsto na Lei 14/2013, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, quedarán exoneradas da obriga de presentar a declaración censual de alta, pero quedarán obrigadas á presentación posterior das declaracións de modificación ou de baixa que correspondan na medida en que varíe ou se deba ampliar a información e circunstancias contidas no dito documento único electrónico en caso de que o emprendedor non realice estes trámites a través do dito documento.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.*

O Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase a alínea d) do número 9 do artigo 70, que queda redactada como segue:

«d) Os valores e dereitos negociados no mercado alternativo bolsista e no mercado alternativo de renda fixa.»

Dous. A alínea b) do artigo 72 queda redactada da maneira seguinte:

«b) O investimento en valores ou instrumentos financeiros emitidos por unha mesma entidade, máis os créditos outorgados a ela ou avalados ou garantidos por esta, non poderá exceder o 5 por cento do activo do fondo de pensións.

Non obstante, o límite anterior será do 10 por cento por cada entidade emisora, prestameira ou garante, sempre que o fondo non invista máis do 40 por cento do activo en entidades nas cales se supere o 5 por cento do activo do fondo.

O fondo poderá investir en varias empresas dun mesmo grupo e o investimento total non poderá superar no grupo o 10 por cento do activo do fondo.

Ningún fondo de pensións poderá ter investido máis do 2 por cento do seu activo en valores ou instrumentos financeiros non admitidos a cotización en mercados regulados ou en valores ou instrumentos financeiros que, estando admitidos a negociación en mercados regulados, non sexan susceptibles de tráfico xeneralizado e impersoal, cando estean emitidos ou avalados por unha mesma entidade. O límite anterior será dun 4 por cento para os citados valores ou

instrumentos financeiros cando estean emitidos ou avalados por entidades pertencentes a un mesmo grupo.

Non obstante o anterior, o investimento en valores ou dereitos emitidos por unha mesma entidade negociados no mercado alternativo bolsista ou no mercado alternativo de renda fixa, así como o investimento en accións e participacións emitidas por unha soa entidade de capital risco, poderá alcanzar o 3 por cento do activo do fondo de pensións.

O límite anterior do 3 por cento será dun 6 por cento para os citados valores ou outros instrumentos financeiros cando estean emitidos por entidades pertencentes a un mesmo grupo.

Non estarán sometidos aos límites previstos nesta alínea b) os depósitos en entidades de crédito, sen prexuízo da aplicación do límite conxunto a que se refire a alínea f) deste artigo.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.*

Modifícase o número 5 do artigo 10 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, que queda redactado da maneira seguinte:

«5. Para efectos da satisfacción e cobramento das débedas de natureza tributaria e calquera tipo de débeda que sexa obxecto da xestión recadatoria no ámbito do sistema da Seguridade Social, embargado administrativamente un ben inmovible, se o traballador autónomo acredita fidedignamente que se trata dunha vivenda que constitúe a súa residencia habitual, a execución do embargamento quedará condicionada, en primeiro lugar, a que non resulten coñecidos outros bens do debedor suficientes susceptibles de realización inmediata no procedemento executivo e, en segundo lugar, a que entre a notificación da primeira dilixencia de embargamento e a realización material da poxa, o concurso ou calquera outro medio administrativo de alleamento medie o prazo mínimo de dous anos. Este prazo non se interromperá nin se suspenderá, en ningún caso, nos supostos de ampliacións do embargamento orixinario ou nos casos de prórroga das anotacións rexistradas.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.*

Modifícase a disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, que queda redactada da maneira seguinte:

«Disposición adicional terceira. *Documento único electrónico (DUE).*

1. O documento único electrónico (DUE) é aquel en que se inclúen todos os datos referentes que, de acordo coa lexislación aplicable, se deben remitir aos rexistros xurídicos e ás administracións públicas competentes para:

- a) A constitución de sociedades de responsabilidade limitada.
- b) A inscrición no Rexistro Mercantil dos emprendedores de responsabilidade limitada.
- c) O cumprimento das obrigas en materia tributaria e de seguridade social asociadas ao inicio da actividade de empresarios individuais e sociedades mercantís.
- d) A realización de calquera outro trámite ante autoridades estatais, autonómicas e locais asociadas ao inicio ou exercicio da actividade, incluídos o outorgamento de calquera autorizacións a presentación de comunicacións e declaracións responsables e os trámites asociados ao cesamento da actividade.

Exclúense do disposto no parágrafo anterior as obrigas fiscais e da Seguridade Social durante o exercicio da actividade, así como os trámites asociados aos procedementos de contratación pública e de solicitude de subvencións e axudas.

2. As remisións e recepcións do DUE limitaranse a aqueles datos que sexan necesarios para a realización dos trámites competencia do organismo correspondente.

Regulamentariamente ou, se é o caso, mediante a celebración dos oportunos convenios entre as administracións públicas competentes, estableceranse as especificacións e condicións para o emprego do DUE para a constitución de calquera forma societaria, con pleno respecto ao disposto na normativa substantiva e de publicidade que regula estas formas societarias e tendo en conta a normativa a que se fai mención no número 6 da disposición adicional cuarta.

3. A remisión do DUE farase mediante o emprego de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas de acordo co disposto polas normas aplicables ao emprego de tales técnicas, tendo en conta o previsto nas lexislacións específicas.

4. Os socios fundadores da sociedade de responsabilidade limitada poderán manifestar ao notario, previamente ao outorgamento da escritura de constitución, o seu interese en realizar por si mesmos os trámites e a comunicación dos datos incluídos no DUE ou designar un representante para que o leve a cabo, caso en que non será de aplicación o establecido na presente disposición adicional no relativo á constitución da sociedade.

5. O DUE será aprobado polo Consello de Ministros por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo do informe dos demais ministerios competentes por razón da materia, e estará dispoñible en todas as linguas oficiais do Estado español.

6. Os puntos de atención ao emprendedor serán oficinas pertencentes a organismos públicos e privados, así como puntos virtuais de información e tramitación telemática de solicitudes.

Os puntos de atención ao emprendedor encargaranse de facilitar a creación de novas empresas, o inicio efectivo da súa actividade e o seu desenvolvemento, a través da prestación de servizos de información, tramitación de documentación, asesoramento, formación e apoio ao financiamento empresarial, segundo se estableza nos oportunos convenios, e neles deberase iniciar a tramitación do DUE.

7. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, oído o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, poderá celebrar convenios de establecemento de puntos de atención ao emprendedor con outras administracións públicas e entidades privadas.

8. As administracións públicas establecerán para o efecto procedementos electrónicos para realizar os intercambios de información necesarios.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.*

A Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, queda modificada nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«1. As disposicións contidas no título I desta lei aplicaranse ás actividades comerciais retallistas e á prestación de determinados servizos previstos no anexo desta lei, realizados a través de establecementos permanentes, situados en calquera parte do territorio nacional, e cuxa superficie útil de exposición e venda ao público non sexa superior a 500 metros cadrados.»

Dous. Modificación do anexo.



Engádense as seguintes actividades ao anexo da Lei 12/2012, do 26 de decembro, identificadas coas claves e nos termos establecidos polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas:

Agrupación 43. *Industria téxtil.*

Grupo 435. Fabricación de xéneros de punto.

Epígrafe 435.2. Fabricación de calcetaría. [Esta epígrafe comprende a fabricación de medias (excepto ortopédicas), calcetíns e pezas similares de todas clases, para muller, home e nenos].

Grupo 439. Outras industrias téxtiles.

Epígrafe 439.2. Fabricación de feltros, tules, encaixes, pasamanaría, etc. (Esta epígrafe comprende a fabricación de feltro con gancho ou a presión, tecidos feltrados; tules, encaixes, bordados mecánicos e artigos similares; fabricación de teas non tecidas; tubos, feltros, cintos e cinchas de materias téxtiles; cintas, lazos, trenzas e pasamanaría, etc.).

Agrupación 44. Industria do coiro.

Grupo 442. Fabricación de artigos de coiro e similares.

Epígrafe 442.9. Fabricación doutros artigos de coiro n.c.o.p. [Esta epígrafe comprende a fabricación de artigos de coiro non especificados noutras epígrafes, tales como artigos de coiro para usos industriais (correas, tacos, tiratacos, etc.); artigos de gornizaría (correaxes, albardóns, selas, látegos e fustas, etc.); artigos de botaría (botas e coirame), talabartaría, equipamento militar, artigos de deporte, etc.; así como a fabricación de artigos a base de sucedáneos de coiro e repuxado].

Agrupación 47. Industria do papel e fabricación de artigos de papel; artes gráficas e edición.

Grupo 474. Artes gráficas (impresión gráfica).

Epígrafe 474.3. Reprodución de textos ou imaxes por procedementos tales como multicopistas, fotocopias por procedementos fotográficos e electroestáticos, sistemas de reprodución de planos, etc.

Agrupación 49. Outras industrias manufactureiras.

Grupo 491. Xoiaría e bixutería.

Epígrafe 491.1. Xoiaría. [Esta epígrafe comprende o traballo de pedras preciosas, semipreciosas e perlas (corte, talla, pulido, etc.); cuñaxe de moedas; fabricación de xoias, orfebraría, cubertaría, medallas e condecoracións de metais preciosos, prata de lei ou metais comúns chapados, así como a fabricación de pezas e accesorios de xoiaría].

Epígrafe 491.2. Bixutería. [(Esta epígrafe comprende a fabricación de artigos de bixutería, emblemas, distintivos, escarapelas e similares e pequenos obxectos de decoración (flores e froitos artificiais, plumas e penachos, etc.)].

Grupo 495. Industrias manufactureiras diversas.

Epígrafe 495.9. Fabricación doutros artigos n.c.o.p. (Esta epígrafe comprende a fabricación de obxectos, tales como artigos relixiosos; artigos de marfil, ámbar, óso, corno, nácara, coral, etc.; artigos en cera, parafina, pastas de modelar e similares; artigos para fumador; pantallas para lámpadas; estatuas, figurinos, manequíns, etc.; artigos de luxo para adorno. Desta epígrafe quedarán excluídos da aplicación do disposto nesta lei

os obradoiros de taxidermia, naturalistas, de disecar, preparacions anatómicas e outras industrias manufactureiras diversas non especificadas anteriormente).

Agrupación 61. Comercio por xunto.

Grupo 615. Comercio por xunto de artigos de consumo duradeiro.

Epígrafe 615.6. Galerías de arte.

Agrupación 64. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios, bebidas e tabacos, realizado en establecementos permanentes.

Grupo 646. Comercio polo miúdo de elaborados de tabaco e de artigos de fumador.

Epígrafe 646.8. Comercio polo miúdo de artigos para fumadores. [Esta epígrafe autoriza para realizar o comercio ao retallo, en pequenas proporcións, de material de escribir, como carpetas, sobres e pregos soltos, plumas, lapis, bolígrafos, gomas, lacres, frascos de tinta, cadernos, naipes, estampas e postais, sempre que os artigos mencionados non conteñan metais preciosos. (Non inclúe tabaco)].

Grupo 647. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e bebidas en xeral.

Epígrafe 647.4. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas sexa igual ou superior a 400 metros cadrados.

Agrupación 66. Comercio mixto ou integrado; comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente (ambulancia, feiras e mercados ocasionais ou periódicos); comercio en réxime de expositores en depósito e mediante aparellos automáticos; comercio polo miúdo por correo e catálogo de produtos diversos.

Nota á agrupación 66: non queda abranguida a venda ambulante, na medida en que necesariamente require de autorización por supor ocupación do dominio público.

Grupo 662. Comercio mixto ou integrado polo miúdo.

Epígrafe 662.1. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos en economatos e cooperativas de consumo.

Epígrafe 662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos, incluíndo alimentación e bebidas, en establecementos distintos dos especificados no grupo 661 e na epígrafe 662.1.

Nota ao grupo 662: non está comprendida neste grupo a venda de tabaco, que ten o seu réxime de autorización propio.

Grupo 665. Comercio polo miúdo por correo ou por catálogo de produtos diversos.

Agrupación 69. Reparacións.

Grupo 691. Reparación de artigos eléctricos para o fogar, vehículos automóbiles e outros bens de consumo.

Epígrafe 691.9. Reparación doutros bens de consumo n.c.o.p. NOTA: Esta epígrafe comprende a reparación de bens de consumo non especificados nas epígrafes anteriores deste grupo, tales como reparación de calzado e artigos de coiro e similares, así como a venda en pequenas cantidades, con aplicación ao calzado de betumes, cremas, trenzas, soletas, calzadores e efectos análogos, solas e tacóns de goma, reparación de reloxos, restauración de obras de arte e antigüidades, reparación e conservación de máquinas de escribir, máquinas de coser e facer punto, aparellos fotográficos e ópticos, instrumentos

de música, xoguetes, coitelos, tesoiras, paraugas, plumas estilográficas, mobles, etc. Así mesmo, esta epígrafe faculta para o duplicado de chaves.

Agrupación 84. Servizos prestados ás empresas.

Grupo 841. Servizos xurídicos.

Grupo 842. Servizos financeiros e contables.

Grupo 843. Servizos técnicos (enxeñaría, arquitectura e urbanismo...).

Epígrafe 843.1. Servizos técnicos de enxeñaría.

Epígrafe 843.2. Servizos técnicos de arquitectura e urbanismo.

Epígrafe 843.5. Servizos técnicos de delineación.

Grupo 844. Servizos de publicidade, relacións públicas e similares.

Grupo 849. Outros servizos prestados ás empresas n.c.o.p.

Epígrafe 849.1. Cobramentos de débedas e confección de facturas.

Epígrafe 849.2. Servizos mecanográficos, taquigráficos, de reprodución de escritos, planos e documentos.

Epígrafe 849.3. Servizos de tradución e similares.

Epígrafe 849.7. Servizos de xestión administrativa.

Agrupación 85. Alugamento de bens mobles.

Grupo 854. Alugamento de automóviles sen condutor.

Epígrafe 854.1. Alugamento de automóviles sen condutor.

Epígrafe 854.2. Alugamento de automóviles sen condutor en réxime de *renting*.

Grupo 855. Alugamento doutros medios de transporte sen condutor.

Epígrafe 855.3. Alugamento de bicicletas.

Grupo 856. Alugamento de bens de consumo.

Epígrafe 856.1. Alugamento de bens de consumo.

Epígrafe 856.2. Alugamento de películas de vídeo.

Agrupación 93. Educación e investigación.

Grupo 932. Ensino non regrado de formación e perfeccionamento profesional e educación superior.

Epígrafe 932.1. Ensino de formación e perfeccionamento profesional non superior.

Epígrafe 932.2. Ensino de formación e perfeccionamento profesional superior.

Grupo 933. Outras actividades de ensino.

Epígrafe 933.1. Ensino de condución de vehículos terrestres, acuáticos, aeronáuticos, etc.

Epígrafe 933.2. Promoción de cursos e estudos no estranxeiro.

Epígrafe 933.9. Outras actividades de ensino, tales como idiomas, corte e confección, mecanografía, taquigrafía, preparación de exames e oposicións e similares, n.c.o.p.

Agrupación 96. Servizos recreativos e culturais.

Grupo 962. Distribución de películas cinematográficas e vídeos.

Epígrafe 962.1. Distribución e venda de películas cinematográficas, excepto películas en soporte de cinta magnetoscópica. NOTA: Esta epígrafe faculta para o alugamento das películas.

Grupo 966. Bibliotecas, arquivos, museos, xardíns botánicos e zoolóxicos.

Epígrafe 966.1. Bibliotecas e museos.

Agrupación 97. Servizos persoais.

Grupo 974. Axencias de prestación de servizos domésticos.

Grupo 979. Outros servizos persoais n.c.o.p.

Epígrafe 979.1. Servizos de pompas fúnebres.

Epígrafe 979.2. Adorno de templos e outros locais.

Epígrafe 979.3. Axencias matrimoniais e outros servizos de relacións sociais.

Epígrafe 979.9. Outros servizos persoais n.c.o.p.

Agrupación 98. Parques de recreo, feiras e outros servizos relacionados co espectáculo. Organización de congresos, parques ou recintos feirais.

Grupo 989. Outras actividades relacionadas co espectáculo e o turismo. Organización de congresos, parques ou recintos feirais.

Epígrafe 989.1. Expedición de billetes de espectáculos públicos.

Agrupación 99. Servizos non clasificados noutras rúbricas.

Grupo 999. Outros servizos n.c.o.p.

Locutorios.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*

Modifícase o artigo 7 da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, que queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 7. *Incentivos para entidades de nova creación.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2013, introdúcese unha nova disposición adicional décimo novena no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da maneira seguinte:

«Disposición adicional décimo novena. *Entidades de nova creación.*

1. As entidades de nova creación, constituídas a partir do 1 de xaneiro de 2013, que realicen actividades económicas tributarán no primeiro período impositivo en que a base imponible resulte positiva e no seguinte, de acordo coa seguinte escala, excepto se, de acordo co previsto no artigo 28 desta lei, deben tributar a un tipo inferior:

- a) Pola parte de base imponible comprendida entre 0 e 300.000 euros, ao tipo do 15 por cento.
- b) Pola parte de base imponible restante, ao tipo do 20 por cento.

Cando o período impositivo teña duración inferior ao ano, a parte de base imponible que tributarán ao tipo do 15 por cento será a resultante de aplicar a 300.000 euros a proporción en que se encontren o número de días do período

impositivo entre 365 días, ou a base impoñible do período impositivo cando esta sexa inferior.... (resto igual)...»

Disposición derradeira novena. *Título competencial.*

Esta lei dítase, con carácter xeral, ao abeiro do artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre «lexislación mercantil», coa excepción dos títulos, capítulos ou artigos, ou parte deles que se relacionan a seguir:

O capítulo I do título I e a disposición adicional décima dítanse ao abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia para establecer «as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia».

O artigo 19 e a disposición adicional décimo terceira dítanse ao abeiro do artigo 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución sobre «ordenación dos rexistros e instrumentos públicos».

Os artigos 13, 17 e 22 e a disposición adicional segunda dítanse ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre «procedemento administrativo común».

Os artigos 28, 29, 30 e a disposición adicional décimo sexta dítanse ao abeiro do artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, sobre «régime económico da seguridade social».

O artigo 34, as disposicións adicionais décimo cuarta e décimo quinta e as disposicións derradeiras primeira, segunda e cuarta dítanse ao abeiro dos números 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución sobre «ordenación do crédito, banca e seguros» e «bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica», respectivamente.

Os artigos 36, 37, o capítulo I da sección 1.<sup>a</sup> do título V e a disposición derradeira oitava dítanse ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución sobre «bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica».

O artigo 38 incardínase no artigo 149.1.31.<sup>a</sup> da Constitución sobre «estatística para fins estatais».

O artigo 45 dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución sobre «lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas».

A sección 2.<sup>a</sup> do título V e as disposicións adicionais cuarta, quinta, sexta e sétima dítanse ao abeiro do artigo 149.1.2.<sup>a</sup> da Constitución, en materia de nacionalidade, inmigración, estranxeiría e dereito de asilo.

Os artigos que constitúan modificación de normas vixentes consideraranse ditados ao abeiro do título competencial que figure nas normas obxecto de modificación.

Disposición derradeira décima. *Habilitación normativa.*

1. Habilítase o Goberno para ditar as disposicións necesarias en desenvolvemento desta lei.

2. Por orde do Ministerio de Xustiza regularase a escritura de constitución cun formato estandarizado e con campos codificados.

Os campos codificados permitirán cubrir os datos mínimos indispensables para a inscrición da sociedade no Rexistro Mercantil. O obxecto social identificarase mediante a selección dalgún ou dalgúns dos dispoñibles na lista dos habilitados pola mencionada orde ministerial coa descrición correspondente da Clasificación nacional de actividades económicas. Igualmente se indicará se a sociedade se encontra en réxime de formación sucesiva.

3. No prazo de seis meses, contado desde a entrada en vigor desta norma, o Goberno aprobará un novo regulamento do Rexistro Mercantil e a modificación necesaria do Regulamento hipotecario.

4. Autorízanse os ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Economía e Competitividade, de Interior e de Emprego e Seguridade Social a ditar as ordes e resolucións conxuntas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto na sección 2.<sup>a</sup> do título V.

Disposición derradeira décimo primeira. *Seguimento e avaliación.*

Anualmente o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por proposta conxunta cos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Interior e de Economía e Competitividade, presentará un informe no Consello de Ministros sobre a aplicación da sección 2.<sup>a</sup> do título V desta lei.

De acordo coa dita avaliación, o Consello de Ministros poderá aprobar instrucións polas que se estableza o procedemento de entrada e permanencia por motivos económicos de interese nacional en supostos non previstos especificamente nesta lei.

Disposición derradeira décimo segunda. *Modificación de disposicións regulamentarias.*

As modificacións que, a partir da entrada en vigor desta lei, se poidan realizar respecto ás normas regulamentarias que son obxecto de modificación por esta lei, poderanse efectuar por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira décimo terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante:

- a) O capítulo V do título I entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».
- b) A redacción dada aos preceptos da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que contén o artigo 23, producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2014.
- c) A redacción dada ao artigo 37 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que contén o artigo 25, producirá efectos para os beneficios que se xeren en períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2013.
- d) A redacción dada aos números 2 e 3 do artigo 44 e o artigo 41, ambos do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que conteñen, respectivamente, os números un e tres do artigo 26, producirán efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2013.
- e) A redacción dada ao artigo 23 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que contén o artigo 26.dous, producirá efectos para as cesións de activos intanxibles que se realicen a partir da entrada en vigor desta lei.
- f) A redacción dada ao número 2 do artigo 68 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, mediante o número cinco do artigo 27, producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2013.
- g) O previsto no artigo 35, relativo ao importe exixido para a cifra mínima do capital social desembolsado das sociedades de garantía recíproca, entrará en vigor aos 9 meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de setembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY